



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión ordinaria do 30 de xuño de 2022 (1242/1102)**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D. Carlos López Font  
D. Abel Losada Álvarez  
D. Jaime Aneiros Pereira  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día trinta de xuño de dous mil vinte e dous e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(520).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbanse as actas da sesións ordinaria e extraordinaria e urxente do 23 de xuño de 2022. Deberán incorporarse ao libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-Presidente.

**2(521).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DOA SAÚDE MENTAL PARA O DESENVOLVEMENTO DO SEU PROGRAMA DE OBRADOIROS PARA PERSOAS CON PROBLEMAS DE SAÚDE MENTAL SEN RECURSO ALTERNATIVO- ANO 2022-2025. EXPTE. 233562/301.**

Visto o informe xurídico do 13/06/2022 e o informe de fiscalización do 23/06/2022, dáse conta do informe-proposta de data 11/06/2022, asinado pola xefa do Servizo de Benestar Social, polo xefe de Área de Benestar Social, pola concelleira delegada de Política de Benestar Social e polo concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.1. A “Asociación DOA Saúde Mental” (antes: “*Asociación de axuda ó enfermo mental DOA*”) é unha entidade sen ánimo de lucro que leva traballando desde 1987 no tratamento e mellora da calidade de vida das persoas con problemas de saúde mental e as súas familias. Ten como obxectivos, entre outros, promover aquelas intervencións na área de saúde mental non cubertas polas institucións existentes, procurando unha mellor relación entre o enfermo mental e o seu medio familiar, social e laboral.

A súa finalidade é a de acadar a normalización social en saúde mental, o axuste persoal, laboral e familiar das persoas que padecen estas doenzas e dar á sociedade un mellor coñecemento sobre a saúde mental a través do desenvolvemento das súas actividades no sur da provincia de Pontevedra e, sobre todo, na cidade de Vigo e na Península do Morrazo.

Para o cumprimento deses obxectivos e finalidade, DOA ven desenvolvendo desde hai anos diferentes servizos e actividades de apoio e rehabilitación psicosocial, laboral e familiar, programas de pisos tutelados, servizos de información, orientación e asesoramento, sensibilización social, formación, centros de rehabilitación psicosocial, etc.

I.2. Constitúe o obxecto do Convenio de colaboración que agora se pretende concluír a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos Orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da “Asociación DOA Saúde Mental” para o desenvolvemento dun programa de obradoiros para persoas con problemas de saúde mental sen recurso alternativo, no periodo 2022-2025.

I.3. O Concello de Vigo, segundo a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Entre as súas competencias está a prestación dos servizos de avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata ás persoas en situación ou risco de exclusión social, sendo esta última competencia de obrigado exercicio para os concellos de máis de 20.000 habitantes (Arts. 25.1, 25.2.e], 25.2.j] e 26.1.c] da LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro – LRSAL).

I.4. A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residenciase na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que “*non se entenderá como*



## Concello de Vigo

*exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: *«continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»*; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela»* (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

I.5. A concesión desta subvención (nominativa) abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais como na Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela»* e que *«non se entenderá como exercicio de novas competencias»*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

I.6. Canto á vixencia deste Convenio, propónse que esta sexa de catro (4) anos (2022, 2023, 2024 e 2025), de acordo co previsto no Art. 49.h] da LRXSP e, especificamente, no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a *«garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio»*.

I.7. Para estes efectos, no orzamento da Concellería de Política de Benestar Social do ano 2022 existe consignación de crédito, na aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.04 – *“Convenio Asociación axuda enfermos psíquicos DOA”*, por un importe de 10.000€. O seu réxime é o de concesión directa a teor dos artigos 22.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. As subvencións previstas para os exercicios de 2023, 2024 e 2025 (10.000€/ano) estarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos de ses anos.

I.8. A concesión desta subvención nominativa artéllase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinala a Base 40 das de Execución do Orzamento; competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Polo exposto, xustifícase a necesidade e conveniencia de aprobar o Convenio de colaboración coa Asociación DOA (exercicios de 2022, 2023, 2024 e 2025).

## II. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede, o Informe/Memoria xustificativa da Xefa do Servizo, a orde de inicio do expediente da Concelleira delegada da Área de Política de Benestar Social e a proposta de convenio de colaboración elaborada, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

### «ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar o «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN DOA SAÚDE MENTAL” PARA O DESENVOLVEMENTO DO SEU PROGRAMA DE OBRADOIROS PARA PERSOAS CON PROBLEMAS DE SAÚDE MENTAL SEN RECURSO ALTERNATIVO – ANOS 2022-2025» (Exp. n.º 233562/301).

SEGUNDO.- Aprobar o gasto que representa, por un importe total de 40.000€, a razón de 10.000€/ano, en concepto de subvención directa á “Asociación DOA Saúde Mental” (CIF Nº G-36044295), con cargo, no exercicio de 2022, á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.04 – “*Convenio Asociación axuda enfermos psíquicos DOA*”. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2023, 2024 e 2025) estarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “*convocatoria instrumental*” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

### **ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**«CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN DOA SAÚDE MENTAL” PARA O DESENVOLVEMENTO DO SEU PROGRAMA DE OBRADOIROS PARA PERSOAS CON PROBLEMAS DE SAÚDE MENTAL SEN RECURSO ALTERNATIVO – ANOS 2022-2025».**

En Vigo, na Casa do Concello, o [data da sinatura electrónica]

COMPARECEN

Dunha parte,



## Concello de Vigo

A Concelleira – Delegada da Área de Política de Benestar Social do Concello de Vigo, D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro, asistida pola Secretaria de Administración Municipal, D<sup>a</sup>. Susana Gallardo Fariña.

Doutra parte,

D. Leopoldo Robla Álvarez, con DNI nº 07939610-X, Presidente da “Asociación DOA Saúde Mental”, CIF nº G-36044295, con enderezo para os efectos de notificación na rúa Romil nº 84 de Vigo.

### INTERVEÑEN

D<sup>a</sup>. Yolanda Aguiar Castro, na súa condición de Concelleira – Delegada da Área de Política de Benestar Social do Concello de Vigo, de acordo cos Decretos do Alcalde – Presidente do 18.06.2019, de estruturación dos servizos corporativos municipais e delegación de competencias xerais e do 26.06.2019, de delegación de competencias específicas nos/as concelleiros/as delegados/as de Área (Apdo. Terceiro, Pto. 5).

D. Leopoldo Robla Álvarez, actuando en representación da “Asociación DOA Saúde Mental”, segundo así resulta dos seus estatutos e do acordo adoptado na reunión da súa Asemblea Xeral do 27.10.2021, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D<sup>a</sup>. Susana Gallardo Fariña, Secretaria de Administración Local, ós meros efectos de asistencia á Sra. Concelleira delegada e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

Os/As comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

### EXPOÑEN

I.- Que a “Asociación DOA Saúde Mental” (antes: “*Asociación de axuda ó enfermo mental DOA*”) é unha entidade sen ánimo de lucro que leva traballando desde 1987 no tratamento e mellora da calidade de vida das persoas con problemas de saúde mental e as súas familias. Ten como obxectivos, entre outros, promover aquelas intervencións na área de saúde mental non cubertas polas institucións existentes, procurando unha mellor relación entre o enfermo mental e o seu medio familiar, social e laboral.

A súa finalidade é a de acadar a normalización social en saúde mental, o axuste persoal, laboral e familiar das persoas que padecen estas doenzas e dar á sociedade un mellor coñecemento sobre a saúde mental a través do desenvolvemento das súas actividades no sur da provincia de Pontevedra e, sobre todo, na cidade de Vigo e na Península do Morrazo.

Para o cumprimento deses obxectivos e finalidade, DOA ven desenvolvendo desde hai anos diferentes servizos e actividades de apoio e rehabilitación psicosocial, laboral e familiar, programas de pisos tutelados, servizos de información, orientación e asesoramento, sensibilización social, formación, centros de rehabilitación psicosocial, etc.

Figura inscrita no Rexistro de Asociacións da provincia de Pontevedra co nº 1987/001524-1 (PO) e foi declarada de Utilidade Pública por Orde do Ministerio do Interior do 22.03.2001. Figura tamén inscrita no Rexistro municipal de Asociacións co nº 00054-88 e no RUEPSS (E-0095).

II.- Que, dentro das referidas actividades estatutarias, DOA leva a cabo diversos programas, como o que é obxecto deste convenio, que ten como obxectivo xeral o fomento da autonomía persoal das persoas con problemas de saúde mental e a vinculación co servizo mediante obradoiros xerais de fomento das capacidades, obradoiros para potenciar o emprego de novas tecnoloxías e actividades de tempo de lecer encamiñadas ó coñecemento da cidade e do seu contorno na procura dunha interacción coa sociedade en xeral.

III.- Que a Concellería de Política de Benestar Social é coñecedora da existencia dun colectivo de persoas na cidade afectadas por enfermidades mentais que teñen a necesidade de acudir a este tipo de recursos para mellorar a súa calidade de vida e a das súas familias; recursos que constitúen un complemento dos servizos dos que dispón o Concello de Vigo.

IV.- Que de acordo co Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: *«avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a personas en situación ou risco de exclusión social»*; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de *«prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social»* residenciase na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que *“non se entenderá como exercicio de novas competencias”*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: *«continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»*; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela»* (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

V.- Que a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, atribúe competencias ós concellos nesta materia e prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante o outorgamento de



## Concello de Vigo

subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrència competitiva na xestión das subvencións, por razóns xustificadas de interese público poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrència pública.

Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

VI.- Que a subvención que se instrumenta mediante este Convenio de colaboración está prevista nominativamente para o ano 2022 nos orzamentos municipais, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o disposto nos Arts. 22.2 e 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 19.4 e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia, e, a mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión.

VII.- Que o presente Convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Exposto o que antecede, as partes intervintes conclúen este Convenio a fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, con suxeición ás seguintes,

### ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos Orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da “Asociación DOA Saúde Mental” para o desenvolvemento do seu programa de obradoiros para persoas con problemas de saúde mental sen recurso alternativo, para o periodo 2022-2025.

SEGUNDA.- Para estes efectos, DOA comprométese a colaborar coa Concellería de Política de Benestar Social no desenvolvemento do mencionado programa de obradoiros, que se desenvolverá durante os anos 2022, 2023, 2024 e 2025 de acordo cos obxectivos, previsións e cronograma que figuran no Proxecto presentado pola Asociación e que consta no Exp. nº 233561/301.

TERCEIRA.- DOA comprométese tamén a:

–Que as actividades sexan impartidas por técnicos/as especialistas na materia. A Asociación poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a correcta execución do obradoiro, suxeitándose ás

condicións laborais vixentes, sen que isto supoña a existencia de relación laboral de ningunha clase desas persoas co Concello de Vigo.

–Someterse á lexislación vixente en materia sanitaria e de seguridade para as persoas usuarias do Programa, facéndose responsable dos eventuais danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.

–Cumprir, en xeral, coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

CUARTA.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á entidade DOA unha subvención para cada un dos exercicios de 2022, 2023, 2024 e 2025 por importe de 10.000€/ano; en total, polo periodo de vixencia do Convenio: 40.000€. O gasto de 2022 imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.04 – “*Convenio Asociación axuda enfermos psíquicos DOA*”. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2023, 2024 e 2025) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

Xustifícase expresamente o periodo de vixencia deste Convenio no disposto no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a «*garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio*».

QUINTA.- O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:

- No ano 2022, o 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. Nos anos 2023, 2024 e 2025, o 50% da cantidade anual, no primeiro trimestre do ano. Para tal efecto deberán achegar o proxecto para o exercicio en curso e a Memoria anual completa do exercicio anterior. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiara como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario convenir un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.
- O 50% restante, unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 1 de novembro de cada un dos catro exercicios, mediante facturas orixinais ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, acreditativos dos gastos e presentación de Memoria anual. Ó anterior unirase unha certificación do cumprimento do Convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do programa.

Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente previamente unha declaración responsable de non está incurso en ningunha das prohibicións e/ou cir-





## Concello de Vigo

cunstanCIAS indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

SEXTA.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen durante a vixencia do Convenio (2022-2025).

SÉTIMA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos. En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo.

OITAVA.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

NOVENA.- O Convenio perfeccionarase pola prestación do consentimento das partes, entrará en vigor no momento da súa sinatura e estará vixente ata a completa execución do proxecto ó que se refire. Para os efectos do establecido na L.40/2015 (Art. 49.h) e Disp. Adic. Oitava), o seu prazo de vixencia será de catro (4) anos (2022 – 2025), condicionado ó cumprimento dos obxectivos e á existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente en cada un dos exercicios.

DÉCIMA.- Calquera alteración do contido deste Convenio precisará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e se instrumentará mediante a correspondente *Addenda*.

DÉCIMO PRIMEIRA.- O Convenio extinguirase, ordinariamente, polo cumprimento total das actuacións que constitúen o seu obxecto ou ben por acordo unánime das partes, por decisión xudicial declaratoria da súa nulidade ou por incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cadaquén. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. De se incumprir tal requirimento procederá a resolución do Convenio e, de ser o caso, a esixencia da indemnización que proceda polos danos e perdas ocasionados. En todo caso, tocante ós efectos da resolución do Convenio estarase ó disposto na súa normativa reguladora (Art. 52 LRXSP e ccdtes.).

DÉCIMO SEGUNDA.- Como mecanismo de coordinación e solución de posibles controversias na súa aplicación, constituirase unha Comisión mixta de Seguimento do Convenio que estará composta por dous/dúas representantes de DOA e dous/dúas representantes municipais e presidida polo/a Concelleiro/a da Área.

DÉCIMO TERCEIRA.- A beneficiaria comprométese a presentar antes do día 01 de novembro de cada un dos catro exercicios (2022, 2023, 2024 e 2025) a documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da L.38/2003 e 28 da L.9/2007, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do RD.887/2006, que conterá memoria de actuación xustificativa e memoria económica xustificativa.

Para tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá achegarse necesariamente a través da sé electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

-Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas.

-Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1. Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe e data de emisión.
2. Nominas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contratos de traballo e documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social (RNT e RLC).
3. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
4. Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:
  - Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
  - Que foron abonadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.
  - Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
  - Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do IRPF e suxeitos a retención, que foi practicada a mesma, declarada, liquidada e ingresada na AEAT.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total é o que se reflicte na memoria de rendición (Base 38.5 execución orzamentos).



## Concello de Vigo

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

Será esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, reflectíndose nunha Táboa todos os gastos acreditados mediante as mesmas.

Se a beneficiaria da axuda solicitase a devolución dos xustificantes orixinais que se tiveron en conta para facer a fiscalización e o pagamento, se estes fosen facturas en papel, o servizo xestor das axudas procederá á súa devolución, obtendo os orixinais do expediente electrónico, que serán substituídas con copias validadas que serán enviadas polo servizo xestor do gasto, procedendo ó “*estampillado*” de todas as facturas orixinais retiradas, na que se fará constar, que a devandita factura foi tida en conta na conta xustificativa da subvención outorgada polo servizo, que quedará reflectida no corpo da factura. En ningún caso serán retirados os orixinais sen achegar copias compulsadas que substituirán aos orixinais.

No caso de xustificación con facturas electrónicas, no documento asociado á factura electrónica, farase constar esta circunstancia. De non ser posible esta acreditación, a xefatura do servizo, ante a solicitude do beneficiario, emitirá un informe no que se acreditará os números de facturas que se tiveron en conta para xustificar a subvención ante o Concello (Base 38.4.B] execución orzamentos).

DÉCIMO CUARTA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO QUINTA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Política de Benestar Social. O/a responsable técnico/a do Programa emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMO SEXTA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política de Benestar Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO SÉTIMA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007. Cando o incumprimento se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO OITAVA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da

L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos preceptos da LRXSP (L.40/2015) e da LPACAP (L.39/2015) relativos ó exercicio da potestade sancionadora.

DÉCIMO NOVENA.- Para o caso de que a entidade beneficiaria realice algún tipo de publicidade ou difusión das actividades do Programa, deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal, previa conformidade da Concellería de Política de Benestar Social.

VIXÉSIMA.- En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos da entidade beneficiaria e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social. A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto deste Convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan á entidade beneficiaria e no exercicio lexitimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org)

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerese pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local, a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006, polos pactos que se conteñen neste Convenio, as Bases de execución dos vixentes Orzamentos municipais, o Plan Estratéxico de Subvencións (PES) e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Administración Municipal, dou fe.

POLO CONCELLO DE VIGO  
A CONCELEIRA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL,  
Asdo.: Yolanda Aguiar Castro

Perante mín,



**Concello de Vigo**

A SECRETARIA DE ADMÓN. MUNICIPAL,  
Asdo.: Susana Gallardo Fariña

POLA “ASOCIACIÓN DOA SAÚDE MENTAL”,  
Asdo.: Leopoldo Robla Álvarez

**3(523).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS DE GALICIA “AFAGA” PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE RESPIRO FAMILIAR A TRAVÉS DE SESIÓNS DE ESTIMULACIÓN COGNITIVA E FUNCIONAL PARA PERSOAS CON DEMENCIA NEURODEXENERATIVA (2022-2025). EXPTE. 234894/301.**

Visto o informe xurídico do 07/06/2022 e o informe de fiscalización do 21/06/2022, dáse conta do informe-proposta de data 07/06/2022, asinado pola xefa do Servizo de Benestar Social, polo xefe de Área de Benestar Social, pola concelleira delegada de Política de Benestar Social e polo concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.1. A “Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer e outras demencias de Galicia” (AFAGA) ten como finalidade promover actuacións e programas destinados a mellorar a situación das familias e unha mellor atención ós enfermos de Alzheimer e outras demencias.

I.2. A finalidade deste convenio é subvencionar un Programa de respiro familiar a través de obradoiros de estimulación cognitiva e funcional para persoas con demencia neurodexenerativa.

I.3. Os obradoiros teñen como obxectivos:

–Mellorar a calidade de vida das persoas enfermas de Alzheimer e do seu núcleo de convivencia.

–Proporcionar ó grupo de convivencia os instrumentos máis axeitados para afrontar as situacións derivadas da doenza.

–Prolongar, na medida do posible, a primeira fase da enfermidade, cando a persoa enferma aínda conserva certo grao de autonomía.

I.4. A concesión desta subvención (nominativa) abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais como na Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela*» e que «*non se entenderá como exercicio de novas competencias*», entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

I.5. Canto á vixencia deste Convenio, propónse que esta sexa de catro (4) anos (2022, 2023, 2024 e 2025), de acordo co previsto no Art. 49.h] da LRXSP e, especificamente, no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a «*garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio*».

I.6. Para estes efectos, no orzamento da Concellería de Política de Benestar Social do ano 2022 existe consignación de crédito, na aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.10 – “ASOCIAC. FAMILIARES D ENFERMOS ALZHEIMER, AFAGA”, por un importe de 20.000€. O seu réxime é o de concesión directa a teor dos artigos 22.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. As subvencións previstas para os exercicios de 2023, 2024 e 2025 (20.000€/ano) estarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos deses anos.

I.7. A concesión desta subvención nominativa artéllase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinalan as Bases 38 e 40 das de execución do Orzamento: competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción por desenvolver, órgano de colaboración e seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Polo exposto, xustifícase a necesidade e conveniencia de aprobar o Convenio de colaboración coa Asociación AFAGA (exercicios de 2022, 2023, 2024 e 2025).

## II. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede, o Informe/Memoria xustificativa da Xefa do Servizo, a orde de inicio do expediente da Concelleira delegada da Área de Política de Benestar Social e a proposta de convenio de colaboración elaborada, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

### «ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar o «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS DE GALICIA” (AFAGA) PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE RESPIRO FAMILIAR A TRAVÉS DE SESIÓN DE ESTIMULACIÓN COGNITIVA E FUNCIONAL PARA PERSONAS CON DEMENCIA NEURODEXENERATIVA (ANOS 2022 – 2025)» (Exp. n.º 234894/301).

SEGUNDO.- Aprobar o gasto que representa, por un importe total de 80.000€, a razón de 20.000€/ano, en concepto de subvención directa á “Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer e outras demencias de Galicia” (CIF G-36776920) con cargo, no exercicio de 2022, á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.10 – “ASOCIAC. FAMILIARES D ENFERMOS ALZHEIMER, AFAGA”. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2023, 2024 e 2025) estarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional



## Concello de Vigo

de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “convocatoria instrumental” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

### **ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

«CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS DE GALICIA” (AFAGA) PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE RESPIRO FAMILIAR A TRAVÉS DE SESIÓNS DE ESTIMULACIÓN COGNITIVA E FUNCIONAL PARA PERSONAS CON DEMENCIA NEURODEXENERATIVA (ANOS 2022 – 2025)».

En Vigo, na Casa do Concello, o [data da sinatura electrónica]

### COMPARECEN

Dunha parte,

A Concelleira – Delegada da Área de Política de Benestar Social do Concello de Vigo, D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro, asistida pola Secretaria de Administración Municipal, D<sup>a</sup>. Susana Gallardo Fariña.

Doutra parte,

D. Juan Carlos Rodríguez Bernárdez, con DNI nº 36.073.858-Z, Presidente da “Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer e outras demencias de Galicia” (AFAGA), CIF nº G-36776920, con enderezo para os efectos de notificación na Avda. Martínez Garrido nº 21, interior, de Vigo.

### INTERVEÑEN

D<sup>a</sup>. Yolanda Aguiar Castro, na súa condición de Concelleira – Delegada da Área de Política de Benestar Social do Concello de Vigo, de acordo cos Decretos do Alcalde – Presidente do 18.06.2019, de estruturación dos servizos corporativos municipais e delegación de competencias xerais e do 26.06.2019, de delegación de competencias específicas nos/as concelleiros/as delegados/as de Área (Apdo. Terceiro, Pto. 5).

D. Juan Carlos Rodríguez Bernárdez, actuando en representación de AFAGA, segundo así resulta dos seus estatutos e da documentación achegada ó Exp. nº 231605/301, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D<sup>a</sup>. Susana Gallardo Fariña, Secretaria de Administración Local, ós meros efectos de asistencia á Sra. Concelleira delegada e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

Os/As comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

## EXPOÑEN

I.- Que a “Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer e outras demencias de Galicia” (AFAGA) é unha asociación sen ánimo de lucro que ten como obxectivo principal prestar atención social específica ás familias e persoas que padecen estas enfermidades. Figura inscrita no RUEPSS co nº E-0411 e no Rexistro Municipal de Asociacións desde o ano 1994 co nº 00343-94.

II. De acordo cos seus estatutos, os fins básicos de AFAGA son, entre outros, a promoción de actuacións e programas destinados a mellorar a situación das familias e a atención ás persoas enfermas, defender os seus dereitos, reclamar das autoridades e organismos públicos a creación dunha infraestrutura de apoio e de centros específicos, desenvolver actividades de difusión e sensibilización social, etc.

III.- Que, dentro deses programas, conta cun “*Programa de respiro familiar a través de sesións de estimulación cognitiva e funcional para persoas con demencia neurodexenerativa*” que inclúe unha serie de obradoiros que teñen como obxectivos específicos manter as capacidades mentais e funcionais o máximo tempo posible, evitar a desconexión e fortalecer as relacións sociais, facilitar un descanso ós cuidadores e/ou familiares e mellorar o seu estado emocional.

IV.- Que a Concellería de Política de Benestar Social é coñecedora da existencia dun colectivo de persoas na cidade que teñen a necesidade de acudir a este tipo de recursos para mellorar a súa calidade de vida; recursos que constitúen un complemento dos servizos sociais dos que dispón o Concello de Vigo.

V.- Que de acordo co Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «*avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a personas en situación ou risco de exclusión social*»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residénciase na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).





## Concello de Vigo

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela*» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

VI.- Que a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, atribúe competencias ós concellos nesta materia e prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante o outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrencia competitiva na xestión das subvencións, por razóns xustificadas de interese público poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública.

Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

VII.- Que a subvención que se instrumenta mediante este Convenio de colaboración está prevista nominativamente nos orzamentos municipais, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o disposto nos Arts. 22.2 e 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 19.4 e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia, e, a mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión.

VIII.- Que o presente Convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Exposto o que antecede, as partes intervintes conclúen este Convenio a fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, con suxeición ás seguintes,

### ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos Orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor de AFAGA para o desenvolvemento dun “*Programa de respiro familiar a través de sesións de estimulación cognitiva e funcional para persoas con demencia neurodexenerativa*” (anos 2022-2025).

SEGUNDA.- Para estes efectos, AFAGA comprométese a colaborar coa Concellería de Política de Benestar Social no desenvolvemento do Programa, co que se pretende traballar os aspectos cognitivos (orientación temporo-espacial, memoria, linguaxe...), funcionais (actividades básicas da vida diaria, motricidade...), proporcionar apoio emocional ós familiares dos asistentes ós obradoiros, procurarlles un tempo de lecer con actividades lúdicas e dotalos de coñecementos prácticos en relación á atención e coidados dos enfermos con demencia.

Para a inclusión no programa avaliarase a situación cognitiva e condutual, así como as capacidades básicas e instrumentais da vida diaria. Unha vez feita a avaliación, todas as persoas consideradas aptas para os obradoiros deberán ser incluídas no Programa.

TERCEIRA.- AFAGA comprométese tamén a:

–Aceptar ós/as beneficiarios/as (enfermos/as e familiares) que sexan derivados polo Servizo de Benestar Social do Concello, seguindo o criterio antes indicado.

–Que as actividades sexan impartidas por técnicos especialistas na materia. A Asociación poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a correcta execución do Programa, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña a existencia de relación laboral de ningunha clase desas persoas co Concello de Vigo.

–Someterse á lexislación vixente en materia sanitaria e de seguridade para as persoas usuarias do Programa, facéndose responsable dos eventuais danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.

–Cumprir, en xeral, coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

CUARTA.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á entidade AFAGA unha subvención para cada un dos exercicios de 2022, 2023, 2024 e 2025 por importe de 20.000€/ano; en total, polo periodo de vixencia do Convenio: 80.000€. O gasto de 2022 imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.10 – “*ASOCIAC. FAMILIARES D ENFERMOS ALZHEIMER, AFAGA*”. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2023, 2024 e 2025) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

Xustifícase expresamente o periodo de vixencia deste Convenio no disposto no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a «*garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das*



## Concello de Vigo

*razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio».*

QUINTA.- O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:

- No ano 2022, o 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. Nos anos 2023, 2024 e 2025, o 50% da cantidade anual, no primeiro trimestre do ano. Para tal efecto deberán achegar o proxecto para o exercicio en curso e a Memoria anual completa do exercicio anterior. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiaria como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario conveniar un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.
- O 50% restante, unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 1 de novembro de cada un dos catro exercicios, mediante facturas orixinais ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, acreditativos dos gastos e presentación de Memoria anual. Ó anterior unirase unha certificación do cumprimento do Convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do programa.

Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente previamente unha declaración responsable de non está incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

SEXTA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos. En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo.

SÉTIMA.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

OITAVA.- No caso de que a entidade beneficiaria leve a cabo algún tipo de publicidade ou difusión das actividades deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada previa conformidade da Concellería de Política de Benestar Social e incluír de maneira explícita os seus logotipos de identificación corporativa.

NOVENA.- O Convenio perfeccionarase pola prestación do consentimento das partes, entrará en vigor no momento da súa sinatura e estará vixente ata a completa execución do proxecto ó que se refire. Para os efectos do establecido na L.40/2015 (Art. 49.h) e Disp. Adic. Oitava), o seu prazo de vixencia será de catro (4) anos (2022 – 2025), condicionado ó cumprimento dos obxectivos e á existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente en cada un dos exercicios.

DÉCIMA.- Calquera alteración do contido deste Convenio precisará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e se instrumentará mediante a correspondente *Addenda*.

DÉCIMO PRIMEIRA.- O Convenio extinguirase, ordinariamente, polo cumprimento total das actuacións que constitúen o seu obxecto ou ben por acordo unánime das partes, por decisión xudicial declaratoria da súa nulidade ou por incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cadaquén. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. De se incumprir tal requirimento procederá a resolución do Convenio e, de ser o caso, a esixencia da indemnización que proceda polos danos e perdas ocasionados. En todo caso, tocante ós efectos da resolución do Convenio estarase ó disposto na súa normativa reguladora (Art. 52 LRXSP e ccetes.).

DÉCIMO SEGUNDA.- Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión crearase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias e que estará composta por dous representantes de AFAGA e dous representantes municipais (un deles, o/a técnico/a do Servizo de Benestar Social responsable do Programa) e presidida polo/a Concelleiro/a da Área.

DÉCIMO TERCEIRA.- A beneficiaria comprométese a presentar antes do día 01 de novembro de cada un dos catro exercicios (202, 2023, 2024 e 2025) a documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da L.38/2003 e 28 da L.9/2007, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do RD.887/2006, que conterá memoria de actuación xustificativa e memoria económica xustificativa.

Para tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá achegarse necesariamente a través da sé electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

- Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas.
- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1. Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe e data de emisión.



## Concello de Vigo

2. Nominas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contratos de traballo e documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social (RNT e RLC).
3. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
4. Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:
  - Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
  - Que foron abonadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.
  - Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.  
Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do IRPF e suxeitos a retención, que foi practicada a mesma, declarada, liquidada e ingresada na AEAT.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total é o que se reflicte na memoria de rendición (Base 38.5 execución orzamentos).

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

Será esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, reflectíndose nunha Táboa todos os gastos acreditados mediante as mesmas.

Se a beneficiaria da axuda solicitase a devolución dos xustificantes orixinais que se tiveron en conta para facer a fiscalización e o pagamento, se estes fosen facturas en papel, o servizo xestor das axudas procederá á súa devolución, obtendo os orixinais do expediente electrónico, que serán substituídas con copias validadas que serán enviadas polo servizo xestor do gasto, procedendo ó “*estampillado*” de todas as facturas orixinais retiradas, na que se fará constar, que a devandita factura foi tida en conta na conta xustificativa da subvención outorgada polo servizo, que quedará reflectida no corpo da factura. En ningún caso serán retirados os orixinais sen achegar copias compulsadas que substituirán aos orixinais.

No caso de xustificación con facturas electrónicas, no documento asociado á factura electrónica, farase constar esta circunstancia. De non ser posible esta acreditación, a xefatura do servizo, ante a solicitude do beneficiario, emitirá un informe no que se acreditará os números de facturas que se tiveron en conta para xustificar a subvención ante o Concello (Base 38.4.B] execución orzamentos).

DÉCIMO CUARTA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO QUINTA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Política de Benestar Social. O/a responsable técnico/a do Programa emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMO SEXTA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política de Benestar Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO SÉTIMA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007. Cando o incumprimento se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO OITAVA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos preceptos da LRXSP (L.40/2015) e da LPA-CAP (L.39/2015) relativos ó exercicio da potestade sancionadora.

DÉCIMO NOVENA.- En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos da entidade beneficiaria e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social. A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto deste Convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan á entidade beneficiaria e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación



## Concello de Vigo

perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org)

VIXÉSIMA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerase pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local, a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006, polos pactos que se conteñen neste Convenio, as Bases de execución dos vixentes Orzamentos municipais, o Plan Estratéxico de Subvencións (PES) e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Administración Municipal, dou fe.

POLO CONCELLO DE VIGO  
A CONCELLEIRA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL,  
Asdo.: Yolanda Aguiar Castro

Perante mín,  
A SECRETARIA DE ADMÓN. MUNICIPAL,  
Asdo.: Susana Gallardo Fariña

POLA ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER  
E OUTRAS DEMENCIAS DE GALICIA,  
Asdo.: Juan Carlos Rodríguez Bernárdez

### **4(524).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE “PERSONAS SORDAS DE VIGO”, PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE INTÉRPRETE DE LINGUA DE SIGNOS-ANOS 2022-2025. EXPTE. 234053/301.**

Visto o informe xurídico do 02/06/2022 e o informe de fiscalización do 20/06/2022, dáse conta do informe-proposta de data 02/06/2022, asinado pola xefa do Servizo de Benestar Social, polo xefe de Área de Benestar Social, pola concelleira delegada de Política de Benestar Social e polo concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.1. Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos Orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da «Asociación de Personas Sordas de Vigo» (ASV) para a prestación do servizo de intérprete da lingua de signos.

I.2. A ASV comprométese a colaborar coa Concellería de Política de Benestar Social para a realización de actividades que faciliten a comunicación directa ós discapacitados auditivos do municipio de Vigo e, concretamente:

–A poñer á súa disposición un intérprete da lingua de signos, coa finalidade de ofrecerlles a posibilidade de contar cun profesional que cubra todos aqueles servizos necesarios tales como asistencias a reunións, despachos profesionais, comparecencias en tribunais, consultas médicas, conferencias e cursos (estes últimos, organizados polo Concello de Vigo e/ou a ASV).

–A contratar os servizos do profesional intérprete da lingua de signos, a organizar e planificar o traballo que vai desempeñar, así como a levar a cabo a avaliación e cantas outras accións sexan precisas para a correcta realización desta actividade.

–A cumprir, en xeral, coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

I.3. A concesión desta subvención (nominativa) abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais como na Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela»* e que *«non se entenderá como exercicio de novas competencias»*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

I.4. Canto á vixencia deste Convenio, propónse que esta sexa de catro (4) anos (2022, 2023, 2024 e 2025), de acordo co previsto no Art. 49.h] da LRXSP e, especificamente, no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a *«garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio»*.

I.5. Para estes efectos, no orzamento da Concellería de Política de Benestar Social do ano 2022 existe consignación de crédito, na aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.02 - *“Asociación de persoas sordas de Vigo”*, por un importe de 20.000€. O seu réxime é o de concesión directa a teor dos artigos 22.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. As subvencións previstas para os exercicios de 2023, 2024 e 2025 (20.000€/ano) estarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos deses anos.

I.6. A concesión desta subvención nominativa artéllase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinalan as Bases 38 e 40 das de execución do Orzamento: competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción por





## Concello de Vigo

desenvolver, órgano de colaboración e seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

I.7. X.- En relación coa Instrucción 1/2014 da Intervención xeral municipal, faise constar que, como se recolle expresamente na proposta de Convenio sometida á aprobación da XGL, a concesión desta subvención (nominativa) abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais/drogodependencias como na Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de educación, saúde e servizos sociais *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela»* e que *“non se entenderá como exercicio de novas competencias”*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Polo exposto, xustifícase a necesidade e conveniencia de aprobar o Convenio de colaboración coa «Asociación de Personas Sordas de Vigo» (exercicios de 2022, 2023, 2024 e 2025).

## II. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede, o Informe/Memoria xustificativa da Xefa do Servizo, a orde de inicio do expediente da Concelleira delegada da Área de Política de Benestar Social e a proposta de convenio de colaboración elaborada, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

### «ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar o «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS DE VIGO” PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE INTÉRPRETE DE LÍNGUA DE SIGNOS – ANOS 2022-2025» (Exp. n.º 234053/301).

SEGUNDO.- Aprobar o gasto que representa, por un importe total de 80.000€, a razón de 20.000€/ano, en concepto de subvención directa á “Asociación de personas sordas de Vigo” (CIF G-36622835 ) para a prestación do servizo de intérprete de lingua de signos (anos 2022-2025). No exercicio de 2022 o gasto imputarase á aplicación orzamentaria n.º 2310.489.00.02 - “Asociación de persoas sordas de Vigo”. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2023, 2024 e 2025) estarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de

Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “*convocatoria instrumental*” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

**ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**«CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS DE VIGO” PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE INTÉRPRETE DE LÍNGUA DE SIGNOS – ANOS 2022-2025».**

En Vigo, na Casa do Concello, o [data da sinatura electrónica]

**COMPARECEN**

Dunha parte,

A Concelleira – Delegada da Área de Política de Benestar Social do Concello de Vigo, D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro, asistida pola Secretaria de Administración Municipal, D<sup>a</sup>. Susana Gallardo Fariña.

Doutra parte,

D. Antonio Castro Neira, Presidente da “Asociación de Personas Sordas de Vigo”, CIF nº G-36622835, con enderezo para os efectos de notificación na rúa Romil nº 24, baixo, de Vigo.

**INTERVEÑEN**

D<sup>a</sup>. Yolanda Aguiar Castro, na súa condición de Concelleira – Delegada da Área de Política de Benestar Social do Concello de Vigo, de acordo cos Decretos do Alcalde – Presidente do 18.06.2019, de estruturación dos servizos corporativos municipais e delegación de competencias xerais e do 26.06.2019, de delegación de competencias específicas nos/as concelleiros/as delegados/as de Área (Apdo. Terceiro, Pto. 5).

D. Antonio Castro Neira, con DNI nº 33.304.797-S, actuando en representación da “Asociación de Personas Sordas de Vigo”, segundo así resulta dos seus estatutos e da documentación achegada, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D<sup>a</sup>. Susana Gallardo Fariña, Secretaria de Administración Local, ós meros efectos de asistencia á Sra. Concelleira delegada e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

Os/As comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,



## Concello de Vigo

### EXPOÑEN

I.- Que a «Asociación de Personas Sordas de Vigo» (en adiante, ASV) é unha ONG que ten como finalidade principal mellorar a calidade de vidas das persoas xordas e que traballa para acadar o recoñecemento legal e social da lingua de signos e pular pola súa investigación e difusión, fomentar a autonomía e a independencia deste colectivo e a eliminación das barreiras de comunicación, potenciando e dando continuidade ós servizos de intérpretes de lingua de signos en todos os ámbitos da vida social, velando tamén pola adecuada formación das persoas intérpretes.

Consta inscrita no RUEPSS co nº E-0060 e no Rexistro municipal de Asociacións do Concello de Vigo co nº 266-92.

II.- Que ámbalas dúas partes son conscientes de que esas barreiras de comunicación non poderán ser superadas sen a posta en marcha de actuacións específicas que, como a instrumentada no presente Convenio, teñan como obxectivo a efectiva integración das persoas xordas.

III.- Que a Concellería de Política de Benestar Social é coñecedora da existencia dun colectivo de persoas xordas na cidade que teñen a necesidade específica de acudir ós servizos prestados polos profesionais intérpretes da lingua de signos.

IV.- Que de acordo co Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «*avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a personas en situación ou risco de exclusión social*»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residenciase na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela*» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

V.- Que a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, atribúe competencias ós concellos nesta materia e prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante o outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrència competitiva na xestión das subvencións, por razóns xustificadas de interese público poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrència pública.

Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

VI.- Que, ademais, segundo a normativa autonómica vixente en materia de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, as Administracións públicas galegas deberán fomentar a supresión de barreiras na comunicación e o establecemento dos mecanismos e alternativas técnicas que fagan accesibles os sistemas de comunicación e sinalización a toda a poboación así como a formación de profesionais intérpretes da lingua de signos e guías de xordos-cegos e a existencia nas distintas Administracións públicas deste persoal especializado, facilitando deste xeito a comunicación directa ó discapacitado auditivo ou xordo-cego.

VII.- Que a subvención que se instrumenta mediante este Convenio de colaboración está prevista nominativamente nos orzamentos municipais, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o disposto nos Arts. 22.2 e 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 19.4 e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia, e, a mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión.

VIII.- Que o presente Convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Exposto o que antecede, as partes intervintes conclúen este Convenio a fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, con suxeición ás seguintes,

## ESTIPULACIÓNS



## Concello de Vigo

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos Orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da ASV para a prestación do servizo de intérprete da lingua de signos (anos 2022-2025).

SEGUNDA.- Para estes efectos, a ASV comprométese a colaborar coa Concellería de Política de Benestar Social para a realización de actividades que faciliten a comunicación directa ós discapacitados auditivos do municipio de Vigo e concretamente:

–A poñer á súa disposición un intérprete da lingua de signos, coa finalidade de ofrecerlles a posibilidade de contar cun profesional que cubra todos aqueles servizos necesarios tales como asistencias a reunións, despachos profesionais, comparecencias en tribunais, consultas médicas, conferencias e cursos (estes últimos, organizados polo Concello de Vigo e/ou a ASV).

–A contratar os servizos do profesional intérprete da lingua de signos, a organizar e planificar o traballo que vai desempeñar, así como a levar a cabo a avaliación e cantas outras accións sexan precisas para a correcta realización desta actividade. A Asociación poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a correcta execución deste servizo, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña a existencia de relación laboral de ningunha clase desas persoas co Concello de Vigo.

–A cumprir, en xeral, coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

TERCEIRA.- O réxime de prestación deste servizo será o seguinte:

- Os servizos a realizar polo profesional intérprete da lingua de signos desenvolveranse seguindo o sistema de “chamada previa”; é dicir, aquelas persoas que necesiten os servizos do intérprete deberán chamar con antelación á ASV comunicando os seus datos persoais, data, lugar e materia para a que se require o servizo.
- Deberá terse en conta que non todas as demandas poderán ser cubertas na súa totalidade, sobre todo no que ó horario se refire, xa que a unha hora determinada pode atoparse o intérprete realizando outro servizo.
- Cando se trate de conferencias, relatorios ou semellantes, a organización do evento respectará e facilitará as condicións da sala, a ubicación do intérprete e os descansos periódicos (de 5 a 10 minutos por cada 30 minutos de interpretación realizada), atendendo sempre as peticións formuladas polo profesional intérprete de lingua de signos para favorecer a recepción e a calidade da mensaxe e facilitando sempre e, como mínimo cunha semana de antelación, un resumo ou copia da ponencia a impartir.
- O horario de prestación de servizos será tan flexible coma sexa posible, fixándose a realización de 48 horas semanais, organizadas pola ASV como mellor conveña para os intereses das persoas que precisen do servizo.
- O código deontolóxico da profesión de intérprete de lingua de signos garante a confidencialidade, a fidelidade na comunicación e a obxectividade do seu traballo. As condicións nas que se desenvolverán os servizos deben ser claras e explícitas, coñecidas e aceptadas por ámbalas partes.
- O servizo será totalmente gratuíto para as persoas usuarias do mesmo.

CUARTA.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á “Asociación de Personas Sordas de Vigo” unha subvención para cada un dos exercicios de 2022, 2023, 2024 e 2025 por importe de 20.000€/ano; en total, polo periodo de vixencia do Convenio: 80.000€.

O gasto de 2022 imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.02 – *Asociación de persoas sordas de Vigo*. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2023, 2024 e 2025) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

Xustifícase expresamente o periodo de vixencia deste Convenio no disposto no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a *«garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio»*.

QUINTA.- O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:

- No ano 2022, o 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. Nos anos 2023, 2024 e 2025, o 50% da cantidade anual, no primeiro trimestre do ano. Para tal efecto deberán chegar o proxecto para o exercicio en curso e a Memoria anual completa do exercicio anterior. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiaria como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario convenir un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.
- O 50% restante, unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 1 de novembro de cada un dos catro (4) exercicios, mediante facturas orixinais ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, acreditativos dos gastos e presentación de Memoria anual. Ó anterior unirase unha certificación do cumprimento do Convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do programa.

Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente previamente unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

SEXTA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos. En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade



## Concello de Vigo

subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo.

SÉTIMA.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

OITAVA.- O Convenio perfeccionarase pola prestación do consentimento das partes, entrará en vigor no momento da súa sinatura e estará vixente ata a completa execución do proxecto ó que se refire. Para os efectos do establecido na L.40/2015 (Art. 49.h) e Disp. Adic. Oitava), o seu prazo de vixencia será de catro (4) anos (2022 – 2025), condicionado ó cumprimento dos obxectivos e á existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente en cada un dos exercicios.

NOVENA.- Calquera alteración do contido deste Convenio precisará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e se instrumentará mediante a correspondente *Addenda*.

DÉCIMA.- O Convenio extinguirase, ordinariamente, polo cumprimento total das actuacións que constitúen o seu obxecto ou ben por acordo unánime das partes, por decisión xudicial declaratoria da súa nulidade ou por incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cadaquén. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. De se incumprir tal requirimento procederá a resolución do Convenio e, de ser o caso, a existencia da indemnización que proceda polos danos e perdas ocasionados. En todo caso, tocante ós efectos da resolución do Convenio estarase ó disposto na súa normativa reguladora (Art. 52 LRXSP e ccetes.).

DÉCIMO PRIMEIRA.- A beneficiaria comprométese a presentar antes do día 01 de novembro de cada un dos catro exercicios (2022, 2023, 2024 e 2025) a documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da L.38/2003 e 28 da L.9/2007, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do RD.887/2006, que conterá memoria de actuación xustificativa e memoria económica xustificativa.

Para tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá achegarse necesariamente a través da sé electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

- Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas.
- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1. Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe e data de emisión.
2. Nominas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contratos de traballo e documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social (RNT e RLC).
3. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
4. Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:
  - Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividades subvencionada.
  - Que foron abonadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.
  - Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
  - Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do IRPF e suxeitos a retención, que foi practicada a mesma, declarada, liquidada e ingresada na AEAT.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total é o que se reflicte na memoria de rendición (Base 38.5 execución orzamentos).

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

Será esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, reflectíndose nunha Táboa todos os gastos acreditados mediante as mesmas.

Se a beneficiaria da axuda solicitase a devolución dos xustificantes orixinais que se tiveron en conta para facer a fiscalización e o pagamento, se estes fosen facturas en papel, o servizo xestor das axudas procederá á súa devolución, obtendo os orixinais do expediente electrónico, que serán substituídas con copias validadas que serán enviadas polo servizo xestor do gasto, procedendo ó “*estampillado*” de todas as facturas orixinais retiradas, na que se fará constar, que a devandita factura foi tida en conta na conta xustificativa da subvención outorgada polo servizo, que quedará reflectida no corpo da factura. En ningún caso serán retirados os orixinais sen achegar copias compulsadas que substituirán aos orixinais.

No caso de xustificación con facturas electrónicas, no documento asociado á factura electrónica, farase constar esta circunstancia. De non ser posible esta acreditación, a xefatura do servizo, ante a solicitude





## Concello de Vigo

do beneficiario, emitirá un informe no que se acreditará os números de facturas que se tiveron en conta para xustificar a subvención ante o Concello (Base 38.4.B] execución orzamentos).

DÉCIMO SEGUNDA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO TERCEIRA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Política de Benestar Social. O/a responsable técnico/a do Programa emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMO CUARTA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política de Benestar Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO QUINTA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007. Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEXTA.- Como mecanismo de coordinación e solución de posibles controversias na súa aplicación, constituirase unha Comisión mixta de Seguimento do Convenio que estará composta por dous representantes da ASV e dous representantes municipais (unha delas, o/a técnico/a do Departamento de Benestar Social responsable do Programa/Servizo) e presidida polo/a Concelleiro/a da Área.

DÉCIMO SÉTIMA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos preceptos da LRXSP (L.40/2015) e da LPACAP (L.39/2015) relativos ó exercicio da potestade sancionadora.

DÉCIMO OITAVA.- Para o caso de que a entidade beneficiaria da subvención realice algún tipo de actividade publicitaria ou de difusión do proxecto subvencionado, deberá dar a axeitada publicidade ó financiamento municipal, previa conformidade da Concellería de Política de Benestar Social.

DÉCIMO NOVENA.- En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos da entidade beneficiaria e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social.

A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto deste Convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan á entidade beneficiaria e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais.

As persoas interesadas poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org)

VIXÉSIMA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerese pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local, a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006, polos pactos que se conteñen neste Convenio, as Bases de execución dos vixentes Orzamentos municipais, o Plan Estratégico de Subvencións (PES) e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Administración municipal, dou fe.

POLO CONCELLO DE VIGO  
A CONCELEIRA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL,  
Asdo.: Yolanda Aguiar Castro

Perante mín,  
A SECRETARIA DE ADMÓN. MUNICIPAL,  
Asdo.: Susana Gallardo Fariña

POLA “ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS DE VIGO”,  
Asdo.: Antonio Castro Neira

**5(525).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN ÉRGUETE: PROGRAMAS DE PISOS DE APOIO Á INCORPORACIÓN SOCIAL DE DROGODEPENDENTES 2022. EXPTE. 2895/315.**



## Concello de Vigo

Visto o informe xurídico do 27/05/2022 e o informe de fiscalización do 16/06/2022, dáse conta do informe-proposta de data 26/05/2022, asinado polo xefe do Servizo de CEDRO, polo xefe de Área de Benestar Social, pola concelleira delegada de Política de Benestar Social e polo concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.1. Desde o ano 2002, a Asociación Érguete dispón dun programa de apoio residencial para persoas drogodependentes en tratamento nas unidades asistenciais de drogodependencias do Plan de Galicia sobre Drogas (na actualidade, Plan de Trastornos Adictivos de Galicia) en Vigo, que se desenvolve en tres pisos ou centros de réxime residencial temporal nos que, mediante unha actuación programada, se posibilitan oportunidades de axuste persoal e incorporación sociolaboral das persoas en situación de risco de exclusión social.

I.2. Este programa de apoio residencial vai dirixido a persoas drogodependentes en tratamento que teñen alcanzado unha estabilidade no seu proceso terapéutico, e que necesitan dun recurso dese tipo para progresar na súa incorporación social, sendo o obxectivo principal a adaptación do usuario ó medio social a través dun programa de residencia temporal nunha vivenda normalizada coa supervisión de profesionais.

I.3. Para o desenvolvemento deste programa, a Asociación Érguete (“ASOCIACIÓN ÉRGUETE PREVENCIÓN E INTERVENCIÓN EN CONDUCTAS ADICTIVAS”) conta con tres vivendas urbanas, en réxime de aluguer, ubicadas na cidade de Vigo, adaptadas ó marco normativo que regula este tipo de dispositivos de atención sociosanitaria. O seguimento da evolución dos/as usuarios/as realízase, de forma coordinada, xunto cos terapeutas de referencia das unidades asistenciais de drogodependencias da área de Vigo.

I.4. O Concello de Vigo, segundo a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Entre as súas competencias están a protección da salubridade pública e a prestación dos servizos de avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata ás persoas en situación ou risco de exclusión social, sendo esta última competencia de obrigado exercicio para os concellos de máis de 20.000 habitantes (Arts. 25.1, 25.2.e], 25.2.j] e 26.1.c] da LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro – LRSAL) .

I.5. A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residenciase na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

I.6. Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio,*

*sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).*

I.7. Na Orde do 25 de xaneiro de 2008, pola que se regulan os requisitos que deben cumprir os centros de inclusión e emerxencia social, recóllese a existencia de centros de acollida e inclusión. A Asociación “Érguete” conta en Vigo con tres “centros de apoio social a procesos terapéuticos” que constan rexistrados no RUEPSS cos núms. E-0103C001, E-0103C002 e E-0103C003.

I.8. A Lei 2/1996, de 8 de maio, de Galicia sobre drogas recolle tamén as competencias das administracións locais e os programas, medidas e ámbitos de intervención, referidos á prevención, asistencia e incorporación social, na nosa Comunidade.

I.9. O Plan de Trastornos Adictivos de Galicia establece entre os seus principios reitores a necesidade da participación social na planificación e execución das respostas fronte ás adiccións, a coordinación intersectorial e a corresponsabilidade.

Entre os seus obxectivos xerais atópanse os de apoiar ós procesos de integración social das persoas atendidas na Rede de Tratamento de Condutas Adictivas, mediante a promoción de programas dirixidos a mellorar as habilidades sociais e persoais que favorezan a autonomía persoal das persoas con dificultades de integración social polos seus problemas de adicción, desenvolver medidas de acción positiva fronte á exclusión social e/ou laboral das persoas con problemas de adicción en situación de vulnerabilidade e intensificar a coordinación e cooperación institucional mediante a potenciación da coordinación e cooperación coas Administracións locais de Galicia e coa Administración xeral do Estado, para asegurar o cumprimento dos obxectivos previstos no Plan de Trastornos Adictivos e tamén promover a participación social, a coordinación e a cooperación coas entidades privadas que traballan nos ámbitos da prevención, asistencia, incorporación social, formación e investigación en trastornos adictivos.

Máis concretamente, establece liñas estratéxicas para a mellora da cobertura asistencial dos trastornos adictivos e o apoio ós procesos de incorporación social das persoas que os padecen, mediante a colaboración no funcionamento de recursos residenciais de apoio á incorporación social para drogodependentes con necesidades sociosanitarias.

I.10. O Concello de Vigo ven desenvolvendo desde 1984 una política activa de intervención en drogodependencias nos ámbitos de prevención, asistencia e incorporación social. No Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adiccións (PLDA) de Vigo propóñense os obxectivos e estratexias de intervención no ámbito das condutas adictivas e da súa problemática asociada, a nivel local, entre os que se sinala a potenciación e coordinación dos recursos residenciais urbanos específicos de atención a drogodependentes, mediante a sensibilización das Administracións competentes para a normalización destes recursos e o seu axeitado financiamento e a mellora das infraestruturas e os recursos humanos.

Este tipo de accións teñen un encadre metodolóxico e normativo en instrumentos tales como a Estratexia Europea en materia de loita contra a droga e os seus Plans de Acción, que contemplan a prevención do consumo de drogas como o ámbito clave de intervención; a Estratexia Nacional, co seu correspondente Plan de Acción, que ademais establece como necesaria a coordinación entre as



## Concello de Vigo

distintas Administracións. Concretamente, propón accións de coordinación coas Administracións locais e promove a elaboración de plans municipais e supramunicipais; ou a propia Lei 2/1996, do 8 de maio, de Galicia, sobre Drogas, fundamentalmente a través dos Títulos I (Da prevención de drogodependencias) e III (particularmente no que atinxe á atribución de competencias, planificación e ordenación, concertos/convenios e coordinación).

I.11. A subvención que se propón está prevista nominativamente no orzamento de CEDRO (aplicación orzamentaria nº 3112.489.00.00 “*Convenio con Érguete aloxamento alternativo*”), polo que ten a consideración de subvención directa segundo os Arts. 28 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión; motivacións necesarias, así mesmo, para utilizar o procedemento de concesión directa do Art. 19.4 da Lei 9/2007.

I.12. A concesión da subvención artéllase mediante un convenio de colaboración que inclúe as prescricións que sinalan as Bases 38 e 40 das de execución dos Orzamentos: competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

I.13. Canto á vixencia deste novo Convenio coa “ASOCIACIÓN ÉRGUETE PREVENCIÓN E INTERVENCIÓN EN CONDUCTAS ADICTIVAS”, propónse que esta sexa dun (1) ano (2022).

I.14. Por concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiara como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, propónse o aboamento dun 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. De acordo co artigo 42 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (Regulamento da Lei xeral de subvencións), as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedan exoneradas da constitución de garantías.

I.15. En relación coa Instrución 1/2014 da Intervención xeral municipal, faise constar que, como se recolle expresamente na proposta de Convenio sometida á aprobación da XGL, a concesión desta subvención (nominativa) abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais/drogodependencias como na Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de educación, saúde e servizos sociais «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela*» e que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

## II. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a proposta de convenio de colaboración elaborada, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Prestar aprobación ó «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN ÉRGUETE PREVENCIÓN E INTERVENCIÓN EN CONDUTAS ADICTIVAS” PARA O PROGRAMA DE PISOS DE APOIO Á INCORPORACIÓN SOCIAL DE DROGODEPENDENTES – 2022» (Exp. n.º 2895/315).

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 45.000€ a favor da “ASOCIACIÓN ÉRGUETE PREVENCIÓN E INTERVENCIÓN EN CONDUTAS ADICTIVAS” (CIF G-36.642.726), con cargo á aplicación orzamentaria nº 3112.489.00.00 (“*Convenio con Érguete aloxamento alternativo*”).

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “*convocatoria instrumental*” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis oportuno.

#### **ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

«CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN ÉRGUETE PREVENCIÓN E INTERVENCIÓN EN CONDUTAS ADICTIVAS” PARA O PROGRAMA DE PISOS DE APOIO Á INCORPORACIÓN SOCIAL DE DROGODEPENDENTES – 2022»

En Vigo, na Casa do Concello, o [data da sinatura electrónica]

#### COMPARECEN

Dunha parte,

A Concelleira delegada da Área de Política de Benestar Social do Concello de Vigo, D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro, asistida pola Secretaria de Administración Municipal, D<sup>a</sup>. Susana Gallardo Fariña.

Doutra parte,

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del Carmen Avendaño Otero, con DNI nº 35.956.947-N, Presidenta da “ASOCIACIÓN ÉRGUETE PREVENCIÓN E INTERVENCIÓN EN CONDUTAS ADICTIVAS”, CIF nº G-36.642.726, con enderezo social na Avda. Martínez Garrido, nº 21, interior.

#### INTERVEÑEN

D<sup>a</sup>. Yolanda Aguiar Castro, na súa condición de Concelleira – Delegada da Área de Política de Benestar Social do Concello de Vigo, de acordo cos Decretos do Alcalde – Presidente do 18.06.2019, de estruturación dos servizos corporativos municipais e delegación de competencias xerais e do 26.06.2019,



## Concello de Vigo

de delegación de competencias específicas nos/as concelleiros/as delegados/as de Área (Apdo. Terceiro, Pto. 5).

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del Carmen Avendaño Otero, actuando en representación da “ASOCIACIÓN ÉRGUETE PREVENCIÓN E INTERVENCIÓN EN CONDUCTAS ADICTIVAS”, segundo así resulta dos seus estatutos e da documentación achegada ó expediente nº 2894/315 (2022), asegurando a comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D<sup>a</sup>. Susana Gallardo Fariña, Secretaria de Administración Local, ós meros efectos de asistencia á Sra. Concelleira delegada e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

As comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

### EXPOÑEN

I.- Que a Asociación Érguete de axuda ó toxicómano (hoxe, “ASOCIACIÓN ÉRGUETE PREVENCIÓN E INTERVENCIÓN EN CONDUCTAS ADICTIVAS”) é unha organización non gubernamental (ONG) inscrita no Rexistro municipal de Asociacións co número 178/91, declarada de Utilidade Pública polo Ministerio do Interior segundo RD.1786/96, do 19 de xullo, e inscrita como entidade prestadora de servizos sociais na Xunta de Galicia (RUEPSS nº E-0103).

A Asociación Érguete ven desenvolvendo a súa actividade en Vigo, no campo das drogodependencias, levando a cabo diversos programas de axuda que complementan as actividades asistenciais e de incorporación social das Administracións local e autonómica.

Desde o ano 2002 dispón dun programa de apoio residencial para persoas drogodependentes en tratamento nas unidades asistenciais de drogodependencias da Rede de Tratamento de Condutas Adictivas en Vigo, que se desenvolve en tres pisos ou centros de réxime residencial temporal nos que, mediante unha actuación programada, se posibilitan oportunidades de axuste persoal e incorporación socio-laboral das persoas en situación de risco de exclusión social. Son os tres “centros de apoio social a procesos terapéuticos” de Érguete que constan rexistrados no RUEPSS cos núms. E-0103C001, E-0103C002 e E-0103C003.

Este programa de apoio residencial vai dirixido a persoas drogodependentes en tratamento que teñen alcanzado unha estabilidade no seu proceso terapéutico e que necesitan dun recurso deste tipo para progresar na súa incorporación social, sendo o obxectivo principal a adaptación do usuario ó medio social a través dun programa de residencia temporal nunha vivenda normalizada coa supervisión de profesionais.

Para o desenvolvemento deste programa, a Asociación Érguete conta con tres vivendas urbanas, en réxime de aluguer, ubicadas na cidade de Vigo, adaptadas ó marco normativo que regula este tipo de dispositivos de atención sociosanitaria.

O seguimento da evolución dos/as usuarios/as realízase de forma coordinada xunto cos terapeutas de referencia das unidades asistenciais de drogodependencias da área de Vigo.

II.- Que o Concello de Vigo, segundo a L.7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e

prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Entre as súas competencias están a protección da salubridade pública e a prestación dos servizos de avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata ás persoas en situación ou risco de exclusión social, sendo esta última competencia de obrigado exercicio para os concellos de máis de 20.000 habitantes (Arts. 25.1, 25.2.e], 25.2.j] e 26.1.c] da LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro – LRSAL) .

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de *«prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social»* residenciase na Admón. autonómica.

Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que *“non se entenderá como exercicio de novas competencias”*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: *«continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»*; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela»* (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

Na Orde do 25 de xaneiro de 2008, pola que se regulan os requisitos que deben cumprir os centros de inclusión e emerxencia social, recóllese a existencia de centros de acollida e inclusión. A L.2/1996, do 8 de maio, de Galicia sobre drogas recolle tamén as competencias das Administracións locais e os programas, medidas e ámbitos de intervención referidos á prevención, asistencia e incorporación social na nosa Comunidade.

A *«Estratexia Nacional sobre Adiccións 2017-2024»* (ENA 2017-2024), aprobada en Consello de Ministros o 9 de febreiro de 2018, ten como marco institucional o establecido por mor da creación do Plan Nacional sobre Drogas, en 1985, e da Delegación do Goberno para o devandito Plan, e a súa normativa de desenvolvemento. Entre as instancias que forman parte dese marco institucional cabe sinalar os Plans Autonómicos de Drogas, os Departamentos e Organismos da Administración Xeral do Estado con competencias en drogas e adiccións en xeral, as Entidades Locais, a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), as organizacións non gubernamentais, as sociedades científicas e aquelas outras entidades e colectivos de carácter social que desenvolvan a súa actividade no ámbito das actuacións do Plan Nacional sobre Drogas. A coordinación institucional da ENA 2017-2024 fundaméntase nos seguintes obxectivos estratéxicos: 1) Garantir as sinerxias, a coherencia e as prácticas eficaces entre as Administracións públicas a todos os niveis, as diferentes institucións e iniciativas, evitando a duplicación de esforzos, garantindo a eficacia do intercambio de información, utilizando eficazmente os recursos e garantindo a continuidade das accións; 2) Fomentar e alentar a participación e implicación activas e significativas da sociedade civil (asociacións científicas e profesionais, ONG, axentes sociais, asociacións de veciños,...); 3) Fomentar a coordinación dentro e





## Concello de Vigo

entre as propias CCAA e as Entidades Locais que contén con Plans de Adicións propios para garantir a continuidade das accións, e, 4) Garantir a coordinación coas Estratexias e Plans do ámbito social e sanitario que impulsa o Goberno da Nación que inciden sobre os colectivos sociais ós que se dirixe a ENA 2017-2024: poboación en risco de exclusión social, adolescencia, mulleres, inmigrantes, reclusos...

O Plan de Trastornos Adictivos de Galicia establece entre os seus principios reitores a necesidade da participación social na planificación e execución das respostas fronte ás adicións, a coordinación intersectorial e a corresponsabilidade. Entre os seus obxectivos xerais atópanse os de apoiar ós procesos de integración social das persoas atendidas na Rede de Tratamento de Condutas Adictivas, mediante a promoción de programas dirixidos a mellorar as habilidades sociais e persoais que favorezan a autonomía persoal das persoas con dificultades de integración social polos seus problemas de adicción, desenvolver medidas de acción positiva fronte á exclusión social e/ou laboral das persoas con problemas de adicción en situación de vulnerabilidade e intensificar a coordinación e cooperación institucional mediante a potenciación da coordinación e cooperación coas Administracións locais de Galicia e coa Administración xeral do Estado, para asegurar o cumprimento dos obxectivos previstos no Plan de Trastornos Adictivos e tamén promover a participación social, a coordinación e a cooperación coas entidades privadas que traballan nos ámbitos da prevención, asistencia, incorporación social, formación e investigación en trastornos adictivos.

Máis concretamente, establécense liñas estratéxicas para a mellora da cobertura asistencial dos trastornos adictivos e o apoio ós procesos de incorporación social das persoas con trastornos adictivos, mediante a colaboración no funcionamento de recursos residenciais de apoio á incorporación social para drogodependentes con necesidades sociosanitarias.

O Concello de Vigo ven desenvolvendo desde o ano 1984 una política activa de intervención en drogodependencias nos ámbitos da prevención, asistencia e incorporación social.

No Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adicións (PLDA) de Vigo propóñense os obxectivos e estratexias de intervención no ámbito das condutas adictivas e da súa problemática asociada, a nivel local, entre os que se atopa manter a calidade dos recursos existentes, evitar a desaparición de programas, accións ou recursos necesarios para dar resposta ás necesidades asistenciais da cidade, mellorar a atención das urxencias sociosanitarias e cobertura de necesidades primarias de alimentación, hixiene e vivenda e potenciar o mantemento e a creación de novos dispositivos para cubrir as necesidades básicas daquela poboación carente de vivenda ou en situación de risco de exclusión.

O PLDA establece que os instrumentos para o seu desenvolvemento son, entre outros, o Servizo de Benestar Social, CEDRO, a oficina técnica municipal do PLDA, o convenio coa Consellería de Sanidade e a coordinación e colaboración coas entidades (asociacións, fundacións, ONGs) adheridas o PLDA.

III.- Así as cousas, o Concello de Vigo, no seu orzamento, na aplicación orzamentaria nº 3112.489.00.00, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 45.000€ a favor da Asociación Érguete (“*Convenio con Érguete aloxamento alternativo*”).

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos Arts. 28.1 da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Adminis-

tración concedente, as partes conclúen o presente convenio co fin de regular os termos da concesión da subvención, cuxo obxecto é o cofinanciamento da actividade dos pisos de apoio á incorporación social para drogodependentes en tratamento na área de Vigo que xestiona a Asociación Érguete.

En base ás precedentes consideracións e ó interese social que para a cidade de Vigo representa esta actividade de Érguete, a Concellería de Política de Benestar Social e a dita Asociación convenian a súa colaboración no ámbito da incorporación social para drogodependentes e a concesión da referida subvención de acordo coas seguintes,

### ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- A “ASOCIACIÓN ÉRGUETE PREVENCIÓN E INTERVENCIÓN EN CONDUCTAS ADICTIVAS” comprométese a colaborar coa Concellería de Política de Benestar Social do Concello de Vigo en canto á realización da actividade do programa de pisos de apoio á incorporación social de drogodependentes e concretamente a:

- Realizar a contratación do persoal técnico necesario para a execución da actividade asistencial, de acordo coa Memoria do programa presentado.
- Asumir a súa xestión xeral.
- Contribuir ó custo restante do programa, relativo ós recursos materiais e outros gastos, segundo o previsto naquela Memoria.
- Cumprir as directrices técnicas do Plan de Trastornos Adictivos de Galicia e do Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adiccións de Vigo e colaborar na súa estrutura participativa.
- En xeral, a cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no Art. 11 da L.9/2007.

SEGUNDA.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á Asociación Érguete, unha subvención para o exercicio de 2022, por importe de 45.000€ co obxecto de coadxuvar ó financiamento da actividade do programa de pisos de apoio á incorporación social de drogodependentes.

TERCEIRA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. A beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos. En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD. 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

CUARTA.- O Convenio perfeccionarase pola prestación do consentimento das partes, entrará en vigor no momento da súa sinatura e estará vixente ata a completa execución do proxecto ó que se refire. Para os efectos do establecido na L.40/2015 (Art. 49.h) e Disp. Adic. Oitava), o seu prazo de vixencia será dun (1) ano (2022).



## Concello de Vigo

QUINTA.- Calquera alteración do contido deste Convenio precisará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e se instrumentará mediante a correspondente *Addenda*.

SEXTA.- O Convenio extinguirase, ordinariamente, polo cumprimento total das actuacións que constitúen o seu obxecto ou ben por acordo unánime das partes, por decisión xudicial declaratoria da súa nulidade ou por incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cadaquén. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. De se incumprir tal requirimento procederá a resolución do Convenio e, de ser o caso, a esixencia da indemnización que proceda polos danos e perdas ocasionados. En todo caso, tocante ós efectos da resolución do Convenio estarase ó disposto na súa normativa reguladora (Art. 52 LRXSP e ccetes.).

SÉTIMA.- O Concello de Vigo achegará a cantidade de 45.000€, con cargo á precitada aplicación orzamentaria nº 3112.489.00.00.

Os pagamentos efectuaráanse do seguinte xeito:

–O 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiaria como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario conveniar un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.

–O 50% restante, unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 1 de novembro de 2022, mediante facturas orixinais ou demais documentos acreditativos dos gastos e Memoria anual, coa preceptiva certificación do cumprimento do convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do proxecto.

Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente previamente unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

OITAVA.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

NOVENA.- No caso de que a entidade beneficiaria faga algún tipo de publicidade ou difusión das actividades, deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada, previa conformidade da Concellería de Política de Benestar Social e incluír de maneira explícita os logotipos de identificación corporativa da Subdirección Xeral de Saúde Mental e Drogodependencias da Consellería de Sanidade, do Plan Local de Drogodependencias e outras Adicións de Vigo e da Concellería de Política de Benestar Social do Concello de Vigo.

DÉCIMA.- Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión crearase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias e que estará composta por dous representantes da Asociación Érguete e dous técnicos municipais, presidida polo/a Concelleiro/a responsable dos Servizos sociais.

DÉCIMO PRIMEIRA.- A Asociación Érguete comprométese a someterse á lexislación vixente en materias sanitarias e de seguridade para os/as usuarios/as do servizo, facéndose responsables dos danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.

DÉCIMO SEGUNDA.- A Asociación Érguete poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a execución deste programa, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña relación laboral de ningunha clase desas persoas co Concello.

DÉCIMO TERCEIRA.- A Asociación Érguete comprométese a presentar antes do día 01 de novembro de 2022 a documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da L.38/2003 e 28 da L.9/2007, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do RD.887/2006, que conterá memoria de actuación xustificativa e memoria económica xustificativa. Para tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá achegarse necesariamente a través da sé electrónica do Concello de Vigo ( <https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

-Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas.

-Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1. Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe e data de emisión.
2. Nominas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contratos de traballo e documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social (RNT e RLC).
3. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
4. Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:

- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.

- Que foron abonadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.



## Concello de Vigo

- Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do IRPF e suxeitos a retención, que foi practicada a mesma, declarada, liquidada e ingresada na AEAT.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total é o que se reflicte na memoria de rendición (Base 38.5 execución orzamentos).

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

Será esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, reflectíndose nunha Táboa todos os gastos acreditados mediante as mesmas.

Se a beneficiaria da axuda solicitase a devolución dos xustificantes orixinais que se tiveron en conta para facer a fiscalización e o pagamento, se estes fosen facturas en papel, o servizo xestor das axudas procederá á súa devolución, obtendo os orixinais do expediente electrónico, que serán substituídas con copias validadas que serán enviadas polo servizo xestor do gasto, procedendo ó “*estampillado*” de todas as facturas orixinais retiradas, na que se fará constar, que a devandita factura foi tida en conta na conta xustificativa da subvención outorgada polo servizo, que quedará reflectida no corpo da factura. En ningún caso serán retirados os orixinais sen achegar copias compulsadas que substituirán aos orixinais.

No caso de xustificación con facturas electrónicas, no documento asociado á factura electrónica, farase constar esta circunstancia. De non ser posible esta acreditación, a xefatura do servizo, ante a solicitude do beneficiario, emitirá un informe no que se acreditará os números de facturas que se tiveron en conta para xustificar a subvención ante o Concello (Base 38.4.B] execución orzamentos).

**DÉCIMO CUARTA.-** Antes de proceder ó pagamento da subvención, a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do artigo 31.7 e) da L.9/2007.

**DÉCIMO QUINTA.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen durante a vixencia do convenio (2022).

**DÉCIMO SEXTA.-** A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Política de Benestar Social. O responsable técnico do programa emitirá informe ó respecto facendo constar, no

seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**DÉCIMO SÉTIMA.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política de Benestar Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**DÉCIMO OITAVA.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora, desde o pagamento da subvención e ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da L.9/2007. Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa desta, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso, procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**DÉCIMO NOVENA.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos preceptos da LRXSP (L.40/2015) e da LPACAP (L.39/2015) relativos ó exercicio da potestade sancionadora.

**VIXÉSIMA.-** En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos da entidade beneficiaria e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social. A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto deste Convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan á entidade beneficiaria e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org)

**VIXÉSIMO PRIMEIRA.-** A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerese pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do Estado en materia de



## Concello de Vigo

réxime local, a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006, polos pactos que se conteñen neste Convenio, as Bases de execución dos vixentes Orzamentos municipais, o Plan Estratéxico de Subvencións (PES) e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Administración Municipal, dou fe.

POLO CONCELLO DE VIGO,  
A CONCELEIRA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL,  
Asdo.: Yolanda Aguiar Castro

Perante mín,  
A SECRETARIA DE ADMÓN. MUNICIPAL,  
Asdo.: Susana Gallardo Fariña

POLA “ASOCIACIÓN ÉRGUETE  
PREVENCIÓN E INTERVENCIÓN EN CONDUTAS ADICTIVAS”,  
Asdo.: M<sup>a</sup> del Carmen Avendaño Otero

### **6(526).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA EL CÁNCER PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE ATENCIÓN PSICOSOCIAL AO DOENTE ONCOLÓXICO E OS SEUS FAMILIARES (2022-2025). EXPTE. 236039/301.**

Visto o informe xurídico do 16/06/2022 e o informe de fiscalización do 27/06/2022, dáse conta do informe-proposta de data 14/06/2022, asinado pola xefa do Servizo de Benestar Social, polo xefe de Área de Benestar Social, pola concelleira delegada de Política de Benestar Social e polo concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. A «Asociación Española contra o Cancro – Xunta Local de Vigo» (AECC) é unha ONG de carácter benéfico asistencial sen ánimo de lucro que ten como fin principal a atención ó doente oncolóxico e ós seus familiares así como á poboación xeral mediante actividades de investigación, divulgación, prevención, formación e de carácter sanitario ou asistencial.

Foi inscrita co nº 3827 no Rexistro Nacional de Asociacións e declarada de utilidade pública en 1970. Figura tamén inscrita co nº E-779 no “Rexistro Único de Entidades prestadoras de Servizos sociais” (RUEPSS) da Xunta de Galicia e no Rexistro Municipal de Asociacións co nº 00066-88.

II. A AECC – Xunta Local de Vigo, tendo en conta as repercusións físicas, psicolóxicas e sociais derivadas do diagnóstico e tratamento do cancro, puxo en marcha a finais do ano 1990 o programa de atención psicolóxica.

III. A finalidade do convenio proposto é o de acadar unha vida normalizada co que se fai necesario abordar a través do presente programa as necesidades de índole psicosocial.

IV. Os principais servizos cos que conta a Asociación son:

- Departamento de psicoloxía
- Departamento de traballo social
- Departamento de coidados paliativos
- Departamento de voluntariado
- Departamento de xuventude
- Departamento de administración.

Dispón para o efecto dos seguintes recursos humanos: psicólogas, traballadoras sociais, informático, administrativos e voluntariado.

V. A Concellería de Política de Benestar Social é coñecedora da demanda de atención psicolóxica e social dos doentes oncolóxicos e os seus familiares. A fin de responder á demanda prantexada e, ó mesmo tempo, garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos desta Asociación, estímase conveniente que o novo convenio de colaboración coa AECC teña tamén, como o anterior (2019-2021), carácter plurianual (2022-2025), o que permitirá un mellor desenvolvemento do “*Programa de atención psicosocial ó doente oncolóxico e ós seus familiares*”.

A vixencia deste novo Convenio sería, pois, de catro (4) anos (2022, 2023, 2024 e 2025), de acordo co previsto no Art. 49.h] da LRXSP e, especificamente, no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a «*garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio*»

VI. Para estes efectos, no orzamento da Concellería de Política de Benestar Social do ano 2022 existe consignación de crédito, na aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.10 – *Asociación española contra o cancro*, por un importe de 7.000€. O seu réxime é o de concesión directa a teor dos artigos 22.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As subvencións previstas para os exercicios de 2023, 2024 e 2025 (7.000€/ano) estarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos deses anos.

VII. A concesión da subvención artéllase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinalan as Bases 38 e 40 das de execución do orzamento: competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción por desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia (2022-2025), etc.

En consecuencia, visto o que antecede, o informe da Xefatura do Servizo, a orde de inicio de expediente da Concellería delegada da Área de Política de Benestar Social e a proposta de convenio de colaboración elaborada, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN ESPAÑOLA





## Concello de Vigo

CONTRA O CANCRO” (XUNTA LOCAL DE VIGO) PARA A EXECUCIÓN DUN PROGRAMA DE ATENCIÓN PSICOSOCIAL Ó DOENTE ONCOLÓXICO E ÓS SEUS FAMILIARES – ANOS 2022-2025» (Exp. n.º 236039/301).

SEGUNDO.- Aprobar o gasto que representa, por un importe total de 28.000€, a razón de 7.000€/ano, en concepto de subvención directa á «Asociación Española contra o cancro (AECC) – Xunta Local de Vigo» (CIF G-28197564)), con cargo, no exercicio de 2022, á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.10 -Asociación española contra o cancro– do orzamento vixente. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2023, 2024 e 2025) estarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “convocatoria instrumental” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

### **ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

«CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA O CANCRO” (XUNTA LOCAL DE VIGO) PARA A EXECUCIÓN DUN PROGRAMA DE ATENCIÓN PSICOSOCIAL Ó DOENTE ONCOLÓXICO E ÓS SEUS FAMILIARES – ANOS 2022-2025».

En Vigo, na Casa do Concello, o [data da sinatura electrónica]

### COMPARECEN

Dunha parte,

A Concelleira – Delegada da Área de Política de Benestar Social do Concello de Vigo, D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro, asistida pola Secretaria de Administración Municipal, D<sup>a</sup>. Susana Gallardo Fariña.

Doutra parte,

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del Carmen Abeledo Márquez, con DNI nº 35.346.226-Z, Presidenta da “Asociación Española contra o cancro” (AECC) – Xunta Local de Pontevedra, CIF nº G-28197564, con enderezo para os efectos de notificación na rúa Ronda de Don Bosco nº 41, baixo, Oficina 5, CP 36202 Vigo.

### INTERVEÑEN

D<sup>a</sup>. Yolanda Aguiar Castro, na súa condición de Concelleira – Delegada da Área de Política de Benestar Social do Concello de Vigo, de acordo cos Decretos do Alcalde – Presidente do 18.06.2019, de es-

truturação dos servizos corporativos municipais e delegación de competencias xerais e do 26.06.2019, de delegación de competencias específicas nos/as concelleiros/as delegados/as de Área (Apdo. Terceiro, Pto. 5).

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del Carmen Abeledo Márquez, actuando en representación da AECC, segundo así resulta da documentación achegada ó expediente, asegurando a comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D<sup>a</sup>. Susana Gallardo Fariña, Secretaria de Administración Local, ós meros efectos de asistencia á Sra. Concelleira delegada e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

As comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

## EXPOÑEN

I.- Que a AECC é unha institución con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, de carácter benéfico asistencial e sen ánimo de lucro. Foi constituída en 1953 co propósito de loitar contra o cancro en todas as modalidades coñecidas ou que se coñezan no futuro, mediante o desenvolvemento de funcións e actividades de divulgación, prevención, investigación, formación e de carácter sanitario ou asistencial.

En 1966 foi inscrita co nº 3827 no Rexistro Nacional de Asociacións e declarada de utilidade pública en 1970. Figura tamén inscrita co nº E-779 no “Rexistro Único de Entidades prestadoras de Servizos sociais” (RUEPSS) da Xunta de Galicia e no Rexistro Municipal de Asociacións co nº 00066-88. Ten a súa sede central en Madrid e desenvolve a súa actividade en toda España a través das xuntas provinciais con representación en máis de 2.000 localidades no conxunto do Estado.

A AECC está constituída por voluntarios, socios e persoal contratado que, cun proxecto conxunto, dirixen todos os esforzos, eficacia e axilidade á hora de detectar necesidades e prioridades de actuación.

II.- Que, a fin de mellorar a calidade de vida das persoas diagnosticadas de cancro e das súas familias e de que poidan acadar unha vida normalizada, a AECC desenvolve, entre outros, programas de atención psicosocial así como de prevención e sensibilización destinadas á poboación xeral.

Os obxectivos específicos perseguidos con este tipo de programas son os de minimizar as alteracións emocionais derivadas do proceso da enfermidade e/ou tratamento, contribuír a recuperar o nivel de funcionamento persoal previo á enfermidade, favorecer a integración social do enfermo no seu contorno inmediato e a reincorporación ó mercado laboral, promover a posta en marcha de estratexias de afrontamento activo, orientalo na busca de recursos sociais, etc.

III.- Que o Concello de Vigo é coñecedor da existencia dun colectivo de persoas e familias na cidade que teñen a necesidade de acudir a este tipo de programas para poder mellorar a súa calidade de vida. Ademais, constitúe un complemento dos recursos de servizos sociais de que dispón o Concello.



## Concello de Vigo

IV.- Que de acordo co Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «*avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a personas en situación ou risco de exclusión social*»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residenciase na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela*» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

V.- Que, ademais, a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrencia competitiva na xestión das subvencións, por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública.

Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución

anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

VI.- Que a subvención que se instrumenta mediante este Convenio de colaboración está prevista nominativamente nos orzamentos municipais, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o disposto nos arts. 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia, e, a mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión.

VII.- Que o presente convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de Execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Exposto o que antecede, as partes intervintes conclúen este convenio a fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, con suxeición ás seguintes,

### ESTIPULACIONES

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos Orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da AECC – Xunta Local de Vigo para a execución dun Programa de atención psicosocial ó doente oncolóxico e ós seus familiares durante os anos 2022, 2023, 2024 e 2025.

SEGUNDA.- O Concello de Vigo, a través da súa Concellería delegada de Política de Benestar Social, e a AECC comprométese a colaborar activamente na execución deste Programa que, co obxectivo xeral de mellorar a calidade de vida das persoas diagnosticadas de cancro e das súas familias, inclúe a previsión de programas específicos de intervención psicolóxica individual, grupal e social, actividades de ocio e tempo de lecer, programas de voluntariado testemuñal, de inserción laboral etc.

TERCEIRA.- A AECC comprométese tamén a:

- a) Someterse á normativa vixente en cada momento en materia de sanidade, seguridade e riscos laborais, tanto para as persoas usuarias do Programa como para o seu persoal, facéndose responsable dos eventuais danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.
- b) Atender a través do programa psicosocial a 25 doentes oncolóxicos e a 25 familiares de doentes derivados pola Concellería de Política de Benestar Social.
- c) Cumprir, en xeral, coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

CUARTA.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á AECC unha subvención para cada un dos exercicios de 2022, 2023, 2024 e 2025 por importe de 7.000€/ano; en total, polo periodo de vixencia do Convenio: 28.000€.

O gasto de 2022 imputarase á aplicación orzamentaria nº: 2310.480.00.10 – *Asociación española contra o cancro*. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2023, 2024 e 2025) estarán



## Concello de Vigo

condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

Xustifícase expresamente o período de vixencia deste Convenio no disposto no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a *«garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio»*.

QUINTA.- O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:

- No ano 2022, o 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. Nos anos 2023, 2024 e 2025, o 50% da cantidade anual, no primeiro trimestre do ano. Para tal efecto deberán achegar o proxecto para o exercicio en curso e a Memoria anual completa do exercicio anterior. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiaria como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario conveniar un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.
- O 50% restante, unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 1 de novembro de cada un dos catro exercicios, mediante facturas orixinais ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, acreditativos dos gastos e presentación de Memoria anual. Ó anterior unirase unha certificación do cumprimento do Convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do programa.

Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente previamente unha declaración responsable de non está incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

SEXTA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de Subvencións.

SÉTIMA.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou

elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

OITAVA.- O Convenio perfeccionarase pola prestación do consentimento das partes, entrará en vigor no momento da súa sinatura e estará vixente ata a completa execución do proxecto ó que se refire. Para os efectos do establecido na L.40/2015 (Art. 49.h) e Disp. Adic. Oitava), o seu prazo de vixencia será de catro (4) anos (2022 – 2025), condicionado ó cumprimento dos obxectivos e á existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente en cada un dos exercicios.

NOVENA.- Calquera alteración do contido deste Convenio precisará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e se instrumentará mediante a correspondente *Addenda*.

DÉCIMA.- O Convenio extinguirase, ordinariamente, polo cumprimento total das actuacións que constitúen o seu obxecto ou ben por acordo unánime das partes, por decisión xudicial declaratoria da súa nulidade ou por incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cadaquén. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. De se incumprir tal requirimento procederá a resolución do Convenio e, de ser o caso, a esixencia da indemnización que proceda polos danos e perdas ocasionados. En todo caso, tocante ós efectos da resolución do Convenio estarase ó disposto na súa normativa reguladora (Art. 52 LRXSP e ccetes.).

DÉCIMO PRIMEIRA.- Para o caso de que a entidade beneficiaria realice algún tipo de publicidade ou difusión das actividades do Programa, deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal, previa conformidade da Concellería de Política de Benestar Social e incluír de maneira explícita os seus logotipos de identificación corporativa.

DÉCIMO SEGUNDA.- Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión crearase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias. Estará composta por dous representantes da AECC e dous técnicos municipais, presidida polo/a Concelleiro/a responsable da Área.

DÉCIMO TERCEIRA.- A AECC poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a correcta execución deste Programa, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña a existencia de relación laboral de ningunha clase destas persoas co Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- A beneficiaria comprométese a presentar antes do día 01 de novembro de cada un dos catro exercicios (2022, 2023, 2024 e 2025) a documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da L.38/2003 e 28 da L.9/2007, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do RD.887/2006, que conterá memoria de actuación xustificativa e memoria económica xustificativa.

Para tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá achegarse necesariamente a través da sé electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por calquera dos mecanismos



## Concello de Vigo

de identificación admitidos nela e incluíra unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

-Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas.

-Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1. Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe e data de emisión.
2. Nominas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contratos de traballo e documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social (RNT e RLC).
3. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
4. Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:
  - Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
  - Que foron abonadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.
  - Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
  - Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do IRPF e suxeitos a retención, que foi practicada a mesma, declarada, liquidada e ingresada na AEAT.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total é o que se reflicte na memoria de rendición (Base 38.5 execución orzamentos).

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

Será esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, reflectíndose nunha Táboa todos os gastos acreditados mediante as mesmas.

Se a beneficiaria da axuda solicitase a devolución dos xustificantes orixinais que se tiveron en conta para facer a fiscalización e o pagamento, se estes fosen facturas en papel, o servizo xestor das axudas procederá á súa devolución, obtendo os orixinais do expediente electrónico, que serán substituídas con

copias validadas que serán enviadas polo servizo xestor do gasto, procedendo ó “*estampillado*” de todas as facturas orixinais retiradas, na que se fará constar, que a devandita factura foi tida en conta na conta xustificativa da subvención outorgada polo servizo, que quedará reflectida no corpo da factura. En ningún caso serán retirados os orixinais sen achegar copias compulsadas que substituirán aos orixinais.

No caso de xustificación con facturas electrónicas, no documento asociado á factura electrónica, farase constar esta circunstancia. De non ser posible esta acreditación, a xefatura do servizo, ante a solicitude do beneficiario, emitirá un informe no que se acreditará os números de facturas que se tiveron en conta para xustificar a subvención ante o Concello (Base 38.4.B] execución orzamentos).

DÉCIMO QUINTA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO SEXTA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Política de Benestar Social. O/a responsable técnico/a do Programa emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMO SÉTIMA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política de Benestar Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO OITAVA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007. Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO NOVENA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos preceptos da LRXSP (L.40/2015) e da LPACAP (L.39/2015) relativos ó exercicio da potestade sancionadora.

VIXÉSIMA.- En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos da entidade beneficiaria e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social. A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto deste Convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais





## Concello de Vigo

actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan á entidade beneficiaria e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org)

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerese pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local, a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006, polos pactos que se conteñen neste Convenio, as Bases de execución dos vixentes Orzamentos municipais, o Plan Estratéxico de Subvencións (PES) e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Administración Municipal, dou fe.

POLO CONCELLO DE VIGO  
A CONCELLEIRA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL,  
Asdo.: Yolanda Aguiar Castro

Perante mín,  
A SECRETARIA DE ADMÓN. MUNICIPAL,  
Asdo.: Susana Gallardo Fariña

POLA AECC,  
Asdo.: M<sup>a</sup> del Carmen Abeledo Márquez

### **7(527).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO PROCEDIMENTO PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE PENSOS E DEMAIS FORRAXES PARA CONSUMO DOS ANIMAIS DE VIGO ZOO. EXPTE. 11158/612.**

Visto o informe de fiscalización do 22/06/2022, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada en data 21/06/2022, que di o seguinte:

#### 11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de pensos e demais forraxes para consumo dos animais de VigoZoo (expediente 11.158-612)

## **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de pensos e demais forraxes para consumo dos animais de VigoZoo (expediente 11.158-612)

## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 1 de abril de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“PRIMEIRO.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do subministro de pensos e demais hortalizas para a fauna de VigoZoo (exp. 11158-612).*

*SEGUNDO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas que rexerá a contratación, redactado polo Veterinario de VigoZoo con data 07/03/22 e o prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Técnica de Administración Xeral-Contratación e a Xefa do Servizo de Contratación con data 09/03/22.*

*TERCEIRO.- Autorizar o gasto por un importe máximo de 47.803,48 €, sendo o importe correspondente ao IVE a soportar pola Administración (3.259,10 €). O financiamento do contrato de subministro será a cargo da partida 3371.221.05.00 “Pienso de Animais”.*

*CUARTO.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 8 de xuño de 2022 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Tomar razón da non admisión neste procedemento de PÉREZ GROBA CARAMUXO, S.L., acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 28 de abril de 2022, por ter presentado a proposición non encriptada e coñecerse o seu contido antes do acto de apertura (artigo 139 da LCSP e cláusula 13.4i.1 do PCAP).*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do*



## Concello de Vigo

*subministro de pensos e demais forraxes para consumo dos animais de VigoZoo (expediente 11.158-612) na seguinte orde descendente:*

<b>Orde</b>	<b>Licitador</b>	<b>Puntuación total</b>
1º	CEREALES Y PIENSOS LA MOLINERA, S.L.	100 puntos

*Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CEREALES Y PIENSOS LA MOLINERA, S.L. (B-94.040.896), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CEREALES Y PIENSOS LA MOLINERA, S.L., o día 9 de xuño de 2022, que presenta a documentación requirida os días 15 e 20 de xuño, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 21 de xuño de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CEREALES Y PIENSOS LA MOLINERA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no

artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CEREALES Y PIENSOS LA MOLINERA, S.L., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula, de data 31 de maio de 2022.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón da non admisión neste procedemento de PÉREZ GROBA CARAMUXO, S.L., acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 28 de abril de 2022, por ter presentado a proposición non encriptada e coñecerse o seu contido antes do acto de apertura (artigo 139 da LCSP e cláusula 13.4i.1 do PCAP).*
2. *Adxudicar a CEREALES Y PIENSOS LA MOLINERA, S.L. (B-94.040.896) o procedemento aberto para a contratación do subministro de pensos e demais forraxes para consumo dos animais de VigoZoo (expediente 11.158-612) coas seguintes condicións:*
  - a) *O prezo total do contrato é de 47.803,48 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.259,10 euros.*
  - b) *Propón unha porcentaxe única de desconto a aplicar aos prezos unitarios recollidos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do 10%.*
  - c) *Propón 1 presentación en fariñas e 2 presentacións en pellets de diferentes tamaños.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

**ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**8(528).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE DIVULGACIÓN DOS EQUIPAMENTOS DEPENDENTES DE PATRIMONIO HISTÓRICO. EXPTE. 10480/307.**

Visto o informe de fiscalización do 22/06/2022, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada en data 21/06/2022, que di o seguinte:



## Concello de Vigo

### 11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de divulgación dos equipamentos dependentes de Patrimonio Histórico (10.480-307)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de divulgación dos equipamentos dependentes de Patrimonio Histórico (10.480-307)

### **ANTECEDENTES**

Primeiro.- Con data do 21 de abril de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“1º.- Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria do SERVIZO DE DIVULGACIÓN DOS EQUIPAMENTOS DE PATRIMONIO HISTÓRICO.*

*2º.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas asinado pola xefa de Patrimonio Histórico o 28 de febreiro de 2022.*

*3º.- Aprobar o Prego de Prescricións Administrativas Particulares asinado pola técnica de Administración Xeral e a xefa do Servizo de Contratación o 31 de marzo de 2022.*

*4º.- Autorizar o gasto:*

- *ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (IVE incluído): 151.299,87 euros*
- *IVE A SOPORTAR POLA ADMINISTRACIÓN (21%): 26.258,66 euros*
- *VALOR ESTIMADO DO CONTRATO: 166.721,62 euros*
- *ANUALIDADES CON IVE:*

<i>Anualidade</i>	<i>Importes</i>	<i>Partidas</i>
<i>2022</i>	<i>22.276,39 euros</i>	<i>3360.2279900: 18.719,06 euros 3360.2269902: 3.557,33 euros</i>

2023	50.433,29 euros	3360.2279900: 40.000,00 euros 3360.2269902: 6.700,00 euros 3360.2270601: 3.733,29 euros
2024	50.433,29 euros	3360.2279900: 40.000,00 euros 3360.2269902: 6.700,00 euros 3360.2270601: 3.733,29 euros
2025	28.156,90 euros	3360.2279900: 28.156,90 euros

5º.- *Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 3 de xuño de 2022 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de divulgación dos equipamentos dependentes de Patrimonio Histórico (10.480-307) na seguinte orde descendente:*

	<b>Licitador</b>	<b>Puntuación total</b>
1	VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, S.L.	100 puntos

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, S.L. (B-36.917.201), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, S.L., o día 3 de xuño de 2022, que presenta a documentación requirida o 16 e 17 de xuño, dentro do prazo concedido.



## Concello de Vigo

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 21 de xuño de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, S.L., de conformidade co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor do 23 de maio de 2022 e o acordo da Mesa de data 2 de xuño polo que se lle outorgou a máxima puntuación por ser o único licitador admitido (cláusula 16.3 do PCAP).

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, S.L. (B-36.917.201) o procedemento aberto para a contratación dos servizos de divulgación dos equipamentos dependentes de Patrimonio Histórico (10.480-307) coas seguintes condicións:*

- a) O prezo total do contrato é de 151.008,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 26.208,00 euros.*

- b) *Propón 50 horas anuais a maiores do mínimo esixido na cláusula IV do PPT (1.500 horas anuais para O Castro e CIMR e Vila Romana de Toralla e 40 horas anuais para Villa Solita) de apertura dos tres equipamentos, fóra do horario habitual e sen custo para o Concello.*
- c) *Comprométese a deseñar, realizar e valorar estudos de público usuario dos equipamentos de acordo co previsto no apartado 7B do Anexo I -FEC- do PCAP.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **9(529).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE CREACIÓN E DIFUSIÓN DAS CAMPAÑAS E ACCIÓNS INSTITUCIONAIS DE PUBLICIDADE E COMUNICACIÓN PROMOVIDAS DENDE O CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 6781/241.**

Visto o informe de fiscalización do 21/06/2022, dáse conta do informe-proposta de data 17/06/2022, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, pola concelleira-delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal e pola titular da Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do servizo de creación e difusión de campañas e accións institucionais de publicidade e comunicación promovidas desde o Concello de Vigo (PCAP)





## Concello de Vigo

- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto do servizo de creación e difusión de campañas e accións institucionais de publicidade e comunicación promovidas desde o Concello de Vigo (PPT)
- Regulamento (UE) Nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, o Fondo Social Europeo, o Fondo de Cohesión, o Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e o Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e establecendo disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca e derrógase o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello.

### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Na sesión do 26 de novembro de 2020 a Xunta de Goberno local (en adiante XGL) acordou aprobar o expediente de contratación, os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, e a apertura do procedemento de licitación para a contratación do servizo de creación e difusión de campañas e accións institucionais de publicidade e comunicación promovidas desde o Concello de Vigo.

**Segundo.-** O 4 de febreiro de 2021 a XGL adoptou o seguinte acordo:

1. *“Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 15 de xaneiro de 2021 de RODRIGO Y ASOCIADOS CENTRAL DE MEDIOS, S.L. por non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP.*
2. *Adxudicar a ECOVIGO PUBLICIDAD, S.L. (B-36.614.808) o procedemento aberto para a contratación do servizo de creación e difusión de campañas e accións institucionais de publicidade e comunicación promovidas desde o Concello de Vigo (18.174-101) por un prezo total de 1.387.835,32 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 240.863,98 euros, e coa seguinte redución sobre os prezos unitarios recollidos no apartado 3.G da FEC:*
  - a) Realización da Estratexia de Comunicación xeral institucional: 50%
  - b) Deseño da imaxe e proposta de creatividade de cada unha das campañas: 33,33%
  - c) Deseño dos bandos institucionais: 41,18%
  - d) Deseño dos anuncios de carácter obrigatorio e institucional: 44,44%
  - e) Realización e produción de cuñas radiofónicas: 20%
  - f) Redución dos custes correspondentes ás tarifas para cada un dos espazos dos medios de comunicación e soportes publicitarios exteriores recollidos no apartado 3.G.f

1.- PRENSA ESCRITA:

- 1) Faro de Vigo: 20,35%
- 2) La Voz de Galicia: 18,67%
- 3) Atlántico Diario: 11,90%

2.- RADIO:

- 1) Radio Vigo: 14,05%
- 2) COPE: 0%
- 3) Onda Cero: 30,50%
- 4) Kiss FM: 62,00%

3.- MEDIOS DIXITAIS:

- 1) La Voz de Galicia.es: 18,67%
- 2) Faro de Vigo.es: 20,35%
- 3) Atlántico Diario.es: 11,90%
- 4) Outros soportes (Galicia Ciencia, Vigo E, Vigoalminuto, Cies podcast, Galicia Confidencial, A Movidia e Metropolitano): 9,39%

4.- TELEVISIÓN:

- 1) Televigo: 28,50%

*g) Impresión do material gráfico detallado no apartado 3.G.g: 30,75%*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

**Terceiro.-** O contrato formalizouse en data 2 de marzo de 2021. O prazo do contrato é de un ano, contado a partir do día seguinte ao da sinatura do mesmo. Están contempladas tres prórrogas de un ano cada unha.

**Cuarto.-** A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 24 de febreiro de 2022 acordou a primeira prórroga do contrato, polo período comprendido entre o 3 de marzo de 2022 e 2 de marzo do 2023.

**Quinto.-** En data 20 de maio de 2022 a Xefa da unidade administrativa da Alcaldía, a instancia do Xefe da área de Investimentos, segundo informes de data 19 de maio de 2022, solicita o inicio dun expediente de modificación deste contrato para incluír no mesmo:

- O Plan de comunicación do proxecto piloto para implantación do Plan de Comunicación da Axenda de Vigo.
- O Plan de Comunicación da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado -EDUSI VIGO VERTICAL- .



## Concello de Vigo

**Sexto.-** Con data do 6 de xuño de 2022 a concelleira delegada de Contratación resolveu:

*1º.- Iniciar o procedemento para a modificación do procedemento aberto para a contratación aberto do servizo de creación e difusión de campañas e accións institucionais de publicidade e comunicación promovidas desde o Concello de Vigo (Expediente 18.174-101), por mor das circunstancias recollidas no fundamento xurídico II deste informe.*

*2º.- A modificación, por un importe de 275.880 €, supón unha variación do prezo do contrato dun 19,8784 %. Consiste en:*

- a) *Inclusión do plan de comunicación do proxecto piloto para a implantación do plan de acción da Axenda Urbana de Vigo: 68.970,00 €*

*O importe da modificación se distribúe nas seguintes anualidades:*

*Ano 2022: 68.970,00 €*

*O importe da modificación imputarase as seguintes aplicacións orzamentarias, asociadas ao proxecto con código FEDER04, Identificador 22153202, Piloto Axenda Urbana:*

- 9120.227.99.06 (producción e seguimento Plan de Medios): 32.214,30 €*
- 9121.226.02.00 (anuncios, bandos e campañas institucionais): 36.755,70 €*

- b) *Inclusión do Plan de Comunicación da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado -EDUSI VIGO VERTICAL-: 206.910 euros*

*O importe da modificación se distribúe nas seguintes anualidades:*

- Ano 2022: 100.000,00 €*
- Ano 2023: 106.910,00 €*

*O importe da modificación imputarase a aplicación orzamentaria 1539.226.02.00.*

*3º.- Unha vez aprobado o acordo de modificación, o contratista deberá reaxustar a garantía definitiva, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización.*

*4º.- Dar audiencia ao adxudicatario, por prazo de dez días, para que formule as alegacións que o seu dereito conveñan”.*

**Sétimo.-** Evacuado trámite de audiencia ao contratista, manifestou a súa conformidade en escrito de data 7 de xuño de 2022.

Oitavo.- En data 17 de xuño de 2022, a Xefa da unidade administrativa da Alcaldía emite dilixencia advertindo dun erro aritmético no seu informe.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**-I-**

### **Legislación aplicable**

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a legislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola legislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do CC), é dicir:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.

**-II-**

### **Da modificación dos contratos**

A legislación de contratos das Administracións públicas reconece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos nela sinalados (artigos 203.1 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou excepcionalmente, nos casos e cos límites establecidos no artigo 205 (artigo 203.2 LCSP).

É dicir, a Lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato durante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analízalos con



## Concello de Vigo

carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ao redactalas (artigo 204.1 LCSP). Evítase así conculcar os principios de igualdade, libre competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación e nos artigos 1 e 132 do LCSP.

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a límites cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego. Pola contra, esíxese unha relación detallada e precisa dos seguintes aspectos (artigo 204 LCSP):

- A cláusula de modificación deberá estar formulada de forma clara, precisa e inequívoca.
- No que respecta ao seu contido, a cláusula de modificación deberá precisar co detalle suficiente o seu alcance, límites e natureza; as condicións en que se poderá facer uso dela por referencia a circunstancias cuxa concorrencia se poida verificar de forma obxectiva; e o procedemento que se deba seguir para realizar a modificación.
- A cláusula de modificación establecerá que a modificación non poderá supor o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.
- A modificación non poderá alterar a natureza global do contrato inicial.

Nesta liña, no caso que nos ocupa, o prego prevé a modificación do contrato no apartado 15 do Anexo I -FEC- nos seguintes termos:

### “15. MODIFICACIÓN DO CONTRATO

- A) **ESTÁ PREVISTA A MODIFICACIÓN DO CONTRATO:** si
- B) **ASPECTOS A MODIFICAR:** o importe do orzamento máximo
- C) **CIRCUNSTANCIAS QUE DETERMINAN A MODIFICACIÓN:** un incremento das necesidades estimadas inicialmente por xurdir obrigas de información á cidadanía orixinadas por circunstancias extraordinarias e non previstas no contrato
- D) **LIMITES DA MODIFICACIÓN:** 20% do prezo do contrato”

Con carácter previo á exposición da modificación proposta é preciso indicar cal é o obxecto do contrato que nos ocupa. Segundo o apartado 2.A da FEC do PCAP son *“servizos de axencia de publicidade para crear e canalizar a través dos medios de comunicación e soportes publicitarios as diferentes campañas e accións institucionais de publicidade e comunicación promovidas desde o Concello de Vigo e que se consideran de interese para informar á cidadanía. O servizo consiste na cobertura das distintas campañas institucionais de publicidade e comunicación, bandos institucionais e anuncios de información municipal de carácter obrigatorio”*.

A **modificación** proposta consiste nun incremento do presuposto base de licitación para a realización de dúas campañas de publicidade:

- O Plan de comunicación do proxecto piloto para implantación do Plan de Comunicación da Axenda de Vigo.
- O Plan de Comunicación da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado -EDUSI VIGO VERTICAL- .

Se ben a priori as campañas propostas encaixarían no obxecto do contrato, compre analizar a continuación se a modificación obedece as circunstancias que segundo o prego, a determinarían.

**a) Plan de comunicación do proxecto piloto para implantación do Plan de Comunicación da Axenda de Vigo:**

Esta modificación obedece á concesión polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana dunha subvención de 250.000,00 € ao Concello de Vigo no marco da Orde TMA/957/2021 de 7 de setembro, que regula as bases e convocatoria para os Plans de Acción da Axenda Urbana identificados como proxectos piloto.

Consonte os informes técnicos obrantes no expediente:

*“O proxecto presentado polo Concello de Vigo para a implantación do proxecto PILOTO da Axenda Urbana en Vigo, correspóndese na súa globalidade cos procesos necesarios que desenvolve o modelo AUE, e de forma específica identifica un apartado específico para as obrigas en relación as ACCIÓNS DE COMUNICACIÓN DA AXENDA URBANA DE VIGO. Este apartado conforma un area de traballo muy significativa en el modelo Axenda Urbana Española, xa que un dos principais obxectivos se centra en desenvolver todas as actuacións posibles para poder chegar a cidadanía a través dunha comunicación áxil e sinxela que posibilite dar coñecemento do proxecto o tempo que se fomente a participación garantindo así mesmo unha boa actuación no ámbito da Gobernanza.*

*Dito plan deberá incluír as seguintes actuacións:*

- Creación dun logotipo para a Axenda Urbana de Vigo para xerar unha visibilidade clara, eficaz e adecuada que poden ser utilizada en todas as accións do proxecto.*
- Elaboración de material para a difusión das accións vinculadas a esta fase de deseño do Plan de implementación da Axenda Urbana de Vigo (pezas audiovisuais para radio e Tv Local, Pezas gráficas para prensa e medios dixitais, etc.)*
- Elaboración dun manual de comunicación para o desenvolvemento dos procesos de comunicación.*
- Elaboración e execución dun plan de comunicación para a fase de desenvolvemento do plan de implementación da Axenda Urbana en Vigo”.*

O desenvolvemento da Axenda Urbana, no marco da subvención outorgada, implica determinadas obrigas de comunicación das actuacións realizadas á cidadanía. Isto implica a necesidade de realizar un novo plan de comunicación. Este plan encaixa na circunstancia prevista no apartado 15.C da FEC, posto que supón un incremento das necesidades de comunicación estimadas inicialmente por xurdir obrigas de información á cidadanía orixinadas por circunstancias extraordinarias e non previstas no contrato, como acontece coa concesión dunha subvención que impón determinadas obrigas de comunicación.

**b) Plan de Comunicación da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado -EDUSI VIGO VERTICAL-:**

Esta modificación deriva do feito de que a responsable de Comunicación da autoridade de xestión do proxecto EDUSI VIGO VERTICAL (Dirección General de Fondos Europeos do Ministerio de Hacienda) requiriu ao Concello de Vigo a mellora da súa estratexia de comunicación do citado proxecto.



## Concello de Vigo

O Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional concedeu unha axuda ao Concello de Vigo, por un importe de 15.000.000,00 € , para o desenvolvemento do proxecto “VIGO VERTICAL”, presentado no marco da Orde HAP/2427/2015, que regula as bases e convocatoria para a selección de estratexias de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado cofinanciadas mediante o programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020. Axuda aprobada por Resolución do 12 de decembro de 2016, da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos.

Este programa impón, entre outras, obrigas de comunicación das actuacións realizadas co obxectivo de dar a coñecer o papel que desempeña a Unión Europea, así como a súa intervención a través dos Fondos Estruturais nas referidas actuacións (artigo 115 e anexo XII, sección 2.2, punto 1, letra a) do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 de decembro de 2013).

Tras o requirimento da responsable de Comunicación da autoridade de xestión do proxecto, esta Administración elaborou un novo plan de comunicación que foi aprobado pola mesma en data 16 de febreiro de 2022, o que motiva a necesidade de modificar o contrato para dar cumprimento ao mesmo.

A realización deste novo plan de comunicación encaixa na circunstancia prevista no apartado 15.C da FEC, posto que supón un incremento das necesidades estimadas inicialmente por xurdir obrigas de información á cidadanía orixinadas por circunstancias extraordinarias e non previstas no contrato, como acontece coa concesión dunha subvención que impón determinadas obrigas de comunicación.

É preciso por de releve, con respecto a ambos procedementos que a UE impón obrigas de publicidade e comunicación das accións subvencionadas cos seus fondos no artigo 115 e no anexo XII, sección 2.2 do Regulamento (UE) Nº 1303/2013. Establece o citado artigo, no seu apartado 1 que:

*“Los Estados miembros y las autoridades de gestión serán responsables de:*

*a) elaborar estrategias de comunicación;*

*b) velar por el establecimiento de un sitio o un portal de internet único que proporcione información sobre todos los programas operativos de ese Estado miembro y acceso a los mismos, incluida la información sobre el calendario de ejecución de los programas y todos los procesos de consulta pública relacionados;*

*c) informar a los beneficiarios potenciales sobre las oportunidades de financiación conforme a los programas operativos;*

*d) dar a conocer a los ciudadanos de la Unión el papel y los logros de la política de cohesión y de los Fondos por medio de acciones de información y comunicación acerca de los resultados y el impacto de los acuerdos de asociación, los programas operativos y las operaciones”.*

**-III-**

### **Da concorrencia dos requisitos para a modificación do contrato**

A potestade de modificación unilateral da Administración ou ius variandi, queda sometida a tres tipos de límites:

- **Límites procedimentais:** a previa audiencia do contratista (artigo 191.1 LCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, no caso das modificacións previstas no PCAP cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 191.3.b LCSP).
- **Límites materiais:** os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público, nos casos e na forma previstos na lei, ou no seu caso, no prego.
- **Límites económicos:** a obriga da Administración de compensar ao contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

Respecto dos límites procedimentais, é preciso dar audiencia ao contratista, se ben non resulta necesario solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia por canto o prezo primitivo do contrato é inferior a 6.000.000 euros. Evacuado o trámite de audiencia o contratista, esta manifestou a súa conformidade coa modificación proposta.

Respecto dos límites materiais, a modificación obedece a unha razón de interese público:

Aprobar tanto o Plan de comunicación do proxecto piloto para implantación do Plan de Comunicación da Axenda de Vigo, como o Plan de Comunicación da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado -EDUSI VIGO VERTICAL-, para cumprir coas obrigas de publicidade e información impostas pola normativa europea e nacional respecto as actuacións realizadas con cargo a Fondos Europeo.

Respecto dos límites económicos, dado que a modificación supón variación do prezo do contrato é preciso compensar ao contratista. A modificación proposta ascende a 275.880 €, o que supón un 20% do prezo máximo do contrato. Atópase dentro do límite da modificación prevista no prego, que é do 20% do prezo do contrato (1.387.835,32 €). A modificación desagregase do seguinte xeito:

a) Plan de Comunicación do proxecto piloto para a implantación do plan de acción da Axenda Urbana de Vigo: 68.970,00 €

O importe da modificación se distribúe nas seguintes anualidades:

- Ano 2022:

O importe da modificación imputarase as seguintes aplicacións orzamentarias, asociadas ao proxecto con código FEDER04, Identificador 22153202, Piloto Axenda Urbana:

- 9120.227.99.06 (produción e seguimento Plan de Medios): 24.495,60 €
- 9121.226.02.00 (anuncios, bandos e campañas institucionais): 44.474,40 €

b) Plan de Comunicación da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado (EDUSI VIGO VERTICAL): 206.910 euros





## Concello de Vigo

O importe da modificación se distribúe nas seguintes anualidades:

- Ano 2022: 100.000,00 €
- Ano 2023: 106.910,00 €

O importe da modificación imputarase a aplicación orzamentaria 1539.226.02.00.

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigo 114.3 TRRL). A modificación acordada será obrigatoria para o contratista (artigo 206 da LCSP) e deberá formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 LCSP e publicarse (artigo 203.3 LCSP).

De conformidade co artigo 153.3 da LCSP, ao tratarse dun procedemento sometido a recurso especial en materia de contratación (apartado 1J do Anexo I -FEC- do PCAP) a formalización non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles desde que se remita a notificación da súa aprobación ao contratista.

Respecto á publicidade determina o artigo 207.3 que cando se modifique un contrato durante a súa vixencia, con independencia de se este está ou non suxeito a regulación harmonizada e da causa que xustifique a modificación, deberá publicarse en todo caso un anuncio de modificación no perfil de contratante do órgano de contratación no prazo de 5 días desde a súa aprobación, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de todos os informes que, de ser o caso, se solicitasen con carácter previo á súa aprobación, incluídos aqueles achegados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación.

### **-IV-**

#### **Do reaxuste da garantía definitiva**

O artigo 109.3 da LCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. O reaxuste deberá realizarse no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

### **-V-**

#### **Do cumprimento dos restantes trámites do procedemento de modificación**

Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do ius variandi, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ao que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, ao ser un municipio de grande poboación rexido polo Título X da LBRL, hai que entendelas

feitas ao titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 2ª da LCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións públicas aos secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.

## -VI- Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

*“1º.- Modificar o procedemento aberto para a contratación aberto do servizo de creación e difusión de campañas e accións institucionais de publicidade e comunicación promovidas desde o Concello de Vigo (Expediente 18.174-101), por mor das circunstancias recollidas no fundamento xurídico II deste informe.*

*2º.- A modificación, por un importe de 275.880 €, supón unha variación do prezo do contrato dun 19,8784 %. Consiste en:*

- a) *Inclusión do plan de comunicación do proxecto piloto para a implantación do plan de acción da Axenda Urbana de Vigo: 68.970,00 €*

*O importe da modificación se distribúe nas seguintes anualidades:*

*Año 2022: 68.970,00 €*

*O importe da modificación imputarase as seguintes aplicacións orzamentarias, asociadas ao proxecto con código FEDER04, Identificador 22153202, Piloto Axenda Urbana:*

- 9120.227.99.06 (producción e seguimento Plan de Medios):  
24.495,60 €*
- 9121.226.02.00 (anuncios, bandos e campañas institucionais):  
44.474,40 €*

- b) *Inclusión do Plan de Comunicación da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado -EDUSI VIGO VERTICAL-: 206.910 euros*

*O importe da modificación se distribúe nas seguintes anualidades:*



## Concello de Vigo

- Ano 2022: 100.000,00 €
- Ano 2023: 106.910,00 €

*O importe da modificación imputarase a aplicación orzamentaria 1539.226.02.00.*

*3º.- Unha vez aprobado o acordo de modificación, o contratista deberá reaxustar a garantía definitiva, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización”.*

### **ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **10(530).- DECLARAR DESERTO O PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA A IMPARTIÇÃO DUN CURSO DE RESCATE ACUÁTICO PARA O PERSOAL DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO. EXPTE 6642/213.**

Dáse conta da proposta da Mesa de Negociación realizada con data 23/06/2022, que di o seguinte:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos (DECLARACIÓN PROCEDEMENTO DESERTO)

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo para a impartición dun curso teórico-práctico de rescate acuático en lámina superior para o persoal de extinción de incendios e salvamento do Concello de Vigo (6.642-213)

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación do servizo para a impartición dun curso teórico-práctico de rescate acuático en lámina superior para o persoal de extinción de incendios e salvamento do Concello de Vigo (6.642-213)

## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 2 de xuño de 2022 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, do servizo para a impartición dun curso teórico-práctico de rescate acuático en lámina superior para o persoal de extinción de incendios e salvamento do Concello de Vigo (6.642-213).

**Segundo.-** A Mesa de Contratación, na sesión que tivo lugar o 23 de xuño de 2022, acordou non admitir neste procedemento ao único licitador presentado, VERTICALIA FORMACIÓN, por ter presentado a súa proposición descifrada (motivo de exclusión recollido na cláusula 14.1 do PCAP *“A presentación de documentos non encriptados dos que puidese coñecerse o seu contido antes do correspondente acto de apertura dará lugar á non admisión do licitador”*).

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que o único licitador presentado neste procedemento non foi admitido por ter presentado a súa proposición descifrada (motivo de exclusión recollido na cláusula 14.1 do PCAP *“A presentación de documentos non encriptados dos que puidese coñecerse o seu contido antes do correspondente acto de apertura dará lugar á non admisión do licitador”*), procede declarar deserto este procedemento.

Á vista do exposto, proponse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

*“Declarar deserto o procedemento aberto para a contratación do servizo para a impartición dun curso teórico-práctico de rescate acuático en lámina superior para o persoal de extinción de incendios e salvamento do Concello de Vigo (6.642-213) porque o único licitador presentado, VERTICALIA FORMACIÓN, presentou a súa proposición descifrada (motivo de exclusión recollido na cláusula 14.1 do PCAP *“A presentación de documentos non encriptados dos que puidese coñecerse o seu contido antes do correspondente acto de apertura dará lugar á non admisión do licitador”*).*

### **ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.



## Concello de Vigo

### **11(531).- PROXECTO DE CONVENIO COA FEDERACIÓN OLÍVICA DE ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS E ALUMNAS DE VIGO E COMARCA (FOANPA) PARA O ANO 2022 POLO DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE COMEDORES DAS ANPAS DE ENSINO INFANTIL E PRIMARIO PÚBLICO DURANTE O ANO 2022. EXPTE. 26064/332.**

Visto o informe de fiscalización do 23/06/2022, dáse conta do informe-proposta de data 13/06/2022, asinado polo técnico medio de Actividades Culturais e Educativas, pola xefa do Servizo de Educación, polo concelleiro-delegado de Educación e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

A Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos/as de Vigo e Comarca (FOANPAS) achegou con data de 08 de xuño de 2022 a través do Rexistro electrónico do Concello (**Código Solicitud W707781-4249 e n.º de doc. 220124657**) unha solicitude para proceder á tramitación do convenio 2022 entre o Concello de Vigo e a FOANPA, para coadxuvar o financiamento dos seus gastos de funcionamento e xestión, contribuír ao financiamento da realización de actividades extraescolares e á prestación do servizo de comedores das ANPAS dos centros públicos de ensino infantil e primario pertencentes a esta Federación no ano 2022.

A esta solicitude achégase a seguinte documentación:

- Estatutos Foanpas.
- Tarxeta de Identificación Fiscal.
- Anexo I de realización de Actividades Extraescolares e Taller Matinal.
- Anexo II co informe e memoria económica.
- Declaración xurada de que FOANPAS é unha entidade sen ánimo de lucro.
- Declaración xurada onde a presidenta declara que ten capacidade xurídica para contratar coa Administración Pública (Concello de Vigo) e que non ten ningunha incompatibilidade para contratar segundo a Lei 30/2007 de 30 de Outubro.
- Declaración da presidenta de que FOANPAS non está incurso en ningunha prohibición para ser beneficiaria das subvencións pola Lei galega 9/2007 de subvencións de Galicia, do 13 de xuño.
- Certificación acreditativa de estar ao corrente das obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) expedido en data 16/05/2022.
- Certificación acreditativa de estar ao corrente das obrigas tributarias fronte á Axencia Tributaria de Galicia expedido en data 16/05/2022.

- Certificación acreditativa de estar ao corrente das súas obrigas coa Tesourería Xeral da Seguridade Social expedido en data 16/05/2022.
- Declaración xurada da presidenta de que FOANPAS non ten débedas coa Consellería de Facenda, Axencia Tributaria de Facenda, Tesorería da Seguridade Social e o Concello de Vigo.
- Certificado da conta bancaria de FOANPAS.
- Declaración da presidenta de FOANPAS xustificando as axudas e subvencións solicitadas e/ou concedidas neste ano 2022.
- Certificado do Concello de Vigo co número de rexistro de FOANPAS no Rexistro Municipal de Asociacións.
- Certificado do Secretario da Federación coa relación dos membros da Xunta Directiva aprobados en asemblea.

## **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas( LPAC).
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (LTAIBG).
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).
- Real Decreto 887/2016, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións (RLXS).
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e regulamento de desenvolvemento.
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).
- Bases de execución do Orzamento Xeral da Corporación para o ano 2022.

## **CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

**1.- Obxecto:** O presente expediente ten por obxecto a aprobación dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a FOANPAS para mellorar e complementar servizos escolares, culturais e deportivos, tales como a prestación do servizo de comedor como necesidade vital de primeira orde nun intre no que motivado pola pandemia sanitaria e crise económica moitas familias se empobrecen e onde tamén se promove unha alimentación sa e equilibrada e a adquisición duns hábitos nutricionais saudábeis; e por outra banda tamén para a realización de actividades



## Concello de Vigo

extraescolares de distintas disciplinas formativas fóra do horario lectivo e no tempo libre dos escolares nas que se promoven o exercicio físico e a práctica regular de actividade deportiva, así como en xeral a mellora da formación cultural dos escolares e das familias no seu conxunto.

**2 .- Procedemento de concesión directa:** Respecto da concesión de subvención o artigo 22.2 da LXS determina a posibilidade de concesión de forma directa das subvencións previstas nominativamente no presuposto, e con carácter excepcional, aquelas outras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico o humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

A cantidade de 606.039,31 euros está prevista nominativamente no vixente orzamento municipal, concretamente na aplicación orzamentaria 3260.489.0001 "Convenio Foanpa" (art. 22.2.a LXS).

A previsión da subvención como nominativa nos orzamentos municipais implica que se seguiu o procedemento de tramitación e aprobación dos orzamentos previsto nos artigos 168 e 169 do TRLRFL (de carácter público e deliberativo no Pleno municipal) e que os ditos fondos públicos están destinados a un beneficiario concreto e afectados a un propósito, finalidade ou actividade específica.

Este financiamento municipal para a prestación do servizo de comedor é complementario coas "axudas municipais escolares de libros e comedor" que promove anualmente o servizo municipal de benestar social a través das bases reguladoras e convocatoria específica para a concesión de axudas municipais para libros e comedor, para alumnado de centros docentes públicos e privados-concertados de educación infantil (2ª etapa), educación primaria e secundaria do Concello de Vigo.

A ausencia de convocatoria pública e/ou concorrencia vén motivada porque todas as posibles beneficiarias desta subvención, é dicir, todas as ANPAs legalmente constituídas dos centros de ensino público de infantil e primaria da nosa cidade, están integradas na FOANPAS sendo esta última a única federación de ANPAs públicas legalmente constituída na nosa cidade, e polo tanto con capacidade lexítima para asumir a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determina a concesión da referida subvención.

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio a través do cal se canalicen estas subvencións establecerá as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto na lei.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e as certificacións achegadas ao expediente, a entidade non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O interese público, social e educativo, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa que consta no expediente, documento obrigado segundo sinala o artigo 50 da Lei 40/2015 e o artigo 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscripción do convenio, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei en atención á singularidade da entidade beneficiaria.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o 31 de decembro de 2022, sendo gastos subvencionables aqueles que, segundo o artigo 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

**3.- Competencia:** A normativa de réxime local (Art. 25.1 da Lei 7/1985 e artigos 80.1 e 80.2 n) e ñ) da Lei de Galicia 5/1997), recollen que os municipios para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal e dispoñen que o municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, entre outras, en aspectos culturais e relacionados coa ensinanza.

Na redacción contida na Lei 7/1985, dispónse como competencias municipais propias, entre outras, que exercerán as administracións locais nas distintas materias as seguintes:

- 25.2.e) Atención a persoas en situación de necesidade social ou risco de exclusión social.
- 25.2.j) Protección da salubridade pública.
- 25.2.l) Promoción do deporte e de ocupación do tempo libre.
- 25.2.m) Promoción da cultura.

Igualmente na reforma lexislativa introducida pola Lei 27/2013 LRSAL en vigor desde o 31/12/2013, recóllese un marco normativo temporal na súa Disposición adicional decimoquinta respecto á “asunción polas Comunidades Autónomas das competencias relativas á educación”, que estará condicionada polo establecemento das normas reguladoras do novo sistema de financiamento autonómico e de facendas locais, e que contemplará a normativa específica para o correspondente traspaso de medios económicos, materiais e persoais”.

A Lei de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013 LRSAL, publicada no DOGA o día 30/05/2014, que entrou en vigor segundo a Disposición adicional derradeira segunda o 31 de maio de 2014, establece na súa Disposición adicional primeira que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013 LRSAL, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación, ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas





## Concello de Vigo

disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais.

A participación dos diversos axentes que conforman a actividade educativa é un dereito e un deber cidadán que o Concello de Vigo, en orde ás competencias que lle son propias, articula a través da subscrición dun convenio de colaboración coa FOANPAS, que é a federación das ANPAs implantadas nos centros públicos de ensino de Vigo de responsabilidade municipal.

Respecto do servizo de comedores, cómpre ter en conta as previsións recollidas no Decreto 132/2013 do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería con competencias en materia educativa; que regula no artigo 2.1 que as asociacións de nais e pais de alumnos e as súas federacións poden xestionar os comedores escolares e no seu artigo 10.1 inclúe entre os recursos para financiar os comedores escolares, achegas en forma de axudas recibidas doutros organismos públicos.

Igualmente, a Lei 38/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, garante a protección total da familia, e a aquelas familias valoradas de especial consideración se lles asegura un trato preferente nos ámbito educativos e cultural. O artigo 8 desta Lei atribúe tamén competencias aos municipios para a execución de programas e proxectos destinados á atención das familias.

Porén, toda vez que entre os obxectivos da FOANPAS están os que son obxecto deste convenio, óptase por subscribir este convenio de colaboración con esta entidade, no que se definen as recíprocas prestacións de ambas as dúas partes que, no que se refire ao Concello, son principalmente de carácter económico e concréntanse, fundamentalmente, na concesión a dita entidade dunha cantidade de diñeiro co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de funcionamento e xestión da FOANPAS e contribuír ao financiamento das actividades extraescolares e á prestación do servizo de comedores das ANPAs de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación, no ano 2022.

O proxecto de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a FOANPAS supón unha actividade de continuidade na sinatura do mesmo, xa que leva desenvolvéndose de xeito ininterrompido en exercicios anteriores dende hai máis de dezasete anos, para atender as tarefas anteriormente expostas, **e dita entidade ten presentado a través do rexistro electrónico municipal co código de solicitude W707781-4249 en data 08/06/2022 e co nº de doc. 220124657** a documentación necesaria e que se adxunta ao presente expediente, para iniciar a tramitación do convenio correspondente ao ano actual.

Recóllese no pacto segundo da proposta de convenio un pago anticipado a favor da FOANPAS con carácter previo á xustificación, que vén motivado pola necesidade desta entidade de dispor de liquidez económica para atender e axustarse ao ritmo de execución das actividades subvencionadas: Coadxuvar no financiamento dos gastos de funcionamento e xestión da FOANPAS, contribuír ao financiamento das actividades extraescolares e á prestación do servizo de comedor das ANPAs de

ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación no ano 2022. Non se considera necesario por parte deste Servizo Municipal de Educación, explicitar e fixar no convenio proposto ningún réxime de garantías dos fondos anticipados entregados, en virtude dos antecedentes satisfactorios e frutuoso dunha colaboración consolidada que veñen mantendo dende fai tempo o Concello de Vigo a través do Servizo de Educación coa FOANPAS. Esta última vén actuando con acreditada solvencia, como recoñecida interlocutora co Concello da meirande parte das ANPAs dos centros de ensino público legalmente constituídas que están integradas na Federación e a vontade de colaboración tamén queda constatada coa cesión dun local municipal na antigas instalacións da Escola de Educación Infantil “O Nogal” (rúa Nogal, n.º 8) que lle permita á FOANPAS un axeitado desenvolvemento das súas funcións.

Para comprobar a adecuada xustificación da subvención, a óptima realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da mesma, ademais da obrigada presentación por parte da FOANPAS dunha memoria final das actividades desenvolvidas no marco do convenio, o Pacto duodécimo contempla a necesaria emisión dun informe técnico ao respecto. Por iso, xunto a cada unha das contas xustificativas que presente a FOANPAS, o Servizo Municipal de Educación, ao tramitar o pago, deberá incorporar o correspondente informe técnico coa conformidade cos xustificantes achegados e polo tanto a procedencia do seu pago.

**4.- Suxeitos que asinan o convenio e capacidade xurídica coa que actúan:** Por unha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que lle atribúe a máxima representación do municipio; correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, ao Concelleiro Delegado de Educación.

Pola outra parte, asinará o convenio dona Iria Salvande Lorenzo, como presidenta da Federación Olívica das Asociación de Nais e Pai de Alumnos de Vigo e Comarca (FOANPAS).

**5.- Tramitación electrónica:** En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), a entidade está obrigada a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas.

**6.- Publicidade:** O convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

**7.- Recursos:** De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985 e 210.a) do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.



## Concello de Vigo

Segundo os artigos 132 e 142 da Lei 39/2015, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

Á vista do exposto, coa conformidade do concelleiro da Área de Educación e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, e previa fiscalización da Intervención xeral, de conformidade co artigo 127.1. g) da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

### **ACORDO:**

1º.- Aprobar o texto do **proxecto de Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos e Alumnas de Vigo e Comarca (FOANPAS) para o ano 2022**, que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para contribuír ao financiamento dos gastos de funcionamento e xestión da FOANPAS, do desenvolvemento das actividades extraescolares e da prestación do servizo de comedores das ANPAS de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación durante o ano 2022.

2º.- Autorizar o gasto de **606.039,31 euros (SEISCENTOS SEIS MIL TRINTA E NOVE EUROS CON TRINTA E UN CÉNTIMOS)** a favor da Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos e Alumnas de Vigo e Comarca FOANPAS (CIF: G-36.743.946), como contrapartida do estipulado no presente convenio con cargo á aplicación orzamentaria **3260.489.0001** (Convenio FOANPA) que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo para o ano 2022.

3º.- Facultar ao concelleiro delegado de Educación, D. Gorka Gómez Díaz, para asinar o citado convenio para o caso de ser necesario substitución do Alcalde-Presidente.

4º.- Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

### **ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**“PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN OLÍVICA DE ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS E ALUMNAS DE VIGO E COMARCA (FOANPAS) PARA O ANO 2022”**

Na Casa do Concello de Vigo, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de dous mil vinte e dous

**REUNIDOS**

*Dunha parte, Don Abel Ramón Caballero Álvarez, Alcalde Presidente do Concello de Vigo, en representación deste, de acordo co disposto no art. 124.4.a, da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local.*

*Doutra, Dona Iria Salvande Lorenzo, como presidenta da Federación Olívica das Asociación de Nais e Pai de Alumnos de Vigo e Comarca (FOANPA), CIF nº G-36743946, e enderezo social en Vigo, Camiño do Chouzo nº 2, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación deste expediente núm. 26064/332.*

*Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio*

**MANIFESTAN**

*I.- Que a entidade Federación Olívica das ANPAs de Vigo e Comarca (FOANPAS) define estatutariamente como fins e obxectivos fundamentais que lle corresponden, a loita por un ensino público gratuíto e da máxima calidade. Propón como liñas de traballo a formación integral das ANPAs federadas, a presenza e participación en todos os órganos que teñan relación co ensino público e coa oferta de servizos que supoñan unha participación activa dos pais e nais e como movemento asociativo de forte presenza social. A Federación Olívica de ANPAs de Vigo e Comarca respecta a autonomía de cada ANPA no ámbito das súas competencias.*

*Para posibilitar a participación real das ANPAs é necesario dotalas de instrumentos que lles permitan intervir activamente na vida escolar, como usuarios e usuarias directos/as da educación. Polo que se regularán neste convenio a subvención dos gastos de funcionamento e xestión da FOANPAS e, por outra banda, a concesión de subvencións destinadas á realización de actividades extraescolares e prestación do servizo de comedores das ANPAs de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación.*

*II.- Que o Concello de Vigo pretende consolidar e ampliar mediante este convenio o proxecto de participación activa de todos os axentes involucrados no eido educativo, cultural e deportivo, na procura dunha mellor calidade da ensinanza comezado por este Concello en anos anteriores.*



## Concello de Vigo

A Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local (LRBRL) e as Leis Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE) e Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE), contemplan a necesaria participación, colaboración e coordinación das actuacións no ámbito das súas competencias, das administracións educativas e as Corporacións Locais para acadar unha maior eficacia dos recursos destinados á educación e na mellor consecución dos obxectivos educativos. A Lei Orgánica de Educación (LOE) 2/2006, do 3 de maio, contempla no seu Título Preliminar, Capítulo I, Artigo 1 que un dos principios que inspira o sistema educativo actual é a necesidade dun esforzo compartido, cooperación e colaboración das familias e as corporacións locais; e incide na Disposición final primeira na necesaria participación dos pais e nais no proceso ensinanza-aprendizaxe e na vida do centro educativo dos seus fillos e fillas. A Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) 8/2013, do 9 de decembro, contempla no seu Preámbulo e Artigo 1 hbis) a necesidade de que toda a sociedade civil e moi particularmente as familias e a cooperación entre as administracións asuman un papel activo na transformación do sistema educativo e igualmente salienta o recoñecemento do papel que corresponde aos pais, nais e titores legais como primeiros responsables da educación dos seus fillos. A Lei Orgánica para a Modificación da Lei Orgánica da Educación (LOMLOE) tamén reivindicada o papel activo e implicación das familias, fomentando a obrigatoriedade das familias de respectar a todos os compoñentes da comunidade educativa, ademais de participar de forma cooperativa naqueles proxectos educativos e tarefas que se lles propoñan dende o centro educativo, sobremaneira aquelas actividades que involucren ás familias en temas de igualdade, violencia de xénero ou diversidade cultural.

Polo tanto, as distintas leis educativas como a LOE, a LOMCE e a LOMLOE consideran a educación como o medio máis axeitado para garantir o exercicio da cidadanía democrática, salientando o papel das familias como primeiro axente educativo dos/das nenos/as. Igualmente neste marco legal educativo recóllense esta necesidade e recomendación do papel activo e implicación das familias, propiciando a formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia, dentro dos principios democráticos de convivencia e o fomento da participación de nais e pais na vida do centro educativo.

Cómpre por iso a máxima colaboración entre o Concello de Vigo e as Asociacións de Nais e Pais de Alumnos (ANPAs) para acadar o desenvolvemento dos programas definidos e aqueles que poidan xurdir no ámbito da formación, información e desenvolvemento destas organizacións. Esta colaboración ten como obxectivo primeiro achegar a xestión pública aos intereses dos cidadáns e das cidadás.

**III.-** Que o Concello de Vigo recoñece á Federación Olívica de ANPAs de Vigo e Comarca (FOANPAS) como representante, neste intre, das ANPAs dos centros de ensino público de Educación Infantil, Educación Primaria, ESO, ESPO e Formación Profesional Específica de Vigo, e como canalizador das propostas das ANPAs nas competencias que lle correspondan ao concello neste ámbito.

**IV.-** Que o Concello de Vigo no seu orzamento para o ano 2022, na súa partida 3260.489.0001 (convenio FOANPA), prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de **606.039,31 euros** a favor da Federación Olívica das ANPAs de Vigo e Comarca (FOANPAS). O financiamento municipal correspondente á prestación do servizo de comedor é complementario coas “axudas municipais escolares de libros e comedor” que promove anualmente o servizo municipal de benestar social a través das bases reguladoras e convocatoria específica para a concesión de axudas municipais para libros e comedor, para alumnado de centros docentes públicos e privados-concertados de educación infantil (2ª etapa), educación primaria e secundaria do Concello de Vigo.

**V.-** Que de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente. Así as cousas, os intervinientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar ao financiamento dos gastos de funcionamento e xestión da FOANPAS e contribuír ao financiamento das actividades extraescolares, accións formativas de nais e pais por parte das ANPAs e á prestación do servizo de comedores das ANPAs de ensino infantil e primario público pertencentes a esta Federación no ano 2022.

**VI.-** Que a entidade Federación Olívica das ANPA de Vigo e Comarca (FOANPA), non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran neste expediente núm. 26064/332.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese educativo e social que para a comunidade educativa da cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Federación Olívica das ANPA de Vigo e Comarca (FOANPAS), o Concello de Vigo e a FOANPAS conveñen a súa colaboración na concesión da referida subvención en base aos seguintes:

### **PACTOS**

**Primeiro.-** A Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca (FOANPAS) comprométese a colaborar co Concello de Vigo e cos órganos que este ten creados para o desenvolvemento da súa acción educativa, cultural e deportiva.

Sen prexuízo desta participación, a Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca (FOANPAS) e a Concellería de Educación manterán reunións periódicas, a fin de posibilitar un coñecemento máis global das actuacións que está a levar o



## Concello de Vigo

*Concello en materia educativa, cultural e deportiva e das inquiredanzas e propostas destes colectivos.*

*O órgano de consulta e participación dos distintos membros da comunidade escolar no Concello de Vigo é o CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DE VIGO (CEMV), do que a Federación Olívica de ANPAs de Vigo e Comarca (FOANPAS) forma parte coa representación que lle corresponde, en función do número de ANPAs dos centros de ensino público de Vigo que representa.*

*A Federación Olívica de ANPAs de Vigo e Comarca (FOANPAS) como beneficiaria da subvención comprométese a cumprir as seguintes obrigas:*

- 1.- Afrontar as tarefas de funcionamento, coordinación e xestión dos programas propios da Federación.*
- 2.- Desenvolver actividades formativas para nais e pais, na liña das actividades clásicas das Escolas de Pais e Nais.*
- 3.- Organizar e regular a realización de actividades extraescolares das ANPAs de ensino infantil e primario federadas na FOANPAS.*
- 4.- Acreditar e xustificar as actividades realizadas mediante a certificación e documentación correspondente ante a Concellería de Educación do Concello de Vigo, que servirán de base a éste para tramitar os pagos.*
- 5.- Entregar á Concellería de Educación do Concello de Vigo, a programación educativa, cultural e deportiva, prevista desenvolver ao longo da anualidade de vixencia do convenio.*
- 6.- Promover e xestionar os comedores escolares e presentar a xustificación dos gastos habidos ante o Concello de Vigo.*
- 7.- Presentar unha memoria final das actividades desenvolvidas no marco do presente convenio, para posibilitar o seu control e avaliación efectiva do seu desenvolvemento.*
- 8.- En xeral cumprir, como beneficiaria da subvención, coas obrigas consignadas para éstas no artigo 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.*

**Segundo.-** *O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:*

*1.- Conceder directamente á entidade Federación Olívica das ANPAs de Vigo e Comarca (FOANPAS), unha subvención por importe de **606.039,31 euros (SEISCENTOS SEIS MIL TRINTA E NOVE EUROS CON TRINTA E UN CÉNTIMOS)** pagadeiros en tres prazos, para atender e axustarse ao ritmo de execución das actividades subvencionadas:*

- **PRIMEIRO PAGO:** anticipado por importe de **200.000,00 euros** tras a sinatura do convenio.*
- **SEGUNDO PAGO:** por importe de **203.019,65 euros** antes do 30 de setembro.*

• **TERCEIRO PAGO:** por importe de **203.019,66 euros**, tras a presentación da conta xustificativa final e segundo o recollido no Pacto 5, a favor da **Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca**, para facer fronte ás responsabilidades de xestión na prestación do servizo de comedores, actividades extraescolares e formación de ANPAS e dos gastos de xestión propios da Federación, segundo se explica no anexo II.

2.- O Concello de Vigo realizará as actuacións necesarias para a posta á disposición da Federación Olívica de ANPAS de Vigo e Comarca (FOANPAS) dun espazo dunha superficie aproximada de 90 metros cadrados, sito na antiga Escola Infantil Municipal "O Nogal" (rúa Nogal n.º 8), que lle permita un adecuado desenvolvemento das súas funcións e a realización das tarefas propias da Federación. A utilización deste local realizase en precario e o Concello de Vigo poderá recuperalo en calquera momento sempre que o interese público o requira, polo que se adecúa ao previsto no Real Decreto 1372/1986 do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A FOANPAS deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións.

**Cuarto.-** A FOANPAS xestionará a concesión das subvencións destinadas á realización de actividades extraescolares e á prestación do servizo da rede de comedores escolares adscritos, para promover e facilitar a participación de pais e nais en cada escola, mediante o apoio ás iniciativas educativas da ANPA de cada centro, e para mellorar a calidade do ensino dos centros públicos de Vigo.

Será de obrigado cumprimento a lexislación e normativa vixente en materia de comedores escolares, manipulación de alimentos, normas hixiénico-sanitarias, ou calquera outra que lle sexa de aplicación ou puidera selo durante o desenvolvemento das actividades financiadas no marco do presente convenio.

A FOANPAS e ANPAS asociadas no que respecta á contratación dos/as monitores/as necesarios/as para o desenvolvemento das actividades





## Concello de Vigo

*subvencionadas, deberán ter en conta a normativa legal vixente de protección xurídica do menor, que obriga a achegar certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais en todas aquelas actividades que impliquen contacto habitual con menores.*

*Os medios e a forma de desenvolvemento destas actividades son de plena responsabilidade da FOANPAS, reservándose o Concello o control da calidade e eficacia.*

**Quinto.-** *O primeiro pago anticipado que se prevé neste convenio determina a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, e para a tramitación do mesmo a FOANPAS deberá achegar previamente a correspondente declaración responsable de non incorrer en ningunha das prohibicións ou circunstancias recollidas no artigo 34 da Lei xeral de subvencións. Igualmente será necesaria para a tramitación do segundo e terceiro e último abonos á conta, a presentación da conta xustificativa do primeiro e segundo pago, respectivamente, nos termos que de seguido se dirán para a conta xustificativa final.*

*A beneficiaria, para a tramitación do terceiro pago, sempre dentro do exercicio económico no que se lle concede a axuda (de conformidade coas bases de execución do orzamento municipal), deberá presentar a conta xustificativa final na que deberán constar: a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago da totalidade dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.*

*A documentación da conta xustificativa final deberá incluír unha relación de todos os xustificantes de pago dos gastos incorridos coas remisións pertinentes aos xustificantes de pago e demais documentación orixinal xa achegada con ocasión da xustificación dos pagos anticipados.*

*A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de 2.049.427,00 euros (118.300,00 euros dos gastos anuais de xestión da FOANPAS, 328.500,00 euros dos gastos das actividades extraescolares e obradoiros matinais e 1.602.627,00 euros dos gastos de comedores escolares).*

*As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro,*

*polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.*

**Sexto.-** *En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), a Asociación Olívica de Nais e Pais de Vigo e comarca (FOANPAS) está obrigada a relacionarse electronicamente co Concello de Vigo, polo que para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poderán consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.*

**Sétimo.-** *Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.*

*A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

**Oitavo.-** *No desenvolvemento das actividades extraescolares e prestación do servizo de comedores subvencionados utilizarase o galego como medio de expresión e comunicación. Prestarase especial atención á publicidade das actividades subvencionadas, que deberá facerse integramente en galego, consonte co previsto na Lei 3/1983, de 15 de xuño, sobre lingua galega e normalización lingüística e no Regulamento sobre Normalización Lingüística do Concello de Vigo.*

*Asimesmo, a FOANPAS, a través de calquera que sexa o medio de difusión, adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento municipal, comprometéndose a que na difusión das actividades, na edición de materiais gráficos, na páxina web, nas presentacións públicas e nos soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre as actividades obxecto do presente convenio, conste a colaboración explícita do Concello de Vigo, que deberá ter en conta a obrigatoria inclusión do logo institucional do Concello de Vigo, naqueles casos que proceda.*

**Noveno.-** *Antes de proceder a calquera dos pagos que se prevén para o abono desta subvención, a FOANPAS deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha*



## Concello de Vigo

*declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.*

**Décimo.-** *O presente convenio estenderá o seu período de vixencia dende o 01 de xaneiro ao 31 de decembro de 2022, e non será prorrogable. Polo tanto, serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza das actividades subvencionadas e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2022.*

**Décimo primeiro.-** *O convenio non atribúe á FOANPAS a condición de entidade colaboradora na xestión de futuras subvencións para prestación do servizo de comedores e actividades extraescolares das ANPAs integradas na federación, senón que esta –a Federación– é, no convenio, a beneficiaria da subvención que se distribuirá entre as distintas ANPAs que a integran. Polo tanto FOANPAS distribuirá a subvención entre as distintas ANPAs que a integran e pertencen a centros públicos situados no termo municipal de Vigo. As actividades das ANPAs ás que pode aplicarse esta subvención serán a prestación do servizo de comedores e as actividades extraescolares dirixidas ao alumnado dos colexios públicos de Vigo, que presenten a xustificación da axuda acompañada do formulario do anexo I.*

**Décimo segundo.-** *Coa sinatura do convenio constituirase unha comisión de seguimento que realizará o control e seguimento da súa execución e xestión económica, segundo as pautas contempladas no anexo II e realizará a avaliación. A comisión estará formada por dous/dúas representantes nomeadas pola FOANPAS, a Xefa do Servizo de Educación, un técnico do Servizo de Educación do Concello de Vigo que actuará de Secretario, e presidida polo concelleiro de Educación.*

*En calquera caso, as ANPAs beneficiarias das subvencións comprométese a remitir cuberto á FOANPAS, para que o estude a devandita comisión, e sempre antes do 30 de setembro de 2022, o formulario contido no anexo I do convenio para a realización de actividades extraescolares e obradoiro matinal, a conta xustificativa acompañada dos documentos xustificativos do gasto, que naquel se indica, así como os restantes datos que pida a comisión en orde a un mellor seguimento do convenio.*

*O incumprimento destes requisitos e dos seus prazos poderá ser causa da perda da axuda, previo informe da comisión e acordo da Xunta de Goberno Local.*

**Décimo terceiro.-** *A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Educación. O Servizo de Educación emitirá informe técnico ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada. Por iso, xunto a cada unha das contas*

xustificativas que presente a FOANPAS, o Servizo Municipal de Educación, ao tramitar o pago, deberá incorporar o correspondente informe técnico coa conformidade cos documentos xustificantes achegados e, polo tanto a procedencia do seu pago.

**Décimo cuarto.-** A FOANPAS deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Educación e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo quinto.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo sexto.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a FOANPAS no que se refire á subvención recollida neste convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**Décimo sétimo.-** Os datos persoais do representante da FOANPAS, indispensables para a xestión deste convenio incorporaranse a un ficheiro para os exclusivos efectos de xestionar o “Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos/as de Vigo e Comarca (FOANPAS), para o ano 2022”.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do Convenio, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.



## Concello de Vigo

*Os datos poderán ser cedidos a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial (BDNS). Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.*

*As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).*

**Décimo oitavo.-** *A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo vixentes e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado e de conformidade co artigo 127.1 g) da LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do presente convenio e con carácter previo a ésta a aprobación do gasto (art. 34 LXS).*

*As prestacións non constitutivas de subvención previstas no convenio, rexeranse polo estipulado neste, aplicándose os principios da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.*

*E, en proba da súa conformidade de canto antecede, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, no lugar e data arriba indicado."*

### **12(532).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA REITORA DO CONSORCIO UNIVERSITARIO DO CENTRO ASOCIADO DA UNED EN PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO PARA O MANTEMENTO DA AULA UNIVERSITARIA EXISTENTE EN VIGO. EXPTE. 25544/332.**

Visto o informe de fiscalización do 10/06/2022, dáse conta do informe-proposta de data 21/06/2022, asinado pola xefa do Servizo de Educación, polo concelleiro-delegado de Educación e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

## **ANTECEDENTES**

**I.-** O concelleiro delegado de Educación en data 25 de novembro de 2021 asinou a orde de inicio do expediente para tramitar o presente convenio.

**II.-** A este expediente incorporase a seguinte documentación:

- Memoria xustificativa de data 22 de abril de 2022.
- CIF da entidade.
- Estatutos do Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED en Pontevedra aprobados pola Xunta Reitora do Patronato do Centro Asociado en data 30 de novembro de 2016 e ratificados polo Consello de Goberno da UNED o 13 de decembro de 2016,
- Orzamento do Centro Asociado da UNED en Pontevedra.
- Certificación acreditativa de estar ao corrente das obrigas tributarias fronte á AEAT.
- Certificación acreditativa de estar ao corrente das obrigas tributarias fronte á Axencia Tributaria de Galicia.
- Certificación acreditativa de estar ao corrente das obrigas coa Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- Certificación acreditativa de estar ao corrente das obrigas tributarias fronte ao Concello de Vigo.
- Datos da titularidade da conta bancaria.

## **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (LRXSP)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (LTAIBG).
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF)
- Regulamento de organización e funcionamento do Centro Asociado da UNED en Pontevedra.
- Bases de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2022.
- Instrución 1/2019 da Secretaría de Goberno Local: funcionamento do rexistro electrónico de data 21/02/2019

## **CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**



## Concello de Vigo

**1.-Obxecto:** O presente expediente ten por obxecto a aprobación dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e o Consorcio Universitario do Centro Asociado da UNED en Pontevedra para o mantemento na cidade de Vigo da Aula de Vigo da UNED, creada mediante convenio de 8 de novembro de 2012 que fora obxecto de aprobación por acordo da Xunta de Goberno Local de 11 de outubro de 2012.

A apertura dunha Aula universitaria da UNED en Vigo, dependente do Centro Asociado de Pontevedra, foi aprobada polo Consello de Goberno da UNED en reunión de 10/10/2010, de acordo co aprobado pola Xunta Reitora do dito Centro Asociado en data 15/09/2010.

A Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED) é unha institución de dereito público que ten como finalidade esencial a prestación do servizo público de educación superior mediante a investigación, a docencia e o estudo, facilitando o acceso e continuación dos estudos universitarios ás persoas que por razóns diversas elixan este sistema educativo.

O Concello de Vigo e o Consorcio Universitario do Centro Asociado da UNED en Pontevedra buscan colaborar en distintos ámbitos de interese recíproco, que permita a ambas as partes acadar de maneira satisfactoria os seus fins institucionais, de xeito que o conxunto da sociedade poida seguir avanzando no coñecemento e na innovación, desenvolvemento de accións que promovan a investigación nas ramas da ciencia, a técnica e a cultura e que permitan mellorar a formación dos cidadáns facilitando o seu acceso ao mercado laboral e redundando no progreso da cidade en xeral.

**2.-Réxime xurídico:** A Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público define no artigo 47.1 os convenios como os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os Organismos Públicos e Entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Atendendo ao apartado 2.a) deste mesmo artigo estamos ante un convenio interadministrativo, entendendo por tais os firmados entre dúas ou máis Administracións Públicas, ou ben entre dous ou máis organismos públicos ou entidades de dereito público vinculados ou dependentes de distintas Administracións públicas, e que poderán incluír a utilización de medios, servizos e recursos doutra Administración Pública, Organismo Público ou Entidade de dereito público vinculado o dependente, para o exercicio de competencias propias ou delegadas.

Mediante este convenio o Concello e o Consorcio Universitario do Centro Asociado da UNED en Pontevedra manifestan a súa vontade de colaboración para facilitar o acceso aos estudos universitarios aos cidadáns de Vigo e ao tempo contribuír na defensa e promoción dos intereses sociais que lles son propios.

**3.- Requisitos de validez e eficacia:** O artigo 48 da Lei 40/2015 habilita ás Administracións Públicas e ás Universidades para celebrar convenios con persoas tanto de dereito público como privado.

No que á Administración Local se refire o art. 57 da Lei 7/198 dispón que *“A cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades autónomas, tanto en servizos lo-*

*cais como en asuntos de interese común, se desenvolverá con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar en todo caso, mediante os consorcios e convenios administrativos que se asinen”.*

O citado artigo 48 da Lei 40/2015 recolle os requisitos de validez e eficacia: O convenio non pode supoñer cesión de titularidade da competencia. Debe mellorar a eficacia da xestión pública ao facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos. Cando inclúa compromisos financeiros para a administración axustarase ao disposto na lexislación orzamentaria. As achegas financeiras que se comprometan a realizar os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio.

O convenio perfeccionase pola prestación do consentimento das partes e deberá incluír os contidos mínimos establecidos no artigo 49 da Lei 40/2015, concretando as obrigas das partes asinantes do convenio e o prazo de vixencia.

A tramitación do procedemento axustase ás previsións do artigo 50 da Lei 40/2015, incorpórase unha memoria xustificativa na que se recolle a oportunidade do convenio e o carácter non contractual da actividade.

**4.- Competencia:** O Concello de Vigo ten competencias para a xestión dos seus intereses e para promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal de Vigo, en virtude do sinalado no artigo 25 da Lei 7/1985. Este precepto recolle tamén como competencias propias do municipio a ocupación do tempo libre e a promoción da cultura e equipamentos culturais.

A Lei 7/1985 no seu artigo 7.4, dí que: *“As Entidades Locais só poderán exercer competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación cando non se poña en risco a sostibilidade financeira do conxunto da Facenda municipal, de acordo cos requirimentos da lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira e non se incorra no suposto de execución simultánea do mesmo servizo público con outra Administración Pública. A estes efectos, serán necesarios e vinculantes os informes previos da Administración competente por razón de materia, no que se sinale a inexistencia de duplicidades, e da Administración que teña atribuída a tutela financeira sobre sostibilidade financeira das novas competencias.”*

Non obstante, os concellos poderán seguir prestando competencias distintas das propias que xa viñan prestando en base a Lei de Galicia 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, que na súa disposición adicional cuarta establece que as competencias que debe asumir a Administración da Comunidade autónoma de Galicia en materia de educación, saúde e servizos sociais en cumprimento das disposicións da Lei 27/2013, de racionalización e sostibilidade da administración local, continuarán sendo prestadas polos municipios en tanto non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela.

Respecto a esta cuestión o Secretario Xeral de Universidades emitiu informe en data 27 de setembro de 2016 acerca do informe disposto no artigo 7.4 da Lei 7/1985, relativo á inexistencia de duplicidades na participación das entidades





## Concello de Vigo

locais na constitución e xestión dos centros asociados da Universidade Nacional de Educación a Distancia. Neste informe logo de aclarar cal é o título competencial do Estado en relación coa UNED, sinala *“Sin perjuicio de lo anterior, y en base a las especiales características de la UNED, su implantación y fuerte estructura, esta Secretaria General , más allá de lo que pueda entender el respecto la administración autonómica respectiva, considera que, cabe entender, la no existencia de duplicidades en la participación de las entidades locales en la constitución y gestión de los centros asociados de la UNED”*.

Por outra parte, os Estatutos do Consorcio Universitario Centro Asociado á UNED en Pontevedra, aprobados pola Xunta Reitora do Patronato do Centro Asociado en data 30 de novembro de 2016 e ratificados polo Consello de Goberno o 13 de decembro de 2016, recollen no artigo 11 que *“La junta Rectora del Consorcio podrá proponer a la Universidad la creación de Aulas para facilitar los estudios de los estudiantes que no residan en la zona donde el Centro Asociado tiene su Sede. Estas Aulas deberán ser previamente autorizadas por la Universidad. En los Convenios suscritos y aprobados por la Junta Rectora para el establecimiento de Aulas tendrán que consignarse la prestación docente y el presupuesto para cubrir la prestación.”*

O orzamento do Concello de Vigo para o exercicio 2022 incorpora para este fin a cantidade de 225.000,00 euros, concretamente na aplicación orzamentaria 3231.489.0000 "Transferencias titorías e profesorado aula UNED". Esta previsión orzamentaria responde ao interese desta Administración municipal de apoiar a continuidade na cidade de Vigo dos estudos universitarios nos distintos grados obxecto de Convenio e das actividades complementarias que se programan e desenvolven pola Aula da UNED.

### **5.- Suxeitos que asinan o convenio e capacidade xurídica coa que actúan:**

Por unha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, que lle atribúe a máxima representación do municipio; correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, ao concelleiro delegado da Área de Educación.

Pola outra parte, asinará o convenio dona María Carmen Silva Rego, presidenta da Deputación de Pontevedra, na súa calidade de presidenta da Xunta Reitora do Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED en Pontevedra, ente titular do citado Centro Asociado á UNED, como representante de dito Consorcio de conformidade coas previsións do artigo 14.a) dos seus Estatutos.

**6.- Tramitación electrónica:** En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), a Universidade está obrigada a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas.

**7.-Transparencia:** O convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de Transparencia.

**8.- Recursos:** De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985 e 210.a) do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades lo-

cais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

Á vista do exposto, coa conformidade do concelleiro delegado da Área de Educación e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, e previa fiscalización da Intervención xeral, de conformidade co artigo 127.1. g) da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

**ACORDO:**

- Aprobar o texto do proxecto de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e o Consorcio Universitario do Centro Asociado de la UNED en Pontevedra para o mantemento na Cidade de Vigo da Aula de Vigo da UNED creada mediante convenio de ambas as dúas entidades de 8 de novembro de 2012 .
- Aprobar e autorizar o gasto anual durante catro anos de 225.000,00 euros para facer fronte ao pagamento do compromiso municipal recollido no convenio a favor do Consorcio Universitario do Centro Asociado da UNED en Pontevedra, CIF Q3600439H, e aprobar con cargo á aplicación orzamentaria 3231.489.0000 "Transferencias titorías e profesorado aula UNED" das seguintes anualidades:
  - 2022: 225.000 euros
  - 2023: 225.000 euros
  - 2024: 225.000 euros
  - 2025: 225.000 euros
- Facultar ao concelleiro delegado da Área de Educación para asinar o citado convenio para o caso de ser necesaria a substitución do Alcalde-Presidente.

**ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.



## Concello de Vigo

"PROXECTO DE CONVENIO ENTRE A XUNTA REITORA DO CONSORCIO UNIVERSITARIO DO CENTRO ASOCIADO Á UNED EN PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE VIGO PARA O MANTEMENTO DA AULA UNIVERSITARIA EXISTENTE EN VIGO.

En Pontevedra, a .....

### **INTERVEÑEN**

Dunha parte, a Excm. Sra. Dna. María Carmen Silva Rego, presidenta da Deputación de Pontevedra, na súa calidade de presidenta da Xunta Reitora do Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED en Pontevedra, ente titular do citado Centro Asociado á UNED, como representante do dito Consorcio de conformidade coas previsións do artigo 14.a) dos seus vixentes Estatutos.

E, doutra parte, o Excmo. Sr. D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de alcalde-presidente do Concello de Vigo e como legal representante deste, de conformidade co establecido nos artigos 21.1.b) e 124.4.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, así como coo establecido no artigo 61.1.a) da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia.

### **EXPOÑEN**

I.- Que o Convenio de creación da Aula de Vigo da UNED asinado o 8 de novembro de 2012 entre a Xunta Reitora do Centro Asociado de Pontevedra e o Concello de Vigo, necesita ser reformulado e actualizado para incluír no seu texto as condicións que durante estes anos foron regulamentando a vida académica e organizativa do Centro, sendo este criterio aceptado por ambas as dúas partes. A renovación do Convenio supón adaptarse ás previsións da lexislación vixente, que veu modificar tanto as competencias municipais como no propio réxime dos convenios interadministrativos.

II.- Que esta Aula Universitaria de Vigo (en adianta "a Aula") é parte integrante do Centro Asociado á UNED en Pontevedra, creado por Orde Ministerial de data 27 de febreiro de 1973, para atender o Ensino Universitario a Distancia de todas aquelas persoas residentes na súa zona de influencia.

III. Que para facilitar o acceso ao ensino universitario e á continuidade dos seus estudos a todas as persoas que desexen seguir estudos superiores que elixan o sistema educativo da UNED pola súa metodoloxía ou ben por razóns laborais, económicas, de residencia ou calquera outra e demais fins da UNED, creáronse os Centros Asociados como unidades da estrutura académica da UNED que desenvolvan territorialmente as actividades propias da Universidade e contribúen ao progreso sociocultural do contorno onde se sitúan. O Centro Asociado ten personalidade xurídico-pública propia como consorcio universitario integrante do Sector Público Institucional Estatal a través da UNED, ao que está adscrito.

IV. Que o Concello de Vigo manifesta a súa vontade e interese en subscribir un novo Convenio para dar continuidade nesta localidade á Aula de Vigo do Centro Asociado á UNED de Pontevedra, vontade e interese que se articula de acordo coas estipulacións que a continuación se inclúen e que supoñen que a referida

Aula sexa financiada polo Concello de Vigo como órgano de goberno e administración da localidade onde está situada.

V. Que o Concello de Vigo estima que radicar no seu termo municipal unha Aula da UNED contribúe sobremaneira a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal conforme ao establecido no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

VI.- Que ambas as partes se recoñecen capacidade e competencia suficiente e adecuada para subscribir o presente Convenio para o funcionamento da Aula de Vigo baixo as condicións que recollen no corpo do Convenio que se subscribe.

En consideración do anteriormente exposto ambas as partes

### **ACORDAN**

Que a Aula na localidade de Vigo é dependente do Centro Asociado á UNED en Pontevedra, de acordo coas seguintes

### **ESTIPULACIÓNS**

#### **PRIMEIRA. NATURALEZA E OBXECTO DO CONVENIO.**

O Presente Convenio encádrase nos convenios interadministrativos previstos no art. 47.2 a) da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e ten por obxecto a colaboración entre o Excmo. Concello de Vigo e o Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED en Pontevedra (en adiante “o Centro Asociado”) para o mantemento da Aula da UNED en Vigo, que foi creada, previas as autorizacións regulamentarias correspondentes por parte da UNED, mediante o Convenio de 8 de novembro de 2012 entre ambas as partes ao que este substitúe.

A Aula será parte integrante do Centro Asociado á UNED en Pontevedra, a cuxa normativa legal, administrativa e académica deberá suxeitarse no exercicio das súas actividades.

A Aula Universitaria ten as seguintes funcións:

#### **1.1. FUNCIÓN DOCENTE.**

Titorizar, na medida do posible, os ensinos indicados na estipulación terceira, punto 3.2.1.

As titorías impartidas terán o soporte e o formato que determine a UNED nas súas distintas modalidades e mediante as ferramentas docentes baseadas nas Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC).

Igualmente, dependendo da demanda e das posibilidades do Centro, se poderá impartir outros estudos e actividades, acordos con plan académico docente do Centro Asociado á UNED en Pontevedra.

#### **1.2. FUNCIÓN ORIENTADORA.**

Facilitar ao estudante orientación personalizada antes de iniciar os seus estudos na UNED, ao longo dos seus estudos no que se refire a aspectos académicos, de aprendizaxe e de desenvolvemento profesional, así como cando se converta en egresado.



## Concello de Vigo

### **1.3. FUNCIÓN DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA E CULTURAL.**

Desenvolver, na medida do posible, un programa de extensión universitaria para a poboación con cursos de formación e de divulgación científica e cultural adecuados á demanda territorial e social.

### **1.4. FUNCIÓNS ADMINISTRATIVAS.**

Facilitar, na medida do posible, a matrícula do alumno ou outras actividades administrativas, en función da demanda e da planificación realizada polo Centro Asociado.

### **SEGUNDA. COMPETENCIA PARA A SINATURA DO PRESENTE CONVENIO.**

O Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED en Pontevedra subscribe o presente Convenio no exercicio das competencias que lle son propias.

O Concello de Vigo é competente para a sinatura do presente convenio por canto o mesmo dá continuidade á prestación dos servizos xa establecidos en virtude do convenio de 8 de novembro de 2012 e adenda ao mesmo de 22 de xullo de 2014, polo que non supón o exercicio de novas competencias, de conformidade co disposto no artigo 3.3 da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización de la Administración local.

### **TERCEIRA. OBRIGAS DAS PARTES.**

#### **3.1. OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO.**

Con carácter xeral, o Concello de Vigo farase cargo da totalidade de gastos que orixine a Aula, xa sexa directamente ou compensando ao Centro Asociado o custo por el incorrido, nos termos seguintes:

##### **3.1.1. Facilitar un inmovible onde situar a Aula da UNED en Vigo.**

A Aula atópase actualmente nos locais do Concello de Vigo sitos no edificio Auditorio-Pazo de Congresos Mar de Vigo na Avenida de Beiramar 59, plantas 4ª e 5ª, espazos nos que continuará situada.

O uso destas instalacións pola UNED será gratuíto.

O inmovible conta con:

- Salas para a Administración (despacho coordinadora e recepción).

- Salas para as titorías.

- Biblioteca - Sala de lectura (planta 6ª).

- Sala de Informática.

- Salón de actos.

- Sala AVIP/Videoconferencia.

As actividades da Aula desenvolveranse principalmente na planta 4ª. As aulas da planta 5ª serán compartidas para actividades de interese municipal que se

realizarán preferentemente pola mañá, o Concello e a Aula coordinarán a ocupación das aulas para un uso adecuado e eficiente das mesmas.

Así mesmo, a Aula Universitaria de Vigo facilitará o uso do salón de actos para actividades de interese municipal, previa comunicación polo Servizo Municipal de Educación coa suficiente antelación e sempre que non se interfira na actividade propia da Aula.

### **3.1.2.- Gastos asumidos directamente polo Concello.**

O Concello farase cargo dos gastos de mantemento do edificio ou da parte do edificio que se cede gratuitamente á UNED cos fins contidos no presente Convenio (auga, electricidade, limpeza, recollida de residuos sólidos, mantemento de instalacións e equipos, etc.) e dotará tamén a Aula cun servizo de conserxería. Especificamente, o Concello de Vigo asumirá o custo del mobiliario, inmovilizado material (fotocopiadora, ordenadores, mantemento de instalacións e equipos, etc.).

O persoal de apoio ás actividades da Aula UNED en Vigo adaptarase ao horario adecuado para cumprir os fins que coa súa creación se pretenden.

### **3.1.3. Achega económica do Concello.**

O Concello transferirá ao Centro Asociado, en cada un dos exercicios de vixencia do presente convenio, a cantidade necesaria para facer fronte aos gastos incorridos polo Centro Asociado para o funcionamento da Aula de acordo coo estipulado neste Convenio.

A achega económica do Concello ao orzamento do Centro Asociado farase efectiva mediante un pagamento anual.

No momento da sinatura deste convenio esta cantidade está fixada en douscentos vinte e cinco mil euros anuais (225.000 €), con cargo aos créditos da aplicación orzamentaria 3231.489.0000 (Transferencias Titorías e Profesorado da aula UNED) do vixente orzamento municipal, modificable anualmente en función do incremento do IPC.

A tais efectos o Centro Asociado remitirá unha estimación das previsións de gasto antes de procederse á correspondente transferencia. Con carácter xeral, os gastos que xere a Aula non atribuídos explicitamente ao Concello de Vigo nos apartados 3.1.1. e 3.1.2, e que serán compensados polo Concello de Vigo son: compensación de Profesores Titores, actividades de extensión universitaria, cursos de verán (gastos de poñentes, aloxamentos, desprazamentos, manutención e publicidade en medios), UNED Senior, adquisición de material bibliográfico, material de oficina e aqueles outros necesarios que repercutan no funcionamento da Aula.

## **3.2. OBRIGAS DA UNED.**

### **3.2.1. Actividade da Aula.**

Na Aula poderanse titorizar, na medida posible e de acordo cos criterios docentes do Centro Asociado á UNED en Pontevedra, os ensinos do curso de Acceso Directo para Maiores de vinte e cinco anos (CAD), así como os ensinos regulados que se impartan na UNED recollidos no Anexo ao presente Convenio. Ademais



## Concello de Vigo

dos ensinos mencionados, o Centro Asociado poderá organizar na Aula aquelas actividades culturais e formativas non reguladas que considere convenientes para os alumnos da comarca, de acordo coas directrices xerais aprobadas pola UNED.

### **3.2.2. Dotación de Profesores-Titores.**

A Aula contará co número adecuado de Profesores-Titores que determine o Centro Asociado de acordo coas directrices académico-docentes marcadas pola UNED. Os Profesores-Titores non terán ningunha relación laboral co Concello de Vigo.

### **3.2.3. Dirección e tutela.**

O Centro Asociado adoptará cantas medidas sexan precisas para o exacto e mellor cumprimento do servizo público obxecto deste convenio, informando aos seus órganos competentes e ao Concello de Vigo das innovacións e cambios obxectivamente relevantes e, en todo caso e con carácter previo, das que puidesen supoñer un incremento de gasto respecto do orzamento inicial.

Coa fin de facilitar a xestión académica e administrativa poderá ser designado un Coordinador de Aula e un Colaborador do COIE da mencionada Aula. O Colaborador do COIE da Aula deberá actuar en liña coas directrices marcadas polo COIE do Centro Asociado. Corresponde ao director do Centro Asociado a facultade de nomear ou cesar ao Coordinador e ao Colaborador do COIE, dando conta do nomeamento ao Concello de Vigo.

### **3.2.4. Gastos incorridos polo Centro Asociado para o funcionamento da Aula.**

El Centro Asociado farase cargo do resto de gastos que xere a Aula non atribuídos explicitamente ao Concello de Vigo nos apartados 3.1.1. e 3.1.2, e que serán compensados polo Concello de Vigo conforme á previsión do punto 3.1.3, a saber: compensación de Profesores Titores, actividades de extensión universitaria, cursos de verán (gastos de poñentes, aloxamentos, desprazamentos, manutención e publicidade en medios), UNED Senior, adquisición de material bibliográfico, material de oficina e aqueles outros necesarios que repercutan no funcionamento da Aula.

### **3.2.5. Xustificación ao Concello de Vigo dos gastos incorridos polo Centro Asociado.**

Como xustificación das achegas dinerarias que en cada exercicio de vixencia do convenio realice o Concello de Vigo e, con independencia do adianto de previsións de gasto a que se refire o apartado 3.1.3 das presentes estipulacións, o Centro Asociado remitiralle, no prazo de tres meses desde a finalización do exercicio, a seguinte documentación:

- Memoria xustificativa na que consten actividades realizadas e os gastos incorridos.
- Xustificantes de pagamento dos ditos gastos, que se acreditarán mediante cheques ou resgardos de transferencias bancarias.

Os gastos subvencionables serán aqueles que sen dúbida respondan á natureza das actividades financiadas e se realicen dentro do período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de vixencia do convenio.

#### **CUARTA. PRAZO DE VIXENCIA DO CONVENIO.**

De conformidade co artigo 49 h) 1, da Lei 40/2015, de 1 de outubro, o presente convenio, salvo a súa resolución anticipada por algún dos motivos que nestas estipulacións ou na lei se establecen, terá unha vixencia de catro anos, prorrogable por outros catro anos.

#### **QUINTA. EXTINCIÓN DO CONVENIO E EFECTOS.**

Son causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a súa prórroga.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte de algún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e se entenderá resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados.

- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por denuncia dalgunha das partes.
- f) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou no ordenamento xurídico.

O cumprimento e a resolución do convenio darán lugar á súa liquidación co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes.

A denuncia do Convenio poderá ser realizada por calquera das partes, debendo ser notificada expresa e fehacientemente cun prazo mínimo de tres meses de antelación. Consecuentemente, efectuada a denuncia, ambas as partes seguirán obrigadas a cumprir todos os seus compromisos ata a expiración do dito prazo.

#### **SEXTA. MECANISMO DE SEGUIMENTO E VIXILANCIA DO CONVENIO.**

En orde ao seguimento, vixilancia e execución do Convenio, así como dos compromisos das partes que o subscriben, crearase unha Comisión de Seguimento integrada por dúas persoas por cada unha das partes.

Os membros da dita comisión serán: Por parte do Concello, o/a concelleiro/a delegado/a de Educación, que a presidirá, e outra persoa designada por este e,





## Concello de Vigo

por parte do Consorcio, polo director do Centro Asociado e outra persoa designada pola Xunta Reitora.

A citada Comisión reunirse a proposta de convocatoria de calquera das partes no menor prazo posible dentro dos quince días hábiles seguintes.

Esta Comisión de seguimento resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir na execución das estipulacións acordadas.

En defecto de acordo estarase, no seu caso e sen prexuízo das potestades de disolución, ao que dispoñan os tribunais do contencioso administrativo correspondentes.

### **SÉTIMA. MODIFICACIÓN DO CONVENIO.**

Para a modificación do convenio, incluídas as condicións económicas, requirirase acordo unánime das partes. Esta modificación non suporá en ningún caso a ampliación da súa vixencia á marxe do previsto na estipulación cuarta.

E en proba de conformidade asíñase o presente Convenio por duplicado exemplar no lugar e data ao inicio indicados.

### **ANEXO AO CONVENIO ENTRE A XUNTA REITORA DO CONSORCIO UNIVERSITARIO DO CENTRO ASOCIADO Á UNED EN PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE VIGO PARA O MANTEMENTO DA AULA UNIVERSITARIA EXISTENTE EN VIGO.**

En Pontevedra, a .....

No momento da sinatura deste convenio, na Aula poderanse titorizar, na medida do posible e dos criterios docentes do Centro, os seguintes ensinós:

ACCESO Á UNIVERSIDADE PARA MAIORES DE 25 Y 45 ANOS

GRAO EN ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS

GRAO EN DEREITO

GRAO EN PSICOLOXÍA

GRAO EN PEDAGOXÍA

GRAO EN ENXEÑARÍA EN TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN

GRAO EN CIENCIA POLÍTICA E DA ADMINISTRACIÓN

GRAO EN HISTORIA DA ARTE

GRAO EN XEOGRAFÍA E HISTORIA

GRAO EN EDUCACIÓN SOCIAL

GRAO EN ENXEÑARÍA INFORMÁTICA

GRAO EN ESTUDOS INGLESES: LINGUA, LITERATURA E CULTURA

GRAO EN CIENCIAS AMBIENTAIS

GRAO EN TURISMO”

**13(533).- FIXACIÓN PREZOS PÚBLICOS DE VENDA DE ENTRADAS DA PROGRAMACIÓN DE ESPECTÁCULOS QUE SE REALIZARÁN NO AUDITORIO DE CASTRELOS NOS MESES DE XULLO E AGOSTO DE 2022. EXPTE. 9265/335.**

Visto o informe xurídico do 13/06/2022 e o informe de fiscalización do 27/06/2022, dáse conta do informe-proposta de data 30/05/2022 e d informe complementario de data 13/06/2022, asinados ambos pola xefa do Servizo de Festas e polo concelleiro-delegado de área, que din o seguinte:

O Concelleiro Delegado da área de Participación Cidadá e Festas resolveu con data do 25 de Maio de 2022 que polo Servizo de Festas se inicie o expediente necesario para fixar os de prezos de venda de entradas da programación de espectáculos que se realizarán no auditorio de Castrelos nos meses de xullo e agosto de 2022, dacordo co artigo 44.2 do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais e coa ordenanza municipal do concello de vigo reguladora de prezos públicos nº42.

Segundo o apartado 1º do artigo 44 do TRLRFL “o importe dos prezos públicos deberá cubrir como mínimo o custo do servizo prestado ou da actividade realizada”.

No apartado 2º do citado precepto se establece que “cando existan razóns sociais benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, a entidade poderá fixar prezos públicos por baixo do límite previsto no apartado anterior. Nestes casos deberán consignarse nos orzamentos da entidade as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante se a houbese”. Neste caso existe unha partida na aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) dotada economicamente de xeito que permite realizar as contratacións correspondentes que aquí se detallan para poder cubrir esta diferenza resultante. O custe total de cachés é de 1.572.004,00 euros. Os expedientes de contratación das actuacións artísticas atópanse en tramitación.

O artigo 44 da Constitución Española establece que “os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todos teñen dereito”. Por outro lado e tras a reforma da Lei Básica do Réxime Local de 1985 efectuada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, figuran entre as competencias municipais propias a “promoción da cultura e os equipamentos culturais” (artigo 25.m).

Establecer un prezo de entrada que supoña como mínimo o coste da actividade tal e como establece a Lei Reguladora das Facendas Locais suporía afastar as cidadás e aos cidadáns da oportunidade de acceder á cultura, xa que implicaría establecer prezos moi elevados aos que non toda a poboación podería ter acceso.

Neste sentido cobra especial relevancia o apoio institucional ás actividades culturais e de esparcemento que o Concello de Vigo oferta na súa programación de actividades e espectáculos de festas, xa que debe ser un obxectivo fundamental de calquera institución a participación e acceso á cultura e motivar a realización e desenvolvemento das actividades culturais, físicas, artísticas e sociais, educación en valores (a través da programación familiar), así como facilitar o des-



## Concello de Vigo

envolvemento de habilidades intelectuais e emocionais transmitidas a través das artes escénicas, capacidades e competencias sociais e culturais no ámbito da comunidade.

Por outro lado, e tendo en conta que o custo de organización desta programación é extraordinario, tal e como establece a ordenanza número 42 reguladora de prezos públicos, increméntanse as tarifas relacionadas nesta ordenanza en contía que non superará o custo calculado en base á ocupación total das localidades.

O Concelleiro Delegado da área de Participación Cidadá e Festas resolveu con data do 25 de Maio de 2022 a aprobación do programa de concertos nacionais/ internacionais no Auditorio de Castrelos (expte. nº 9197/335). Na seguinte táboa faise o desglose dos custes dos cachés e a proposta do prezo de venda de entradas para estes espectáculos:

Debido a que a programación é concebida como un todo, e que os prezos públicos deben ser máis ou menos homoxéneos para a maioría dos espectáculos, establécese o prezo de venda de entradas proporcional ao custo dos cachés. Para cachés iguais ou inferiores a 75.000 euros o prezo será de 5€; para cachés entre 50.001 e 150.000 euros o prezo será de 10 €; para cachés superiores a 150.001 o prezo será de 12 €.

No caso dos espectáculos para público familiar (espectáculos infantís, danza e masas corais) a entrada será gratuíta, tendo en conta que se pretende fomentar o acceso ao público máis novo.

Así pois, os prezos propostos non superarían o custo calculado en base ao coste total do programa entre a ocupación total das localidades, segundo establece a ordenanza nº 42 reguladora dos prezos públicos pola prestación do servizo de organización de espectáculos no seu artigo 3.1.

As entradas serán postas á venda anticipadamente, para o cal estase tramitando o contrato do servizo de venda de entradas (lote 5) do expediente de contratación da prestación do servizo de produción técnica soporte dos espectáculos e actividades do programa "vigo en festas" , expte. nº 9176-335.

Á vista do exposto, coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura faise a seguinte

### PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Fixar os **PREZOS DE VENDA DE ENTRADAS DA PROGRAMACIÓN DE ESPECTÁCULOS QUE SE REALIZARÁN NO AUDITORIO DE CASTRELOS NOS MESES DE XULLO E AGOSTO DE 2022**, dacordo coa ordenanza reguladora de prezos públicos nº 42, segundo o seguinte detalle:

	<b>Proposta artística</b>	<b>Data</b>	<b>Cachés</b>	<b>Prezo proposto €</b>
1	Joan Manuel Serrat	10 xullo	130.845,00	<b>10</b>
2	Sebastián Yatra	13 xullo	101.000,00	<b>10</b>

3	Coral Casablanca	15 xullo	15.000,00	0
4	Vai de Danza	16 xullo	11.629,10	0
5	Musical Coco	19 xullo	10.500,00	0
6	Musical O Rei da Sabana	26 xullo	9.999,90	0
7	Love of Lesbian	29 xullo	120.000,00	<b>10</b>
8	Tanxugueiras e Laura Lamontagne & Picoam- perio	30 xullo	39.000,00	<b>5</b>
9	Musical Magic Dreams	2 agosto	10.830,00	0
10	Leiva	4 agosto	155.000,00	<b>12</b>
11	Sting	6 agosto	365.000,00	<b>12</b>
12	Lola Índigo	8 agosto	75.000,00	<b>5</b>
13	I Love Rock and Roll	9 agosto	6.000,0	0
14	Wöyza	11 agosto	3.500,00	0
15	Hijos de la Ruina	11 agosto	95.000,00	<b>10</b>
16	Hombres G	14 agosto	75.000,00	<b>5</b>
17	Raphael	16 agosto	115.000,00	<b>10</b>
18	Dani Martín	17 agosto	214.500,00	<b>12</b>

## INFORME COMPLEMENTARIO

O aforo máximo da platea do Auditorio ao Aire Libre de Castrelos é de 5.000 persoas de pé. Así pois, os prezos propostos non superarían o custo calculado en base ao coste total do programa entre a ocupación total das localidades, segundo establece a ordenanza nº 42 reguladora dos prezos públicos pola prestación do servizo de organización de espectáculos no seu artigo 3.1.

### **ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe de data 30/05/2022.

### **14(534).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA PRÓRROGA DO CONTRATO DE XESTIÓN DO PROGRAMA DE ATENCIÓN PSICOLÓXICA PARA MENORES FILLAS/OS DE MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO. EXPTE. 9846/224.**

Visto o informe xurídico do 22/06/2022 e o informe de fiscalización do 23/06/2022, dáse conta do informe-proposta de data 09/06/2022 asinado pola xefa do Servizo de Igualdade, pola asesora xurídica do servizo, pola concelleira-delegada de Igualdade e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 26 de xuño de 2020, acordou adxudicar á entidade "Gabinete de Psicología Karma, S.L.P" con CIF B36847242 o procedemento aberto para a contratación do Programa de Atención Psicolóxica para menores fillas/os de mulleres vítimas de violencia de xénero por un prezo total do contrato de 14.648,40 € (contrato exento de IVE).



## Concello de Vigo

En data 14.07.2020 o Concello de Vigo e a entidade adxudicataria asinan o contrato. A cláusula 4ª do mesmo establece que o contrato entrará en vigor o día 1 de outubro de 2020 e terá unha duración de un ano. Están previstas 4 prórrogas do contrato de un ano de duración cada unha.

Atendendo á cláusula 7ª do Prego de cláusulas administrativas particulares deste contrato, *".../ o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato"*.

Co obxecto de propoñer a aprobación da segunda prórroga do contrato este órgano xestor informa de que a xestión por parte da entidade adxudicataria está a ser satisfactoria, os traballos están a executarse eficazmente, e as obrigas establecidas no contrato están a cumprirse. Non se produciron incidencias por parte da empresa que afecten ao normal funcionamento do servizo, polo que se valora procedente continuar coa mesma adxudicataria e proceder á tramitación dunha primeira prórroga do contrato.

A teor do exposto, cómpre pois, propoñer a aprobación dunha prórroga do actual contrato que comprenderá o seguinte período: 1 de outubro de 2022 ao 30 de setembro de 2023 (ambos incluídos).

Para facer fronte aos pagos dos gastos do servizo durante o período da prórroga é necesario comprometer o importe total de 14.648,40 €. O devandito gasto farase efectivo con cargo á partida *"Plan municipal de Igualdade"* 2311 227 9906 do orzamento vixente e do futuro exercicio 2023 da Concellería de Igualdade, desglosado do seguinte xeito:

- período comprendido entre o 1 de outubro de 2022 ao 31 de decembro de 2022: 3.662,10 € a razón de 1.220,70 €/mes con cargo á partida *"Plan municipal de Igualdade"* 2311 227 9906 do orzamento vixente da Concellería de Igualdade.

- período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2023 ao 30 de setembro de 2023: 10.986,30 € (1.220,70 €/mes x 9 meses) con cargo á dispoñibilidade de crédito orzamentario para o futuro exercicio 2023 na partida *"Plan municipal de Igualdade"* 2311 227 9906 do orzamento da Concellería de Igualdade para o futuro exercicio 2023, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente na devandita partida.

Polo devandito, ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente de contratación, en beneficio e defensa dos intereses municipais, e previo o preceptivo informe de Asesoría Xurídica e de Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“1º.- Aprobar unha prórroga de un ano de duración do contrato de xestión do Programa de Atención Psicolóxica para menores fillas/os de mulleres vítimas de violencia de xénero, que abrangue desde o 1 de outubro de 2022 ao 30 de setembro de 2023, ambos incluídos, coa entidade Gabinete de Psicología Karma, S.L.P” con CIF- B36847242, actual adxudicataria do contrato por acordo da Xunta de Goberno Local de data 26 de xuño de 2020.

2º.- Aprobar o gasto de 14.648,40 euros para facer fronte ao pago do contrato durante a vixencia da segunda prórroga, desglosado do seguinte xeito: 3.662,10 € con cargo á partida “*Plan municipal de Igualdade*” 2311 227 9906 do orzamento vixente da Concellería de Igualdade e 10.986,30 € con cargo á dispoñibilidade de crédito orzamentario para o futuro exercicio 2023 na partida “*Plan municipal de Igualdade*” 2311 227 9906 do orzamento futuro da Concellería de Igualdade.

3º.- Notificar o presente acordo á adxudicataria, comunicar este acordo ao Tribunal de Contas e ao Rexistro de Contratos do Sector Público de acordo co establecido nos artigos 335.2 e 346.3, respectivamente, da Lei de Contratos do Sector Público e publicar este acordo no perfil de contratante do Concello de Vigo”.

#### **ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **15(535).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “REPARACIÓN DE DANOS EN ESTRUTURA, ADAPTACIÓN A CONTRAINCENDIOS E ACCESIBILIDADE NO EDIFICIO PRINCIPAL DO PARQUE CENTRAL DE SERVIZOS DO CONCELLO DE VIGO”. EXPTE. 5585/443.**

Visto o informe de fiscalización do 23/06/2022, dáse conta do informe-proposta de data 22/06/2022, asinado pola técnica de xestión, polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, polo técnico de Administración Xeral e polo concelleiro-delegado de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES DE FEITO**

I.- A Xunta de Goberno Local en sesión de data 7 de novembro de 2019 acordou aprobar o proxecto de “REPARACIÓN DE DANOS NA ESTRUTURA, ADAPTACIÓN CONTRA LUMES E ACCESIBILIDADE NO EDIFICIO DO PARQUE CENTRAL - LAVADORES”, redactado por Dna. IRIA URDAMPILLETA PÉREZ, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS VENTISEIS MIL CENTO DEZASEIS EUROS E SETENTA E OITO CÉNTIMOS (426.116,78 €) e con sinatura dixital de data 16 de outubro de 2019.

II.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 11 de decembro de 2020, acordou aprobar o



## Concello de Vigo

expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras de "REPARACIÓN DE DANOS NA ESTRUTURA, ADAPTACIÓN CONTRAINCENDIOS E ACCESIBILIDADE NO EDIFICIO DO PARQUE CENTRAL - LAVADORES", redactado pola arquitecta Dna. Iria Urdampilleta Pérez, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS VINTE E SEIS MIL CENTO DEZASEIS EUROS E SETENTA E OITO CÉNTIMOS (426.116,78 €), expdte.639-411.

Dito procedemento foi declarado deserto por acordo da Xunta de Goberno Local de data 29 de xullo de 2021, por canto ningún dos licitadores clasificados por resolución da concelleira delegada de Contratación de 23 de abril de 2021 presentou correctamente a documentación requirida para resultar adxudicatario dentro do prazo concedido para o efecto.

**III.-** A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 16 de decembro de 2021, acordou aprobar o expediente de contratación a través de procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria das obras de "REPARACIÓN DE DANOS NA ESTRUTURA, ADAPTACIÓN CONTRAINCENDIOS E ACCESIBILIDADE NO EDIFICIO DO PARQUE CENTRAL - LAVADORES", redactado pola arquitecta Dna. Iria Urdampilleta Pérez.

Dito procedemento negociado sen publicidade foi declarado deserto por acordo da Xunta de Goberno Local de data 13 de abril de 2022, porque o único licitador presentado non foi admitido pola Mesa de Contratación por ter presentado a proposición sen encriptar (cláusula 13.4i.1 do PCAP)".

**IV.-** Á vista do exposto, por parte da redactora presentase novo proxecto de "REPARACIÓN DE DANOS NA ESTRUTURA, ADAPTACIÓN CONTRA LUMES E ACCESIBILIDADE NO EDIFICIO DO PARQUE CENTRAL LAVADORES", cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS OITENTA E SEIS MIL CATROCENTOS TRECE EUROS con TRINTA E DOUS CÉNTIMOS (486.413,32 EUROS) e data Maio de 2022.

**V.-** O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, en data 13.06.2022 informou que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, a proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, en data 14.06.2022 resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

**VI.-** A actuación se desenrola nun Inmable de titularidade Municipal numero de ben 271, sito en rúa Bagunda nº 1 Lavadores denominada como Nave do Parque móbil, e consisten as obra a executar as que se enumeran a seguir

- Debido a un incendio xurdido na planta semisótano do edificio, que provocou unha serie de danos na propia edificación, así como tamén a nivel estrutural, procedese a repoñer a súa seguridade estrutural así como a adecuación do edificio para uso adaptado.

- Para elo procederese en primeiro lugar a demolición das ramplas da escaleira existentes, a fin de volver a reconstruílas, para que poidan evacuar directamente ao exterior; apertura nos forxados de todas as plantas para a nova construción dun núcleo de escaleiras e instalación dun ascensor para a súa comunicación vertical de todas as plantas, novo acceso dende os locais da entreplanta do semisótano ao exterior, na zona de vestiarios, coa súa correspondente escaleira e carpintería exterior.
- Dotación tabiquería en zonas específicas a fin de determinar vías de evacuación dotadas de portas resistentes ao lume en todos os accesos, tanto nas novas propostas como na rehabilitación.
- Reparación específica do forxado que foi obxecto de acción directa do lume a base de técnicas de reparación incluídas no propio proxecto.
- Renovación de carpintería exterior, nas zonas que prevese un novo acceso ou saída de evacuación.
- Reposición e renovación de instalacións de fontanería, eléctricas, protección que resultaron danadas, así como nova ubicación de sistemas de protección segundo o proxecto adxunto, a fin de adecuarse a normativa actual (detección, evacuación e extinción).
- Acabados a base de enfoscados previos sobre novos tabiques, con tratamento final a base de pinturas, pulido de pavimentos, e reparación de plaquetas cerámicas que sexa necesario, así como reposición de falsos teitos.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de 7 meses.

**VII.-** O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal, emite en data 15.06.2022 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“(…)

*A parcela esta cualificada como solo urbano non consolidado, dentro ámbito do PERI IV-08, planeamento secundario sen desenrolar, as obras propostas non prevén ningún tipo de incremento nin substitución do edificio existente, consisten en reparacións puntuais de elementos estruturais danados, adecuación no seu uso a efectos de accesibilidade e protección contra lumes; polo que as obras propostas segundo o PXOU/93 encadraríanse no concepto de Subsistencia, transitoriedade renovación e edificación existente, no que se recolle para estes supostos que as obras de mantemento da edificación serían permisibles.*





## Concello de Vigo

A súa vez segundo a IOP con aprobación inicial, no seu capítulo 2, indica que se atoparan en situación de fora de ordenación, cando se atopen afectados por viais, zonas verdes, espazos libres dotacións e equipamentos públicos. Neste caso o non estar desenrolado o Planemento secundario, non podemos indicar que se atopa nesta situación, polo que debemos de estimar que a edificación actual pódese considerar en situación de fora de ordenanza art. 2.1.4, polo que as obras de conservación e mantemento si son permisibles. No que respecta ao novo PXOM con aprobación inicial, atopase nun solo urbano non consolidado pendente de desenrolo. En consecuencia as obras propostas están axustadas as ordenanzas.

Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.

A edificación atopase dentro da area de protección, dun elemento catalogado A\_160, e de acordo coa art. 45 da ley 5/2017, será preceptivo o informe da Consellería de cultura, de forma xenérica, pero tendo en conta que as obras propostas no se atopan dentro da relación que sinala o art. 45.1 e tomando tanto o art. 45.2 como a instrución de 8 de Novembro de 2017, publicada no DOG de 5/12/2017, no seu apartado cuarto. "Actuacións nos contornos, no punto 2., recolle que os traballos de, reparacións tanto interiores como exteriores, reforzo e mellora estrutural, non precisan autorización. En consecuencia, no sería necesario contar coa autorización que determina a mencionada lei, nos articulo sinalados.

### CONCLUSIÓN:

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola "Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014" (en adiante, LCSP) e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro", polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei."

### CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

#### **ACORDO**

Aprobar o proxecto de **“REPARACIÓN DE DANOS NA ESTRUTURA, ADAPTACIÓN CONTRA LUMES E ACCESIBILIDADE NO EDIFICIO DO PARQUE CENTRAL LAVADORES”**, redactado pola Arquitecta Dna. Iria Urdampileta Pérez, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS OITENTA E SEIS MIL CATROCENTOS TRECE EUROS CON TRINTA E DOUS CÉNTIMOS (486.413,32 EUROS), de data Maio de 2022, e con sinatura dixital de data 10.06.2022.

#### **ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.



## Concello de Vigo

### **16(536).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE CUBRICIÓN DO PATIO NO CEIP. FRIAN-TEIS”. EXPTE. 5425/443.**

Visto o informe de fiscalización do 23/06/2022, dáse conta do informe-proposta de data 22/06/2022, asinado pola técnica de xestión, polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, polo técnico de Administración Xeral e polo concelleiro-delegado de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES DE FEITO**

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento en data 17.02.2021 resolveu o autorizar o gasto para a redacción do proxecto de cubrición do patio do Colexio Frián-Teis a favor do Arquitecto Emilio Estévez Fernández.

II.- O Arquitecto Emilio Estévez Fernández presentou borrador de “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE CUBRICIÓN DO PATIO NO C.E.I.P. FRIAN-TEIS”, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS CINCUENTA E UN MIL CINCOCENTOS DEZASETE EUROS con VINTE E SEIS CÉNTIMOS (451.517,26 €)

III.- O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, en data 07.02.2022 informou que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, a proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, en data 08.02.2022 resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

IV.- A actuación se desenrola no Centro de Educación Infantil y Primaria Frian-Teis, sito na rúa Gonderán nº 42, e consisten as obra a executar as que se enumeran a seguir.

De acordo co programa de necesidades demandado polo centro, os condicionantes urbanísticos, do entorno e técnicos, realizarase unha proposta que pretende unha actuación autónoma, sen intervir nin depender dos edificios existentes no centro nin afectar os mesmos. Realizáranse as seguintes actuacións:

- Previa a retirada de mobiliario existente, procederase ao corte de soleira de formación, e escavación correspondente tanto para as zapatas como para ubicación de almacén, con posterior recheo de formación armado tanto en zapatas, vigas riostras e muro de contención.
- Sobre o espazo de diferenza de cota entre terreo e pista deportiva proxectase a instalación de pequena bancada, efectuada con elementos prefabricados sobre terreo compactado.
- Planifícase unha cuberta de 635,81m<sup>2</sup> de superficie no patio exterior cunha estrutura

independente de pórticos de formigón prefabricado que soporta unha cubrición lixeira de paneis metálicos de tipo CMG-C-PUR ou equivalente, e pechada parcialmente cun faldón continuo de policarbonato celular as súas fachadas, dándolle a súa imaxe característica, propónse tamén unha zona porticada de comunicación entre o patio e o interior do CEIP, baseada nunha cuberta de policarbonato sobre piares de perfilaría metálica de aceiro S275JR, e polo outro lado no muro que conforma o almacén, todo elo cos correspondentes canelóns e baixante de recollida de augas pluviais e canalización da mesma as redes exteriores existentes.

- Tamén propónse aproveitando o desnivel dun espazo de 37,05 m<sup>2</sup> de superficie, para almacenaxe, sendo os paramentos verticais a base dun muro de contención de formigón armado coa súa zapata de sustentación, piar tamén de formigón sobre zapata previa; e forxado unidireccional de semiviguetas, segundo detalle de planos, con posterior acabado superficial de zona vexetal, sobre illamento, impermeabilizante tanto no teito como no muro lateral.
- Contémplase unha cubrición translúcida de placas de policarbonato celular soportada con estrutura metálica desde a proximidade da saída do edificio de aulas do centro ata o novo patio cuberto.
- Renóvase o pavimento da pista deportiva por estar actualmente en mal estado e estar afectado polas futuras escavacións da obra en gran parte da superficie, e adaptase a zona verde axardinada da nova edificación.
- Dotase de canalizacións para colectores enterrados de recollida de augas pluviais e a súa condución ata o saneamento exterior, así como alumeado tanto na zona de almacén como, na zona de xogos.

Coas obras propostas, as superficies son a zona a cubrir de patio 635,81 m<sup>2</sup> e do almacén 30,60 m<sup>2</sup>., sendo a superficie total da parcela segundo a ficha catastral de 9.143,00 m<sup>2</sup> .

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (4) catro meses.

**V.-** Consta no expediente administrativo de referencia resolución favorable da Agencia Estatal de Seguridad Aérea, de data 03.02.2022, autorizando a instalación da cuberta sobre o patio de uso escolar, por atoparse en terreos afectados por servidumes aeronáuticas establecidas para o aeroporto de Vigo, segundo Real Decreto 2278/1986, do 25 de setembro, polo que establecen as novas servidumes aeronáuticas do aeroporto de Vigo (BOE núm. 261, do 31 de outubro de 1986, con corrección de erros en BOE núm. 288, do 2 de decembro de 1986).

**VI.-** O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite en data 17.06.2022 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“(…)



## Concello de Vigo

A superficie afectada polas obras é de 904,00m<sup>2</sup> correspondendo a zona a cubrir de patio 635,81m<sup>2</sup> e do almacén 30,60m<sup>2</sup>. No aspecto urbanístico, segundo o PXOU/93 atopase en un solo urbano consolidado calificado con ordenanza 3.3 Zonas culturais e sociais, con respecto a I.O.P. aprobado en sesión de Pleno de data 24/07/2019, esta cualificado coa ordenanza 13 Áreas e Edificacións dotacionais, sendo as condicións particulares de dotacional educativo, no cal o parámetros construtivos se axustan a norma, a súa vez con referencia ao novo PXOM en fase de aprobación inicial, recolle o mesmo uso. Polo que a proposta de nova cuberta sobre patio existente non contradí a norma urbanística que regula dita parcela.

Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.

O proxecto en cuestión dispón de informe favorable de AESA por atoparse dentro da area de servidumes aeronáuticas de data 03/02/22, consta copia no anexo 3.21

### CONCLUSIÓN:

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola "Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014" (en adiante, LCSP) e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro", polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei."

### CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP, e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

#### **ACORDO**

Aprobar o proxecto de básico e de execución de **“CUBRICIÓN DO PATIO NO C.E.I.P. FRIANTEIS”**, redactado polo Arquitecto Emilio Estévez Fernández, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS CINCUENTA E UN MIL CINCOCENTOS DEZASETE EUROS con VINTE E SEIS CÉNTIMOS (451.517,26 €) e sinatura dixital de data 13.06.22.

#### **ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **17(537).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE "IMPLANTACIÓN DE MEDIOS DE TRANSPORTE MECÁNICO NA RÚA ARAGÓN, ENTRE O Nº 209 E O N.º 178 NO CONCELLO DE VIGO". EXPTE. 5359/443.**

Visto o informe de fiscalización do 23/06/2022, dáse conta do informe-proposta de data 22/06/2022, asinado pola técnica de xestión, polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, polo técnico de Administración Xeral e polo concelleiro-delegado de Fomento e Servizos, que di o seguinte:



**Concello de Vigo**

## **ANTECEDENTES DE FEITO**

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento en data 07.05.2021 resolveu o autorizar o gasto para a redacción do proxecto de “Vigo Vertical de medios de transporte mecánico na rúa Aragón, entre o n.º 209 e o n.º 178 no Concello de Vigo a favor da empresa ICEACSA Consultores SLU (B15080849).

II.- A empresa ICEACSA CONSULTORES, S.L.U., presenta trala fase de supervisión do borrador presentado, proxecto de “IMPLANTACIÓN DE MEDIOS DE TRANSPORTE MECÁNICO NA RÚA ARAGÓN, ENTRE O N.º 209 E O N.º 178 NO CONCELLO DE VIGO”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. Roberto Núñez de Arenas Basteiro, cun orzamento base de licitación máis IVE de OITOCENTOS SETENTA E NOVE MIL TRESCENTOS OITENTA E DOUS EUROS con TRINTA E CINCO CÉNTIMOS (879.382,35 euros)

III.- O Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Fomento e Servizos, en data 20.12.2021 informou que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que a Concelleira Delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal -por resolución de data na sinatura dixital 16.12.2021-, a proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, na mesma data resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

IV.- A actuación se desenrola na Rúa Aragón e consisten as obra a executar as que se enumeran a seguir.

- Previamente, prepararase o terreo, demolendo e retirando os primeiros 15 cm, coidando de non afectar os teitos dos garaxes de edificacións adxacentes, realizando para iso un estudo técnico das gretas e humidades existentes que poidan verse afectadas polas obras.
- Respecto a a pavimentación, manterase a cota existente pero pasará a ser unha plataforma única, priorizando así a mobilidade peonil.
- Instalarase unha rampla mecánica co obxectivo de facilitar a accesibilidade do espazo público, apoiada esta en unha estrutura de formigón.
- En canto ás infraestruturas soterradas de servizos urbanos: renovarase integramente a rede de abastecemento mediante tubos de fundación dúctil Ø de 100 mm e mesmo elementos auxiliares; renovarase integramente a rede de saneamento unitaria existente ata o pozo da praza, expondo unha rede separativa de fecais ou pluviais ata

o devandito pozo que incluíra unha arqueta sinfónica previa á conexión das pluviais; renovarase a iluminación pública mesmo canalizacións e luminarias e desprazaranse as canalizacións existentes de electricidade, telecomunicacións ou gas afectadas directa ou indirectamente pola futura localización da rampla.

- Respecto ao mobiliario e zonas verdes, retiraranse aqueles situados na futura localización da rampla mecánica, repoñendo o mobiliario suficiente para asegurar unha área de descanso na praza no itinerario entre a mencionada rampla e o ascensor situado no seu extremo Oeste

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (OITO) 8 meses.

V.- O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos e o Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite en data 20.06.2022 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

*“(…)*

*A actuación proposta a efectos urbanísticos abarca una zona de solo urbano consolidado e as obras tratan dunha adecuación da zona superficial de dito espazo de uso público, non alterando ningunha das condicións de uso existentes.*

*Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.*

**CONCLUSIÓN:**

*Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.*

*A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei”.*

### **CONSIDERACIÓNS DE DEREITO**

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión,





## Concello de Vigo

aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

### ACORDO

Aprobar o proxecto de obras de **“IMPLANTACIÓN DE MEDIOS DE TRANSPORTE MECÁNICO NA RÚA ARAGÓN, ENTRE O Nº 209 E O N.º 178 NO CONCELLO DE VIGO”**, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. Roberto Núñez de Arenas Basteiro, cun orzamento base de licitación máis IVE de OITOCENTOS SETENTA E NOVE MIL TRESCENTOS OITENTA E DOUS EUROS con TRINTA E CINCO CÉNTIMOS (879.382,35 euros) e sinatura dixital de data 19.06.2022.

### ACORDO:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**18(538).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE "ACONDICIONAMENTO DO CONTORNO DO APARCADOIRO DO FUTURO PAVILLÓN DEPORTIVO DE MATAMÁ". EXPTE. 5358/443.**

Visto o informe de fiscalización do 23/06/2022, dáse conta do informe-proposta de data 22/06/2022, asinado pola técnica de xestión, polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, polo técnico de Administración Xeral e polo concelleiro-delegado de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES DE FEITO**

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento en data 21 de setembro de 2021 resolveu o autorizar o gasto para a redacción do proxecto de **"ACONDICIONAMENTO DO ENTORNO DO APARCADOIRO DO FUTURO PAVILLÓN DEPORTIVO DE MATAMÁ"** a favor da empresa Ingenia Proyectos Técnicos S.L.

II.- A empresa Ingenia Proyectos Técnicos S.L. presentou borrador de proxecto construtivo de **"ACONDICIONAMENTO DO ENTORNO DO APARCADOIRO DO FUTURO PAVILLÓN DEPORTIVO DE MATAMÁ"**, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos Dña. María Ferreiro Núñez.

III.- O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, en data 21 de decembro de 2021 informou que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, a proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, en data 21 de decembro de 2021 resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

IV.- A actuación se desenrola nunha parcela de titularidade municipal con fronte as rúas Dos Canteiros e Manuel Cominges n.º de ben 267 e resto de parcelas adquiridas por resolución da Xunta de Goberno Local en sesión de data 26/12/2019, e consisten as obra a executar as que se enumeran a seguir;

– De inicio procederáse ao desbroce da parcela así como efectuaranse o movementos de terras para adecualos a topografía proposta no proxecto.

– Efectuaranse os correspondentes colectores de saneamento tanto a fecais como pluviais cos Ø de tubaxe de PVC, definidos no proxecto, cos seus correspondentes sumidoiros pozos e arquetas de conexión, así como as conexións coas redes existentes. Para proseguir co recheo das correspondentes gabias a base de material de préstamo seleccionado, estendido e compactado en capas de 20 cm., de espesor con grado de compactación do 95%, así como as canalizacións de redes soterrados de



## Concello de Vigo

alumeado público e semaforización, e redes de rego para as zonas verdes, segundo os esquemas do proxecto.

– Unha vez efectuadas a totalidade de infraestruturas soterradas, efectuaranse os correspondente movementos de terras a fin de adecualo terreo as cotas indicadas, para elo efectuaranse os correspondentes muros de bloques de pedra granítica asentados sobre cimentación ou cama de formigón. Unha vez compactado o terreo nas cotas sinaladas no proxecto.

– De seguir procederase a efectuar a pavimentación. Na zona de rodadura rego de adherencia e posterior mestura bituminosa en quente ac16 surf 50/70 en capa de rodadura cun espesor de 5 cm, sobre base de formigón HM 20 de 20 cm. de espesor, o cal se efectúa sobre unha subbase de capa de zahorra artificial de 20 cm., de espesor previa extensión da MBC da capa base que disporá de resgo de imprimación C60BF4 IMP. Na zona de aparcamento proposto un pavimento de pezas alveolares de dimensión 40\*40\*12 cm., sobre capa de area de gravilla de 20 cm. De espesor sobre subbase de zahorra, nos alveolos encheranse de substrato de frango areoseo composto de aria lavada en un 70% e o resto terra vexetal abonada, con excepción das prazas de PMS, que o recheo efectuarase con tacos de formigón.

– Entre a zona de aparcadoiro e zona de rodadura colocarase un elemento prefabricado de formigón, asentado sobre soleira de formigón segundo especificacións do proxecto.

– Nas zonas de conexión do vial de servizos cos viais xa existentes, proponse pavimento a base de adoquín de granito asentados sobre soleira de formigón HM-20. A zona de uso peonil proponse a colocación de bordo sobre soleira de HM-20 no seu encontro coa zona de rodadura, e seu pavimento será de baldosa hidráulica, asentado sobre capa de morteiro, é na beirarrúa da rúa dos Canteiros proponse como acabado lousa de formigón branco.

– En canto a acabados, dotase a zona rede alumeado, previsións de canalización de alumeado e telecomunicación, así como zona axardinada prevista de rego composta de xardineiras e árbores.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (NOVE) 9 meses.

**V.-** O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite en data 22 de xuño de 2022 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“(…)

*A actuación proposta a efectos urbanísticos segundo o PXOU/93 e I.O.P. atoase dentro de un ámbito de solo pendente de desenrolo, U.A 1, do núcleo rural Igrexa, sendo polo tanto un solo urbano non consolidado, de acordo co art. 89 da lei do Solo de Galicia, neste tipo de ordenamento poderanse autorizar obras e usos provisionais, que non impiden nin condicionan o futuro desenrolo da dita area de planeamento, como e o caso.*

*Aportase a este informe a ficha de chequeo dos datos do que consta o proxecto de obras en cuestión.*

#### **CONCLUSIÓN:**

*Os custes unitarios incluídos no proxecto, considerase adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.*

*A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.*

### **CONSIDERACIÓNS DE DEREITO**

**I.-** A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

**II.-** Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

**III.-** O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto



## Concello de Vigo

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

### ACORDO

Aprobar o proxecto de obras de **“ACONDICIONAMENTO DO ENTORNO DO APARCADOIRO DO FUTURO PAVILLÓN DEPORTIVO DE MATAMÁ”**, redactado pola Enxeñeira de Camiños Canles e Portos Maria Ferreiro Nuñez, cun orzamento base de licitación máis IVE de NOVECIENTOS OITENTA E SETE MIL TRESCIENTOS SESENTA E OITO EUROS CON CORENTA E UN CÉNTIMOS (987.368,41 €EUROS) e data decembro de 2021 e con sinatura dixital de data 20/06/22.

### **ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **19(539).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “EDIFICIO PARA USO DE SALA DE LECTURA, BIBLIOTECA”. EXPTE. 4237/443.**

Visto o informe de fiscalización do 23/06/2022, dáse conta do informe-proposta de data 23/06/2022, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, polo técnico de Administración Xeral e polo concelleiro-delegado de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

### ANTECEDENTES DE FEITO

I.- Por resolución do Concelleiro delegado da Área de Patrimonio de data 30/01/2019 autoriza o contrato menor de servizos para a redacción do proxecto, e así pola empresa Arquitectural S.L. presenta, trala fase de supervisión do borrador presentado, proxecto de **“EDIFICIO PARA USO DE SALA DE LECTURA, BIBLIOTECA”**, redactado polo Arquitecto Leopoldo Salceda Alvite cun orzamento base de licitación máis IVE de OITOCENTOS CINCUENTA MIL VINTE EUROS CON OITO CÉNTIMOS (850.020,08 €EUROS) e data Mayo de 2022 e con sinatura dixital de data 24/05/2022.

II.- O Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos en data 9 de maio de 2019, en

vista do informe-proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, e da delegación da Alcaldía-Presidencia de datas 18.06.2019 e 26.06.2019 na Concellería de Fomento da xestión e tramitación dos expedientes de contratación administrativa de obra pública municipal e da xestión e tramitación dos expedientes de redacción de proxectos de forma directa, ou a través de expedientes de contratación administrativa para a execución da obra pública, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

**III.-** A actuación se desenrola nunha edificación ubicada en rúa Enrique Lorenzo n.º 54, a adquisición do inmovible atópase actualmente en tramitación (exp 20984/240) téndose manifestado pola Tesorería Xeral da Seguridade Social a súa conformidade coa citada compra/venta.

Propónse unha nova edificación composta de baixo porticado e planta alta con unha ocupación proposta de 50 postos de lectura e unha superficie construída de 281,64 m<sup>2</sup>. E consisten as obra a executar as que se enumeran a seguir.

– Previamente, se procedera a demolición da edificación existente, toda vez que o mesmo se atopa en situación de fora de ordenación por superalo dereito edificatorio, e o valor das obras necesarias para a súa adecuación superan a o 50% do valor do inmovible, polo que o mesmo se atoparía na situación de ruína económica. E polo tanto será preciso a súa demolición íntegra, coa correspondente retirada dos materiais que compoñen actualmente o mesmo. O edificio na actualidade está composto de semisoto, baixo e tres plantas cunha superficie construída total de 1.063,00 m<sup>2</sup>, a demolición proposta executarase de forma descendente, con previa retirada de instalacións, louza de aseos e carpinterías, e posterior machaqueo in situ dos elementos estruturais, para o seu transporte a vertedoiro e reciclaxes que sexan preceptivos, sinalados no proxecto.

– Una vez efectuada o total baleirado da parcela, efectuarase a comprobación oportuna da resistencia do subsolo, comprobando os datos do proxecto obxecto de informe, coa finalidade de efectuar unha nova edificación composta de baixo porticado e planta alta para biblioteca, coas seguintes características construtiva:

– Cimentación e estrutura efectuada por medio de elementos autoportantes de formigón armado, cuberta a base de tratamento superficial de illamentos e impermeabilizantes transitable, fachadas efectuadas con dobre tabiqueira de ladrillo, revestida interiormente e con paneis de formigón prefabricados no seu acabado exterior.



## Concello de Vigo

- Divisións interiores a base de ladrillo oco sinxelo, co seu correspondente revestimento e alicatados en locais húmidos. Carpintería exterior de aluminio con rotura de ponte térmico, e verxa metálica de protección na planta baixa porticada. Carpintería interior a base de portas de paso de madeira, e varandas de protección metálicas e de vidro.
- Dotacións de instalación de saneamento horizontal e vertical, fontanería, electricidade, sistema de renovación de aire con climatización, alumado, telecomunicacións, protección contra lumes e control de videovixiancia no interior e zona porticada.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de NOVE (9) meses.

**IV.-** O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite en data 10.06.2022 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“(…)

*A nova edificación proposta en substitución da existente, debido a seu estado de ruína técnica e urbanista, segundo consta no proxecto, a mesmo axustase as ordenanzas de aplicación tanto no PXOU/93, I.O.P. e novo PXOU/21 con aprobación inicial, neles son permisibles o uso terciario proposto (local de reunión e cultural), o que consta a súa xustificación no apartado 02 da memoria, do proxecto.*

*Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.*

### **CONCLUSIÓN:**

*Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.*

*A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se*

*informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.*

## **CONSIDERACIÓNS DE DEREITO**

**I.-** A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

**II.-** Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

**III.-** O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta do informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal.

**IV.-** A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

**V.-** Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

## **ACORDO**

**Aprobar o proxecto para a execución de obras de “EDIFICIO PARA USO DE SALA DE LECTURA, BIBLIOTECA”, redactado polo Arquitecto Leopoldo Salceda Alvite cun orzamento base de licitación máis IVE de OITOCENTOS CINCUENTA MIL VINTE EUROS CON OITO CÉNTIMOS (850.020,08 €EUROS) e data Mayo de 2022 e con sinatura dixital de data 24/05/2022.**





## Concello de Vigo

### **ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **20(540).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DE OBRAS DE “REDUCTORES DE VELOCIDADE NO TERMO MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO”. EXPTE. 5579/443.**

Visto o informe de fiscalización do 21/06/2022, dáse conta do informe-proposta de data 20/06/2022, asinado pola técnica de xestión, polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, polo xefe Servizo Xurídico Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES DE FEITO**

I.- Por parte da Concellería de Empresa, Economía e Seguridade remítese en data 31 de maio de 2022, para a súa tramitación, proxecto para a execución de obras de “Redutores de velocidade no termo Municipal do Concello de Vigo”, subscrito polo Enxeñeiro Técnico Industrial Manuel Monroy Castro, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO DEZANOVE MIL NOVECENTOS OITENTA EUROS con NOVENTA E CATRO CÉNTIMOS (119.980,94 €), de data 30 de maio de 2022.

II.- O Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos en data 2 de xuño de 2022, en vista do informe-proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, e da delegación da Alcaldía-Presidencia de datas 18.06.2019 e 26.06.2019 na Concellería de Fomento da xestión e tramitación dos expedientes de contratación administrativa de obra pública municipal e da xestión e tramitación dos expedientes de redacción de proxectos de forma directa, ou a través de expedientes de contratación administrativa para a execución da obra pública, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

III.- A actuación se desenrola nas seguintes rúas: as que se sinalan na memoria do proxecto, e comprende as seguintes actuacións:

- Para a execución de reductores de velocidade ou pasos elevados, previo fresado do pavimento existente por medios mecánicos, efectuarase a elevación a base de mestura bituminoso quente tipo AC16 SURF 50/70D (D-12) estendida e compactada e/betun e rego de adherencia, con emulsión asfáltica atiónica C60B3 ADH (ERC-1) con unha dotación de 0,50 kg/m<sup>2</sup>, Posterior acabado a base de pintura de dos compoñentes para o marcaxe segundo norma do paso, así como a correspondente sinalización vertical.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de CATRO (4) MESES.

**IV.-** O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite en data 02.06.2022 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

*"(...)*

*A vista de que as obras propostas segundo o presuposto adxunto, excluído o IVE e de 99.157,80 Euros, inferior a 500.000,00 Euros e segundo determina o art. 235 ley 9/2017", e que o proxecto presentado segundo a descrición do mesmo non afecta a estabilidade, seguridade e estanqueidade da obra.*

*A efectos urbanísticos a actuación efectuase sobre viais públicos existentes, que consisten os mesmo en unha mellora a efectos de accesibilidade e da seguridade para os peóns, e ditas obras non alteran as condicións urbanísticas existentes, sendo polo tanto meras obras de adecuación, polo que as mesmas non contradín ao planeamento existente.*

**CONCLUSIÓN:**

*Polo tanto segundo determina o art. 235 do "Lei 9/2017 de 8 Novembro Lei de contratos das administracións públicas" non é preceptivo o informe de supervisión.*

**A pesar disto:**

*Os custes unitarios incluídos no proxecto, considerasen adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.*

*A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola "Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014" (en adiante, LCSP) e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro", polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei."*

*Toda vez que o art 233.2 desta lei, sinala que os documentos a presentar poderán simplificarse. Neste caso presentan documentos de Memoria descritiva e construtiva, prego de prescricións técnicas, estudio básico de seguridade e saúde, Xestión de residuos, Planos, e Orzamento,.*

*Polo que o proxecto presentado, define as obras e as mesmas con este documento poden ser executadas."*



**Concello de Vigo**

## **CONSIDERACIÓNS DE DEREITO**

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta do informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

### **ACORDO**

Aprobar o proxecto para a execución de obras de **“REDUTORES DE VELOCIDADE NO TERMO MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO”**, subscrito polo Enxeñeiro Técnico Industrial Manuel Monroy Castro, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO DEZANOVE MIL NOVECENTOS OITENTA EUROS con NOVENTA E CATRO CÉNTIMOS (119.980,94 €), de data 30 de maio de 2022.

**ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**21(541).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “MELLORA DE ACCESIBILIDADE DA CONTORNA DO CENTRO DE SAÚDE DE TEIS”. EXPTE. 1271/441.**

Visto o informe de fiscalización do 22/06/2022 e o informe xurídico do 17/06/2022, dáse conta do informe-proposta de data 06/06/2022, asinado pola técnica de xestión, polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, polo concelleiro-delegado de Fomento e Servizos e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES DE FEITO.**

I.- O Concelleiro Delegado da Área de Fomento en data 25.09.2020 resolveu autorizar o gasto, para redacción do proxecto para o “MELLORA DE ACCESIBILIDADE DA CONTORNA DO CENTRO DE SAÚDE DE TEIS”, a favor da empresa INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS, S.L.

II.- A empresa INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS, S.L.. presenta proxecto de “MELLORA DE ACCESIBILIDADE DA CONTORNA DO CENTRO DE SAÚDE DE TEIS” redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dna. María Ferreiro Núñez, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN TRESCENTOS OITO MIL CENTO SEIS EUROS CON TRINTA E CINCO CÉNTIMOS (1.308.106,35 €).

III.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 26.04.2022, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de data 2 de maio de 2022, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 05.05.2022 aprobou o proxecto de “MELLORA DE ACCESIBILIDADE DA CONTORNA DO CENTRO DE SAÚDE DE TEIS” redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dna. María Ferreiro Núñez, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN TRESCENTOS OITO MIL CENTO SEIS EUROS CON TRINTA E CINCO CÉNTIMOS (1.308.106,35 €), asinado dixitalmente en data 31 de xaneiro de 2022. (Expte. 4867-443).



## Concello de Vigo

### IV.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 5 de maio de 2022 que se corresponde co expediente administrativo 4867-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas subscrito pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos Dna. María Ferreiro Núñez.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión, polo Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas/Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos e polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento de data 5 de maio de 2022.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 5 de maio de 2022.
- D) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 6 de maio de 2022.
- E) Certificado de crédito asinado pola Dirección Superior Contable municipal en data 6 de maio de 2022.
- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas/Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos en data 9 de maio de 2022.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 16 de maio de 2022.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación con data 3 de xuño de 2022.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación con data 3 de xuño de 2022.

## II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.-**No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 26.04.2022) e o cumprimento da normativa sectorial.

**Cuarto.-** Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)



## Concello de Vigo

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “MELLORA DE ACCESIBILIDADE DA CONTORNA DO CENTRO DE SAÚDE DE TEIS”, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dna. María Ferreiro Núñez.

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación con data 3 de xuño de 2022.

**Terceiro.-** Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **UN MILLÓN TRESCENTOS OITO MIL CENTO SEIS EUROS con TRINTA E CINCO (1.308.106,35 €)**, sendo o importe correspondente ao IVE de 227.026,72 €.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo na aplicación orzamentaria 1539.619.00.62 (Vigo Vertical, Esc. Mecánica ao C. Saúde Teis), provinte da modificación orzamentaria nº12/2022 - Crédito extraordinario e Suplemento de crédito financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais- (expediente 74/142), segundo a distribución de anualidades proposta.

2022	1.308.106,35 €
------	----------------

**Cuarto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**22(542).- PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DO DOCUMENTO DE REVISIÓN DO MAPA ESTRATÉXICO DE RUÍDO (MER) DO CONCELLO DE VIGO, ANO 2022, FASE 4ª. EXPTE. 15859/306.**

Dáse conta do informe-proposta de data 22/06/2022, asinado polo xefe do Servizo de Medio Ambiente e pola concelleira-delegada de área, que di o seguinte:

**I. ANTECEDENTES**

I.1.- A Concellería delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable en data do 20 de xuño de 2022, inicio procedemento administrativo para a aprobación do "Documento de revisión do Mapa Estratéxico de Ruído (MER) do Concello de Vigo, ano 2022, fase 4ª".

I.2.- A Xunta de Goberno Local en data do 10 de marzo de 2008, aprobou o Mapa de Ruído do Concello de Vigo (MER, ano 2007, fase 1ª), (expte. 5381/306).

I.3.- A Xunta de Goberno Local en data do 08 de agosto de 2013, aprobou definitivamente a Revisión do Mapa Estratéxico de Ruído (MER) do Concello de Vigo, ano 2012, fase 2ª (expte. 9387/306).

I.4.- A Xunta de Goberno Local en data do 06 de setembro de 2018, aprobou definitivamente a Revisión do Mapa Estratéxico de Ruído (MER) do Concello de Vigo, ano 2017, fase 3ª (expte. 13339/306).

I.5.- A concellería delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable encargou no ano 2022, a revisión (fase 4ª) do citado Mapa Estratéxico de Ruído (MER) á entidade Sonen, Centro de Acústica e Servizos de Telecomunicacións, S.L., coa supervisión e control de calidade da Universidade de Vigo: Sonitum Atlanttic.

As devanditas entidades presentaron o documento de revisión o 13 de xuño de 2022 (doc. 220128374).

**II.- ANÁLISE DO DOCUMENTO**

II.1.- A documentación entregada no Documento de Revisión do Mapa Estratéxico de Ruído (MER) do Concello de Vigo, ano 2022, fase 4ª, indícase na súa memoria e está composta de:

- a) Memoria da revisión (fase 4ª).
- b) Memoria resumo da revisión (fase 4ª).
- c) Planos A-3 de niveis de ruído durante o período día, tarde, noite, día-tarde-noite, por tráfico viario.
- d) Planos A-3 de niveis de ruídos durante o período día, tarde, noite, día-tarde-noite, por tráfico ferroviario.
- e) Planos A-3 de niveis de ruídos durante o período día, tarde, noite, día-tarde-noite, por actividade industrial
- f) Planos A-3 de niveis de ruídos durante o período día, tarde, noite, día-tarde-noite, globais (tráfico viario, ferroviario e industrial) do termo municipal





## Concello de Vigo

Dita documentación foi entregada en soporte dixital (pdf) que se anexou ó presente expediente 15859/306. As memorias constan en lingua galega e en lingua castelá. Tamén, coa aprobación definitiva do documento son precisos os arquivos soporte da documentación entregada en formato SHP, GPK. Metadados, arquivos espaciais para incorporar a IDESICA e arquivos RASTER.

### II.2.- Obxecto da revisión:

Segundo o indicado na memoria polo equipo redactor no documento de revisión:

O obxecto do documento é o de presentar os datos correspondentes ao Mapa Estratéxico de Ruídos (MER) da aglomeración de Vigo, correspondente á revisión levada a cabo durante a anualidade 2022 como parte da 4ª Fase conforme ó establecido na Directiva 2002/49/CE europea, sobre avaliación e xestión de ruído ambiental. A recompilación de datos e a elaboración do MER realizouse seguindo a “GUÍA BÁSICA DE RECOMENDACIÓNS PARA A APLICACIÓN DOS MÉTODOS COMÚNS DE AVALIACIÓN DO RUÍDO EN EUROPA (CNOSSOS-EU): Recomendacións para a súa aplicación á avaliación do ruído de fontes industriais, estradas, ferrocarrís e aglomeracións“, documento do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, na súa versión oficial publicada en abril de 2022.

A diferenza do método de cálculo empregado en fases anteriores (método NMPB), nesta 4ª Fase realízase a revisión do mapa de ruídos mediante o novo método de cálculo europeo denominado CNOSSOS- EU (Common NOise aSSessment methOdS), cuxo principal obxectivo é o establecemento dunha metodoloxía común para a realización dos MER, de tal modo que os resultados obtidos en cada Estado Membro sexan fiables, realistas e que ademais permitan ser comparables entre si.

Este método de cálculo empregado na presente fase difire notablemente do utilizado ata o de agora, non resulta estrito, a criterio técnico, realizar unha comparativa entre os resultados obtidos nesta 4ª Fase cos obtidos en fases anteriores, no referido a superficie e habitantes expostos. Neste sentido, indícanse algúns dos cambios máis relevantes que introduce o novo método de cálculo CNOSSOS-EU e que inflúen de maneira notable na nova pegada sonora da aglomeración de Vigo, especialmente na caracterización do tráfico rodado:

- Adáptase mellor á circulación en baixas velocidades e aos efectos de redución de velocidade.
- Permite modelar os efectos de aceleración e desaceleración nas proximidades de interseccións, rotondas, semáforos, etc.
- Ten en conta o efecto das pendentes nos eixos viarios, no referido á súa influencia sobre a emisión sonora dos vehículos.
- Permite un modelo específico para a circulación en rotondas.
- Establece cinco categorías de vehículos diferentes.

### II.3.- Metodoloxía de cálculo:

#### II.3.1. Ferramentas software

Para a obtención do MER de Vigo empregouse o CadnaA versión 2022, da empresa DataKustik, na súa opción BMP XL, software profesional para o cálculo, presentación, avaliación e predición de ruído ambiental.

#### II.3.2. Método de cálculo

O cálculo do MER de Vigo abordouse conforme ao método CNOSSOS-EU, seguindo as directrices recollidas nos documentos:

- “GUÍA BÁSICA DE RECOMENDACIÓN PARA A APLICACIÓN DOS MÉTODOS COMÚNS DE AVALIACIÓN DO RUÍDO EN EUROPA (CNOSSOS-EU): Recomendacións para a súa aplicación á avaliación do ruído de fontes industriais, estradas, ferrocarrís e aglomeracións”, documento do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, na súa revisión de abril de 2022.
- “Guía para a aplicación do método CNOSSOS- EU na modelización do ruído producido polas circulacións ferroviarias nas infraestruturas de ADIF e ADIF AV/AV”, 1ª edición de marzo de 2022, de ADIF Alta Velocidade, Dirección Corporativa, Subdirección de Medio.

### II.3.3. Períodos temporais para a avaliación de ruído

Os períodos temporais nos que dividir a análise acústica do municipio son os indicados na lexislación vixente, é dicir:

Período de día, de 12 horas de duración (07:00-19:00 horas);

Período de tarde, de 4 horas de duración (19:00-23:00 horas);

Período de noite, de 8 horas de duración (23:00-07:00 horas);

### II.3.4. Índices de avaliación de ruído

A norma UNE-EN ISO 1996-1 describe os métodos e procedementos a aplicar para a avaliación dos niveis de ruído procedentes de varias fontes, individuais ou en conxunto, que contribúen á exposición total dun lugar. Na devandita norma defínense os métodos xerais de avaliación dos índices de ruído ambiental, así como a definición xenérica do nivel de ruído durante un período global de día-tarde-noite (24 horas).

Tomando como base a anterior norma, a Lei 37/2003 do Ruído e o Real Decreto 1513/2015 establecen os índices de ruído a considerar para a avaliación dos niveis de ruído nun territorio, en base aos diferentes períodos temporais establecidos, é dicir:

Ld para o nivel de avaliación de ruído no período de día (07:00-19:00 horas);

Le para o nivel de avaliación de ruído no período de tarde (19:00-23:00 horas);

Ln para o nivel de avaliación de ruído no período de noite (23:00-07:00 horas);

A Directiva comunitaria introduce ademais o índice Lden para avaliar a molestia que produce o ruído nas persoas. O devandito índice representa un nivel global ponderado de ruído que, penalizando en 5 dB o período tarde e en 10 dB o período nocturno, obtén un valor medio representativo das 24 horas do día. Segundo se define na Lei do Ruído 37/2003, o nivel equivalente día-tarde-noite avalíase en dBA mediante a seguinte expresión:

$$L_{den} = 10 \cdot \log_{10} \left[ \frac{1}{24} \left( 12 \cdot 10^{L_d/10} + 4 \cdot 10^{(L_e+5)/10} + 8 \cdot 10^{(L_n+10)/10} \right) \right]$$

### II.3.5. Modelo: Datos de entrada

#### II.3.5.1. MDT e sistemas xeográficos de referencia

Para a definición do territorio tomouse como referencia o Modelo Dixital do Terreo (MDT) elaborado para as fases anteriores, a partir das curvas de nivel do termo municipal proporcionadas no seu día pola administración competente e obtidas da cartografía basee do Instituto Xeográfico Nacional. O devandito modelo implementa a orografía do municipio, desde os 0 metros de altura sobre o nivel do mar, na súa zona costeira da Ría de Vigo, ata os case 700 metros de altura que alcanza nas inmediacións do monte Galiñeiro, na parroquia de Zamáns, próxima aos municipios de Mos e Gondomar.



## Concello de Vigo

O sistema xeodésico de referencia é o European Terrestrial Reference System 1989, coñecido como ETRS89, no cal Vigo emprázase no fuso UTM 29N. Aínda que para a representación dos mapas de ruído

farase uso deste sistema de referencia, para a entrega da información espacial relativa ao cartografado

de ruído utilizarase o sistema EPSG:3035 Lambert Azimuthal Equal Area, coñecido como ETRS89-LAEA, por ser o sistema de referencia ETRS89 estendido para Europa.

### II.3.5.2. Condicións meteorolóxicas

Para a análise acústica do municipio considerandose as condicións climatolóxicas medias de Vigo de 15° C

de temperatura e 75% de humidade relativa. En base á guía de boas prácticas, definíronse ademais as seguintes condicións de propagación favorable:

o Período día: 50 % situación de propagación favorable.

o Período tarde: 75 % situación de propagación favorable.

o Período noite: 100 % situación de propagación favorable.

### II.3.5.3. Absorción do terreo e nº de reflexións

Para a asignación de absorción sonora do terreo seguíronse as indicacións establecidas no apartado 3.10 da "Guía básica de recomendacións para a aplicación dos métodos comúns de avaliación do ruído en Europa (CNOSSOS-EU)", onde se establece que, con carácter xeral, o solo compacto adoita ser reflector ( $G=0$ ), mentres que o solo poroso é absorbente, con coeficientes de absorción que chegan a acadar o seu valor máximo ( $G=1$ ) en terreos brandos tales como chans forestais, montes, céspede ou herba, etc.

Con respecto ao número de reflexións sonoras, configurouse o software con reflexións de ata 2º orde para realizar o cálculo do impacto acústico debido aos diferentes focos de ruído, segundo o indicado no apartado 5.1.2.7 da guía citada anteriormente.

### II.3.5.4. Tráfico viario

Debido á información coa que se contaba en fases anteriores, a gran maioría das vías modeláranse cun único eixo central ao que se asignaba os datos oficiais de aforo. O método CNOSSOS-EU incorpora modelos específicos para modelar a emisión de ruído en rotondas, recoller influencia da aceleración e desaceleración, así como a circulación en vías con pendente. Por tanto, para a presente revisión do MER tivéronse en conta as seguintes consideracións:

1. Desdobláronse eixos de estradas en vías de circulación en ambos os sentidos.
2. Procedéronse a modelar adecuadamente as rotondas máis relevantes da cidade.
3. Para asignar aforamentos a aquelas vías das que non se dispón información procedeuse a realizar unha categorización de vías, segundo o tipo de tráfico que circula por eles.
4. Configuráronse os eixos viarios para considerar de maneira automática a pendente de cada un, en base á adaptación ao terreo destes.
5. Modelado de aceleración/desaceleración:
  - a. Non se considera os efectos de aceleración/desaceleración nas vías limitadas a 20 e 30 km/h.
  - b. Non se considera os efectos de aceleración/desaceleración nas vías limitadas a 20 e 30 km/h.

Categorización de vias:

Para unha axeitada asignación de tráfico a cada un dos eixos viarios do municipio estableceuse unha categorización destes en 7 clases, co obxecto de garantir que a variación de nivel de ruído entre categorías contiguas non exceda 3 dBA, o que equivale a que a Intensidade Media Diaria (IMD) de vehículos dunha clase nunca excede o dobre da clase inmediatamente inferior.

Categorización de vehículos:

O modelo CNOSSOS inclúe 5 categorías de vehículos de tráfico rodado:

1. Vehículos lixeiros (turismos, todoterreos, camionetas de ata 3,5 toneladas, remolques e caravanas).
2. Vehículos pesados medianos: vehículos pesados de dous eixos (camionetas e camiós entre 3,5 e 12 toneladas, autobuses e auto caravanas).
3. Vehículos pesados: vehículos pesados de máis de dous eixos (autobuses, camionetas e camiós pesados).
4. Vehículos de dúas rodas, tres e catro rodas, diferenciando entre categoría 4ª (ciclomotores) e categoría 4b (motocicletas de maior cilindrada, con e sen sidecar, triciclos e cuadríciclos).
5. Categoría adicional (aberta, reservada a vehículos eléctricos, etc.).

As instrucións de entrega dos MER establecen a obrigação de desagregar a información dos aforamentos de tráfico nas 4 primeiras sendo a quinta opcional. Para abordar o modelado e realizar unha adecuada distribución do tráfico viario, seguíronse os seguintes criterios:

- Realizar contas manuais, coincidindo coa campaña de medición acústica para o procedemento de validación (apartado 9), do número e da categoría de vehículos que circulan polos eixos viarios de diferente tipoloxía seleccionados para iso.
- Calcular, en base aos datos recollidos, a distribución en porcentaxe media de cada categoría de vehículos para cada tipo de vía.
- Non asignar ningún vehículo á clase adicional (vehículos eléctricos, etc.) por ser pouco significativa.
- Aplicar as condicións de circulación específicas de Vigo, como é a prohibición de circular vehículos pesados en todo o centro urbano da cidade (o que implica un 0% de vehículos de categoría 3 en vías de tipo 2, 4, 5, 6, e 7) e a influencia dos itinerarios de circulación dos devanditos vehículos habilitados na "Ordenanza Municipal Reguladora das Operacións de Carga e Descarga de Mercadorías nas Vías Urbanas" do Concello de Vigo.

#### 4.2.5. Tráfico ferroviario

Incorporouse a información achegada por ADIF, seguindo as indicacións do documento "Guía para a aplicación do método CNOSSOS-EU na modelización do ruído producido polas circulacións ferroviarias nas infraestruturas de ADIF e ADIF AV/AV" de ADIF, así como da "Guía básica de recomendacións para a aplicación dos métodos comúns de avaliación do ruído en Europa (CNOSSOS-EU)". Neste sentido, configuráronse os eixos ferroviarios coas correspondentes IMD e velocidades máximas achegadas por ADIF para cada un dos períodos horarios e incorporado nas proximidades da estación ferroviaria de Guixar os adecuados protocolos de aceleración/desaceleración para simular o proceso de saída/chegada de trens.

#### 4.2.6. Focos industriais

Incorporouse ao MDT de Vigo a información dispoñible sobre focos industriais, a súa localización e a súa correspondente potencia acústica.



## Concello de Vigo

### 4.2.7. Edificación

Actualizouse a capa de edificación a partir da información subministrada polo Concello de Vigo e a publicada na Sede Electrónica do Catastro, e asignado a cada un dos edificios a información censual correspondente a decembro de 2021.

## II.4.- ANÁLISE DE RESULTADOS

A revisión do mapa proporciona uns resultados globais do termo municipal, e non atende a situacións particulares concretas que deben ser obxecto dun estudo concreto e pormenorizado.

Os resultados refírense a solo exposto, poboación exposta ás distintas fontes de ruído: tráfico viario, ferrocarril, actividade industrial e global (todas as anteriores), nos horarios día, tarde, noite e global dita-tarde-noite, aténdonos o índices de ruído establecidos nas distintas áreas acústicas como obxectos de calidade acústica para ruído aplicables á áreas urbanizadas existentes (Anexo II do Rd 1367/2007, de 19 de outubro).

Os obxectos de calidade acústico establecidos na referida norma e recollidos no mapa son os seguintes:

Táboa 4 - Obxectivos de calidade acústica para ruído aplicables a áreas urbanizadas existentes

Tipo de área acústica		Índices de ruído		
		Ld	Le	Ln
e	Sectores do territorio con predominio de solo de uso sanitario, docente, e cultural que requira unha especial protección contra a contaminación acústica.	60	60	50
a	Sectores do territorio con predominio de solo de uso residencial	65	65	55
d	Sectores do territorio con predominio de solo de uso terciario distinto do contemplado en c)	70	70	65
c	Sectores do territorio con predominio de solo de uso industrial.	73	73	63
b	Sectores do territorio con predominio de solo de uso industrial.	75	75	65
f	Sectores do territorio afectados a sistemas xerais de infraestruturas de transporte, ou outros equipamentos públicos que os reclamen (1)	(2)	(2)	(2)

(1) Nestes sectores do territorio adoptaranse as medidas axeitadas de prevención da contaminación acústica, en particular, mediante a aplicación das tecnoloxías de menor incidencia acústica de entre as mellores técnicas dispoñibles, de acordo co apartado a), do artigo 18.2. da lei 37/2003, de 17 de novembro.

(2) No límite do perímetro destes sectores do territorio non se superarán os obxectivos de calidade acústica para ruído aplicables ao resto de áreas acústicas lindeiras con eles.

Nota. Os obxectivos de calidade aplicables ás áreas acústicas están referenciados a unha altura de 4 m.

Estes índices de ruído establecidos como obxectivos de calidade acústica aplicables a áreas urbanizadas considerase na fachada exterior da edificación segundo o establecido na lei.

As conclusións globais relativas ó documento do MER do Concello de Vigo, ano 2022, fase 4ª, tomando como referencia os criterios de afección  $L_d > 65$  dBA,  $L_e > 65$  dBA,  $L_n > 55$  dBA e  $L_{den} > 65$  dBA (fachada exterior do edificio), reflicte os seguintes resultados que se recollen en táboas:

#### II.4.1.- Solo total exposto.-

Dos datos globais obtidos con todos os focos de ruído activos (isto é, tráfico viario, tráfico ferroviario e focos industriais) conclúese que aproximadamente un 13% do territorio de Vigo está exposto a niveis de ruído nocturnos  $L_n$  superiores a 55 dBA e globais  $L_{den}$  superiores a 65 dBA.

#### II.4.2.- Poboación total exposta.-

En canto á poboación exposta, os resultados obtidos conclúen que menos dun 20% dos habitantes de Vigo están expostos a niveis de ruído en períodos de día  $L_d$  e de tarde  $L_e$  superiores a 65 dBA, cifra que se eleva ata case o 29% no período global de 24 horas,  $L_{den}$ . No que respecta ao período nocturno, pouco máis do 27% da poboación está exposta a niveis de ruído  $L_n$  superiores a 55 dBA.

#### II.4.3.- Resultados por fontes de ruído.

A principal fonte de ruído que afecta á superficie do municipio segue a ser o tráfico viario, moi por encima do tráfico ferroviario e dos focos industrias.

##### a) Ruído industrial:

- Superficie exposta: No que respecta ao ruído industrial, isto é, o debido tanto á actividade industrial do municipio como a aqueles focos puntuais, lineais ou superficiais de ruído asociados dun modo ou outro á esta, conclúese que menos do 0,5% da superficie de Vigo está exposta a niveis de ruído en período día,  $L_d$ , en período tarde,  $L_e$ , ou en período 24 h,  $L_{den}$ , superiores a 65 dBA. Pola noite, pola súa banda, a porcentaxe de solo exposto a niveis de ruído  $L_n$  superiores a 55 dBA incrementase lixeiramente, ata alcanzar o 0,1% da superficie total do municipio.

- Poboación exposta: No referente á poboación exposta, conclúese que menos dun 0,5% dos habitantes están expostos a niveis de ruído en períodos de día,  $L_d$ , de tarde,  $L_e$ , e global 24 horas,  $L_{den}$ , superiores a 65 dBA. Pola noite, ao redor dun 1,4% da poboación está exposta a niveis de ruído  $L_n$  superiores a 55 dBA.

##### b) Tráfico ferroviario:

No que respecta ao ruído que xera o tráfico ferroviario de Vigo, compróbase que basicamente contribúe á afección acústica a liña de ferrocarril que parte da/termina na Estación de Guixar, tendo en conta que a que deriva na Estación de Urzáiz, a cal soporta a maior parte do tráfico ferroviario de Vigo, transcorre integramente baixo terra ata máis aló dos límites municipais. Neste sentido, tendo en conta o tráfico residual de trens que circulan dende ou cara a Guixar en comparación con Urzáiz (segundo os datos de IMD facilitados por ADIF en marzo de 2022), conclúese que a exposición nocturna por encima



## Concello de Vigo

dos 55 dBA tanto do solo como da poboación mantense nunhas porcentaxes practicamente desprezables, ao igual que para os períodos de día, tarde e 24 horas, neste caso para niveis de ruído  $L_d$ ,  $L_e$  e  $L_{den}$  superiores a 65 dBA.

### c) Tráfico viario:

Tódolos eixes viarios:

- Superficie exposta: O tráfico viario é, por tanto, a fonte de ruído predominante na aglomeración de Vigo. Dos cálculos realizados conclúese que, debido ao tráfico que circula diariamente polos diferentes eixos viarios do municipio, preto dun 9% do solo municipal está exposto a niveis de ruído en período día,  $L_d$ , e en período tarde,  $L_e$ , superiores a 65 dBA, porcentaxe que sobe ata o 12% para o período 24h,  $L_{den}$ . Pola noite, pola súa banda, a porcentaxe de solo exposto a niveis de ruído  $L_n$  superiores a 55 dBA sitúase lixeiramente por encima do 12% da superficie total.

- Poboación exposta: En canto á poboación exposta, ao redor dun 20% da poboación de Vigo vese exposta a niveis de ruído día  $L_d$  e tarde  $L_e$  superiores a 65 dBA, alcanzando o 28,3% no caso do índice  $L_{den}$ . Pola noite, ao redor dun 26% da poboación está exposta a niveis de ruído  $L_n$  superiores a 55 dBA.

Grandes eixes viarios:

Segundo o requirido na revisión do MER correspondente á 4ª fase, débese analizar por separado a afección acústica debida ao tráfico que circula polos grandes eixos viarios. No caso de Vigo, os grandes eixos viarios que teñen incidencia no municipio son os seguintes:

- Autoestrada AP-9. Administración: Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana
- Autovía AP9-V. Administración: Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana
- Autovía VG-20. Administración: Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana
- Autovía A-55. Administración: Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana
- Autoestrada AG-57. Administración: Xunta de Galicia

- Superficie exposta grandes eixos viarios: O resultados obtidos conclúen que aproximadamente un 6% do solo vese afectado por niveis de ruído  $L_d$  e  $L_e$  superiores a 65 dBA, polo tráfico que circula por estes grandes eixos, chegando ata preto do 8% no caso do índice  $L_{den}$ . Pola noite, a porcentaxe de solo exposto a niveis de ruído  $L_n$  superiores a 55 dBA sitúase lixeiramente por debaixo do 9% da superficie total do municipio.

- Poboación exposta grandes eixos viarios: A poboación exposta ao ruído que xera o tráfico que circula polos grandes eixos viarios, aproximadamente un 2% desta vese afectada por niveis de ruído  $L_d$ ,  $L_e$  e  $L_{den}$  superiores a 65 dBA, e por niveis nocturnos  $L_n$  superiores a 55 dBA.

### II.4.3.- Conclusión final de resultados obtidos

Para realizar unha análise xeral da afección acústica no exterior dos edificios do Concello de Vigo, tomáronse como referencia os niveis de ruído de 65 dBA para os períodos día (índice  $L_d$ ), tarde (índice  $L_e$ ) e período completo 24 horas (índice  $L_{den}$ ) e os 55 dBA para o período nocturno (índice  $L_n$ ). Deste xeito, en base á pegada de ruído a 4 metros de altura obtida nesta 4ª Fase, conclúese que o 18,3% e o 19,5% da poboación de Vigo está exposta, respectivamente, a niveis de ruído en fachada  $L_d$  (día) e

Le (tarde) superiores a 65 dBA, chegando ao 28,9% no caso do índice global Lden. Doutra banda, no caso do período nocturno, a porcentaxe de poboación exposta a niveis de ruído en fachada Ln superiores a 55 dBA sitúase no 27,2%.

Do documento de revisión conclúese que a principal fonte de ruído de Vigo radica no tráfico viario, moi por diante dos focos de ruído industrial e do tráfico ferroviario, sendo aquel o responsable do 95% da afección de poboación a niveis nocturnos Ln superiores a 55 dBA e alcanzando o 98% no caso de niveis globais de ruído Lden superiores a 65 dBA.

Desde a publicación do primeiro Plan de Acción contra o Ruído (PAR), o Concello de Vigo mantivo unha marcada liña de acción contra a contaminación acústica e mellora da habitabilidade da cidade, poñendo en marcha un ambicioso plan de humanizacións, control de tráfico nesta e outras medidas. O novo modelo de cálculo CNOSSOS-EU utilizado nesta revisión do MER, ao caracterizar dunha forma máis precisa o comportamento do tráfico rodado, reflicte mellor a realidade da circulación diaria de vehículos e o impacto das humanizacións sobre o confort acústico da cidade.

### **III.- FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

#### III.1.- Normativa de aplicación

- Constitución Española de 1978.
- Directiva 2002/49/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de xuño de 2002, sobre avaliación e xestión do ruído ambiental.
- Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído (estatal).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- RD.1513/2005, do 16 de decembro, de desenvolvemento da L.37/2003 (avaliación e xestión do ruído ambiental).
- RD. 1367/2007, de 19 de outubro, de desenvolvemento da L.3/2003 (zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas).
- Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.
- Demais normativa de concordante aplicación.

#### III.2.- Consideracións xurídicas

A Directiva 2002/49/CE e a Lei 37/2003 do 17 de novembro do Ruído establecen a obriga para as aglomeracións urbanas de facer un Mapa de Ruído que permita unha avaliación global da exposición á contaminación acústica dun territorio e poboación, realizar predicións globais, posibilitar a adopción fundada de plans de accións e medidas correctoras axeitadas.

A disposición adicional primeira da citada Lei 37/2003, do 17 de novembro, establece a obriga de aprobar os mapas de ruídos, nas aglomeracións con máis de 250.000 habitantes como é o caso de Vigo, antes do 30/06/2007.

Tamén, o artigo 16 da Lei 3/2003 do ruído establece que “os mapas de ruído haberán de revisarse e, no seu caso, modificarse cada cinco anos a partir da data da súa aprobación”.





## Concello de Vigo

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en data do 10 de marzo de 2008, aprobou o Mapa de ruídos do Concello de Vigo, ano 2007, fase 1ª.

A Xunta de Goberno Local en data do 08 de agosto de 2013, aprobou definitivamente a revisión do mapa estratéxico de ruído do Concello de Vigo, ano 2012, fase 2ª,

A Xunta de Goberno Local en data do 06 de setembro de 2018, aprobou definitivamente a Revisión do Mapa Estratéxico de Ruído (MER) do Concello de Vigo, ano 2017, fase 3ª.

A concellería delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable encargou no ano 2022, a revisión (fase 4ª) do citado Mapa Estratéxico de Ruído (MER) á entidade Sonen, Centro de Acústica e Servizos de Telecomunicacións, S.L., coa supervisión e control de calidade da Universidade de Vigo: Sonitum Atlantic, cuxo documento presentado en data do 13 de xuño de 2022 (doc. 220128374), é obxecto do presente informe.

Ao abeiro do artigo 16 en relación co 14 da citada Lei 37/2003, de 17 de novembro, é preciso a aprobación do documento de revisión do ano 2022 (fase 4ª) tralo trámite de información pública por un período de un mes.

Ao abeiro do artigo 83 en relación co 45.3. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do PACAP, o período de información pública do procedemento anunciarase mediante a inserción de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, con indicación do lugar de exhibición do expediente, que será accesible a través de medios electrónicos, con indicación do prazo para formular alegacións, neste caso un mes.

A documentación de revisión do Mapa Estratéxico de Ruído do Concello de Vigo, ano 2022, fase 4ª, contén os contidos mínimos esixidos pola normativa de aplicación, en especial, a Directiva 2002/49/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de xuño de 2002; Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído (estatal); RD.1513/2005, do 16 de decembro, de desenvolvemento da L.37/2003 (avaliación e xestión do ruído ambiental); RD 1367/2017, de 19 de outubro, de desenvolvemento da Lei 37/2003 (zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas), D. Autonómico 106/2015, de 9 de xullo, nos aspectos obxecto da revisión.

A competencia para aprobación da revisión do mapa de ruído corresponde ó alcalde ó abeiro do establecido no artigo 124.4.ñ) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. Non obstante, a dita competencia foi delegada na Xunta de Goberno Local en virtude da resolución de delegacións de competencias do alcalde no referido órgano de data 18/06/2019.

Por todo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

### ACORDO

**PRIMEIRO:** Aprobar inicialmente o documento de Revisión do Mapa Estratéxico de Ruído (MER) do Concello de Vigo, ano 2022, fase 4ª, redactado pola entidade Sonen, Centro de Acústica e Servizos de Telecomunicacións, S.L., supervisado pola Universidade de Vigo: Sonitum, Atlantic, en formato dixital, asinado dixitalmente con data de 13 de xuño de 2022, por encargo da Concellería de Medio Ambiente do Concello de Vigo, a teor do mandato contido na Directiva 2002/49/CE, do 25 de xuño de 2002 e na Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído (exp. Nº 15859/306).

**SEGUNDO:** Someter a documentación da revisión do Mapa Estratéxico de Ruído (MER) do Concello de Vigo, ano 2022, fase 4ª, ó trámite de información pública polo prazo de un mes, contado desde a publicación do correspondente anuncio no BOP de Pontevedra, a fin de que as persoas que o desexen poidan formular as correspondentes alegacións, observacións e suxestións.

**TERCEIRO:** A documentación da revisión do Mapa Estratéxico de Ruídos (MER) do Concello de Vigo en formato dixital estará a disposición do público en xeral na páxina web do Concello de Vigo, no seguinte enderezo da internet: <http://www.vigo.org> (Servizos Cidade, Medio Ambiente, Situación Medioambiental) e no portal de transparencia. Tamén, poderá consultarse nun sistema do servizo municipal de Medio Ambiente, planta segunda da casa do concello.

**CUARTO:** Comunicar este acordo aos Servizos Municipais interesados, Área de Seguridade, Área de Fomento, Xerencia de Urbanismo e a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia.

**ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DAS ACTUACIÓNS ARTÍSTICAS, RIDER E CÁTERING PARA O II FESTIVAL INTERNACIONAL VIGO JAZZ – CLASS 2022, DENTRO DO PROGRAMA “VIGO EN FESTAS 2022”. EXPTE. 9243/335.
- .- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ACTUACIÓN ARTÍSTICA, RIDER E CATERING DE “TANXUGUEIRAS e LAURA LAMONTAGNE & PICOAMPERIO” DENTRO DO “PROGRAMA DE ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2022” EXPTE. 9235/335.
- .- ACEPTACIÓN DE SOLICITUDES DA CONVOCATORIA DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL CON ENTIDADES PRIVADAS PARA ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS E DE INTERESE XERAL ORGANIZADAS POLO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 9226/335.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible



## Concello de Vigo

conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

### **23(543).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DAS ACTUACIÓNS ARTÍSTICAS, RIDER E CÁTERING PARA O II FESTIVAL INTERNACIONAL VIGO JAZZ – CLASS 2022, DENTRO DO PROGRAMA “VIGO EN FESTAS 2022”. EXPTE. 9243/335.**

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 22/06/2022 e o informe de fiscalización do 23/06/2022, dáse conta do informe-proposta de data 17/06/2022, asinado pola xefa do Servizo de Festas e polo concelleiro delegado de área, que di o seguinte:

#### 1.- ANTECEDENTES

Con data 18 de maio de 2022 o Concelleiro Delegado da Área de Participación Cidadá e Festas, ditou orden de inicio de expediente (artigo 116 LCSP) para a contratación do servizo das **actuacións artísticas, rider e cátering para o II Festival Internacional Vigo Jazz – Class 2022** que terá lugar na Praza de Compostela de Vigo os días 5 a 9 de Xullo de 2022, dentro do programa “Vigo en Festas 2022”. No expediente consta:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP) asinada pola Xefa de Servizo de Festas con data do 18/05/2022 e a resolución do concelleiro delegado que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 18 de maio 2022.
- Memoria económica, de data 20 de maio de 2022
- Documento económico, de data 23 de maio de 2022
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 14 de xuño de 2022
- Memoria xustificativa, de data 14 de xuño de 2022, relativa aos seguintes extremos:
  - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP)
  - Xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116 LCSP).
  - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP).

- Xustificación do prazo de duración do contrato e de execución da prestación (artigo 29 LCSP).
- Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
- Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
- Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
- Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP).
- Xustificación da non necesidade de fixar un prazo de garantía (artigo 67.2.t RLCAP).
- Establécense como tarefas críticas a actuación musical que non poderá ser obxecto de subcontratación por tratarse de prestacións personalísimas. (artigo 215 LCSP).
- Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
- Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Informe do servizo de contratación do 15 de xuño de 2022
- Prego de cláusulas administrativas do 15 de xuño de 2022

Por todo o exposto, e previo informes xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **acordo**:

**Primeiro:** Aprobar o expediente de contratación polo procedemento **negociado sen publicidade** e tramitación **ordinaria** do contrato da prestación do servizo das **actuacións artísticas, rider e cátering para o II Festival Internacional Vigo Jazz – Class 2022** que terá lugar na Praza de Compostela de Vigo os días 5 a 9 de Xullo de 2022, dentro do programa “Vigo en Festas 2022”.

**Segundo:** Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 14 de xuño de 2022 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do 15 de xuño de 2022 redactado pola Xefa do Servizo de Contratación.

**Terceiro:** Autorizar o gasto polo importe base de licitación **81.070,00 euros**, sendo o valor estimado do contrato de **67.000,00 euros** con cargo a aplicación orzamentaria á aplicación 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas para o vixente exercicio económico



## Concello de Vigo

**Cuarto:** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **24(544).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ACTUACIÓN ARTÍSTICA, RIDER E CATERING DE “TANXUGUEIRAS e LAURA LAMONTAGNE & PICOAMPERIO” DENTRO DO “PROGRAMA DE ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2022” EXPTE. 9235/335.**

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 22/06/2022 e o informe de fiscalización do 23/06/2022, dáse conta do informe-proposta de data 23/06/2022, asinado pola xefa do Servizo de Festas e polo concelleiro delegado de área, que di o seguinte:

#### 1.- ANTECEDENTES

Con data 23 de maio de 2022 o Concelleiro Delegado da Área de Participación Cidadá e Festas, ditou orden de inicio de expediente (artigo 116 LCSP) para a contratación do servizo da **actuación artística, rider e catering para o concerto de “TANXUGUEIRAS e LAURA LAMONTAGNE & PICOAMPERIO”** o día 30 de Xullo de 2022 no Auditorio de Castrelos e dentro do programa “Vigo en Festas 2022”. No expediente consta:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP) asinada pola Xefa de Servizo de Festas con data do 21/05/2022 e a resolución do concelleiro delegado que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 23 de maio 2022.
- Memoria económica, de data 8 de xuño de 2022
- Documento económico, de data 19 de xuño de 2022
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 9 de xuño de 2022
- Memoria xustificativa, de data 9 de xuño de 2022, relativa aos seguintes extremos:
  - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP)
  - Xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116 LCSP).
  - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP).
  - Xustificación do prazo de duración do contrato e de execución da prestación (artigo 29 LCSP).

- Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
- Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
- Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
- Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP).
- Xustificación da non necesidade de fixar un prazo de garantía (artigo 67.2.t RLCAP).
- Establécense como tarefas críticas a actuación musical que non poderá ser obxecto de subcontratación por tratarse de prestacións personalísimas. (artigo 215 LCSP).
- Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
- Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Informe do xervizo de contratación do 16 de xuño de 2022
- Prego de cláusulas administrativas do 16 de xuño de 2022

Por todo o exposto, e previo informes xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **acordo**:

**Primeiro:** Aprobar o expediente de contratación polo procedemento **negociado sen publicidade** e tramitación **ordinaria** do contrato da prestación do servizo da actuación artística, rider e catering para o concerto de **“TANXUGUEIRAS e LAURA LAMONTAGNE & PICOAMPERIO”** o día 30 de Xullo de 2022 no Auditorio de Castrelos e dentro do programa “Vigo en Festas 2022”.

**Segundo:** Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 9 de xuño de 2022 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do 16 de xuño de 2022 redactado pola Técnica de administración Xeral do Servizo de Contratación.

**Terceiro:** Autorizar o gasto polo importe base de licitación **68.970,00 euros**, sendo o valor estimado do contrato de **57.000,00 euros** con cargo a aplicación orzamentaria á aplicación 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas para o vixente exercicio económico

**Cuarto:** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.



## Concello de Vigo

### **ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **25(545).- ACEPTACIÓN DE SOLICITUDES DA CONVOCATORIA DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL CON ENTIDADES PRIVADAS PARA ACTIVIDADES SOCIOCULTURAS E DE INTERESE XERAL ORGANIZADAS POLO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 9226/335.**

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 29/06/2022, dáse conta do informe-proposta de data 29/06/2022, asinado pola xefa do Servizo de Festas e polo concelleiro delegado de área, que di o seguinte:

Con data 2 de xuño de 2022 a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria aprobou as bases reguladoras e convocatoria de convenios de colaboración empresarial con entidades privadas para actividades socioculturais e de interese xeral organizadas polo Concello de Vigo”.

Con data 8 de xuño de 2022 foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, a “convocatoria de convenios de colaboración empresarial con entidades privadas para actividades socioculturais e de interese xeral organizadas polo Concello de Vigo” xunto cos anexos I e III. En concreto para o programa: VIGO EN FESTAS 2022.

No prazo establecido na bases da convocatoria, comprendido entre o 9 de xuño e o 23 de xuño, presentouse a seguinte entidade:

ENTIDADE	CIF	TIPO DE COLABORACIÓN	VALORACIÓN ECONOMICA
CORPORACIÓN HIJOS DE RIVERA	B-703113507	- MONETARIA - ESPECIE/MEMORIA	100.000 € 2.553.000 €

O día 27 de xuño de 2022, de acordo co establecido na base novena das reguladoras de convenios de colaboración empresarial con entidades privadas para actividades socioculturais e de interese xeral organizadas polo Concello de Vigo, reúnese a Comisión de avaliación e que está composta por:

O Concelleiro de Participación Cidadá e Festas, D. Pablo L. Estévez Rodríguez en calidade de Presidente e a Xefa do Servizo de Festas, D<sup>a</sup> M. Cristina Chao Polo, en calidade de Secretaria.

A comisión acepta a única a proposta achegada xa que a marca e o produto se adecúa ao tipo de actividade programada.

En canto ao contido da proposta a Comisión decide non admitir a achega en especie proposta na Memoria, ao tratarse de accións non directamente vinculadas coas actividades do programa de Vigo en Festas 2022.

Non resulta necesario facer unha valoración da puntuación acadada ao existir soamente unha proposta que valorar.

A vista do antedito, PROPONSE Á Xunta de Goberno Local :

**Primeiro.-** Aceptar a solicitude presentada pola empresa CORPORACIÓN HIJOS DE RIVERA, CIF B-703113507 pola achega monetaria de 100.000 €.

**Segundo.-** Non aceptar a solicitude presentada pola empresa CORPORACIÓN HIJOS DE RIVERA, CIF B-703113507 pola achega en especie.

Terceiro.- Comunicar á empresa solicitante a aceptación da súa participación como colaborador do programa VIGO EN FESTAS 2022.

**Terceiro.-** Asinar entre o Concelleiro de Participación Cidadá e Festas e a entidade solicitante a proposta de convenio recollido no anexo II da convocatoria.

**ACORDO:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**26(546).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se formularon.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/rs.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro.





**Concello de Vigo**

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez